

ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 25 DE OUTUBRO DE 2019

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 25 de outubro de 2019, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG:

D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Gerardo Seoane Fidalgo.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: videoacta.depourense.es

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO 27 DE SETEMBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do 27 de setembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do 27 de setembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2020 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2020.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: bos días a todas e todos e a aqueles que nos seguen a través da conexión en directo. Simplemente quero dicir, pola información que eu teño, entendo que o servizo funciona correctamente. É un servizo que é necesario e todos aqueles consorcios da provincia fan un traballo estupendo cando se lles necesita; pero o que boto en falta que se explicita dunha maneira máis detallada, ou máis transparente, a partida de gastos: traballos realizados por outras empresas e profesionais. Estudos

e traballos técnicos, que é o 85,5% do orzamento. Entendo que é o gasto que se lle repercute á empresa concesionaria do Consorcio Provincial, pero entendo que, ao mellor, por parte do Grupo de Goberno estaría ben que para o vindeiro orzamento do ano 2021 se puidera traer un pequeno informe onde se explique un pouco pormenorizadamente en que se gastan eses 3.643.508,70 €. Nada máis. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: bos días. O problema que temos dende o BNG neste punto é basicamente de fondo, reclamamos unha xestión pública dos servizos contra incendios e salvamento e unha reorganización dos equipos dispoñibles a nivel provincial. Nesta provincia existen bombeiros adscritos a este Consorcio: Valdeorras, Xinzo-Verín, Carballiño-Ribeiro; adscritos á Mancomunidade de Celanova, a unha Asociación dun Parque empresarial, como é o caso de San Cibrao; existen os GES (ás veces superpostos cos Parques, pero sen vehículos de extinción como é o caso de Pereiro de Aguiar). Todo un revoltito que fai que aínda este martes, á unha da mañá, chamaran ao servizo de Protección Civil de Allariz para a busca dunha persoa desaparecida, para cubrir un servizo que tería que se cuberto por profesionais con voluntariado; porque, neste caso, non estamos cubertos por ningún GES. Por non falar do tema das vespas velutinas que daría para un tratado de como se fai a xestión dese grave problema. Mentres, temos un Consorcio que só cubre algunhas zonas da provincia; perdón, só cubre algunhas zonas da provincia, a pesares de ser provincial. Conta cun batiburrillo de persoal público - algún recente incorporado á súa praza creada *ad hoc*- e outros privados, incluso con problemas de investigación por enchufismo. Teño que defender aquí a profesionalidade, con todo, dos bombeiros cos que teño compartido actuación e sempre se teñen comportado dun xeito profesional, pero isto non quita un ápice de razón a que este servizo básico debería ser integramente público e coordinado con todas as administracións como Medio Rural ou o Concello de Ourense. Por iso non podemos aprobar uns orzamentos de 4,2 millóns de euros para un xeito de xestionar que, dende logo, o BNG non comparte. Nada máis e moitas grazas.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista: bo día, grazas señor presidente. Bo día a todos e a todas. O noso voto vai a ser contrario aos orzamentos do Consorcio e non porque non queiramos que o Consorcio non teña orzamento para o seu funcionamento, que os ten que ter, senón polo modelo de xestión deste. A xestión actual da prestación actual do servizo de salvamento dos parques dependentes do Consorcio Provincial de Ourense é unha xestión directa adjudicada a VEICAR por catro anos e 17,5 millóns de euros e comezou en febreiro de 2017; polo que remataría a principios do ano 2021. Catro parques: Carballiño-Ribeiro, Xinzo-Verín e

Valdeorras, cun total de 73 empregados, segundo os datos da páxina web de VEICAR, que deberían de ser máis segundo os pregos que estivemos vendo, pero en todo caso é o que hai no momento. No ano 2016 os presidentes das Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra empezaron un diálogo coa Xunta de Galicia para propoñerlle, como cofinanciadora que é dos consorcios provinciais, a necesidade de ir a un modelo de xestión directa -é dicir, pública na súa totalidade- dos parques comarcais. O presidente da Deputación de Ourense, naquel momento, opúxose a este modelo. No ano 2019 a Xunta de Galicia e as Deputacións de Lugo e A Coruña xa aprobaron a xestión directa para prestación dos servizos contra incendios nos respectivos parques comarcais, Lugo xa a puxo en marcha antes do verán e A Coruña espera poder empezar a comezos do 2020. Segundo os cálculos dos técnicos, A Coruña con 178 traballadores vai aforrar ao ano 503.000 € e Lugo, con 117 traballadores, vai aforrar 260.000 € tamén anuais. A loita contra os incendios, as emerxencias e o salvamento son servizos públicos básicos e esenciais que non deben estar nas mans de conglomerados empresariais que licitamente teñen que buscar a rendibilidade e alcanzar uns beneficios. Non pode haber a máis mínima dúbida de que nunha actuación se empregan os medios humanos e materiais necesarios en tempo e forma. Por outra banda, estando o servizo financiado ao 100% con diñeiro público estamos vendo que hai opacidade nas contratacións. A concesionaria ten as mans practicamente libres para seleccionar ao persoal que lle dea a gana. Onde está o control dos principios de igualdade, mérito e capacidade que rexen calquera procedemento de contratación pública? Ás deputacións de Lugo e Coruña levoulle máis de ano e medio rematar o seu proceso de cambio de modelo. No Consorcio Provincial de Ourense, a pouco máis dun ano para rematar a concesión da actual adjudicataria, aínda non se expuxo que se quere facer co modelo de xestión. Vaise adoptar o modelo avalado pola Xunta de Galicia de xestión directa tal e como se está a facer nas outras tres deputacións galegas? Imos seguir coa teima de que o que é bo para Coruña, para Lugo, para Pontevedra non é bo para á provincia de Ourense? Ou será que xa teñen decidido prorrogarlle a concesión a VEICAR polos dous anos que permitiría a normativa? Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moi bos días, señor presidente e todos os que están presentes no salón de Plenos e que nos están seguindo vía web. Empezamos por orde, señor Bernardo Varela, se vostede di que, onte á noite, o 112 avisou ao seu Grupo de Protección Civil, evidentemente é un erro; no o que di vostede, senón o que fixo o 112. Entón, vostede o que ten que facer, como fixeron outros concellos da provincia, é remitir un informe ao 112 dicindo que se remitan á circular que lle mandou o Consorcio Provincial de Ourense onde os

concellos de Allariz e Xunqueira de Ambía pasaban a ser circunscrición do Consorcio Provincial de Ourense e isto fai máis de 2 anos e medio. Polo tanto, é responsabilidade do 112 atender mal ese aviso. Segundo, fala vostede da velutina. Como ben sabe iso é competencia de Medio Rural e isto é competencia da Dirección Xeral de Emerxencias. Entón, Medio Rural é o que distribúe as zonas e, polo tanto, pregunte vostede a que zona corresponde Allariz. Segundo, dona Montserrat Lama, podémolle facer eses datos, pero a *grosso modo*, como vostede di, o 85% do gasto é en pago a servizos dunha empresa porque é un prego de concesión de servizos, divida entre 12 meses e sáelle a mensualidade do que se lle paga á empresa máis o IPC. Non obstante, se hai aí horas de máis por actuacións, a toro pasado pódolle pasar un resumo das actividades anuais que non é ningún problema. Como saben vostedes, hai transparencia total e absoluta e o señor Aurentino pode dar fe diso porque pediu un informe o outro día no pleno do Consorcio e creo que en 2-4 días tivo o informe encima da súa mesa. Señor Aurentino, tomei nota aquí, vostede falou de diálogo; que a Deputación de Lugo, A Coruña e Pontevedra iniciaron un diálogo para a reversión do servizo. Mire, voulle a explicar. Entendo que vostede non controle do tema porque non estaba aquí. Mire, hai uns dous anos o Consello Galego de Riscos Laborais, a instancia da Intersindical de bombeiros de Galicia, debido a unha reforma da Lei laboral ou da Lei de acceso á contratación do sector público, dixeron que para a reversión dos servizos había que facer un acordo previo entre as institucións titulares dos servizos que representan (recordemos que o servizo non está privatizado, o servizo é público, o que está privatizado é a súa xestión), había que facer iso e un acordo entre os traballadores e das empresas concesionarias. Nesa reunión, a primeira deputación que dixo que estaba disposta a asinar ese acordo marco previo foi a Deputación de Ourense; dende o primeiro día. As outras tres deputacións non se puxeron de acordo no principio; ata poderíalle dicir que en reunións non formais, non lle podo dicir o que alí comentaban. Pero, Coruña e Lugo si, Coruña xa fixo cesión do servizo; *válgame Dios!* Se algún día nós o facemos como eles, dende logo... Vólvolle a dicir, se nós o facemos, ímolo facer ben: non como os de Lugo que é un pouco chafalleiro. Os de Coruña estano facendo, pero os de Pontevedra - nótase que vostede non estivo naquela reunión - os de Pontevedra non, non. Pregúntello á Intersindical de bombeiros que lle van a dicir quen era, cal era a deputación máis oposta ao acordo marco que se estaba asinando. Se quere, doulle eu o teléfono de Carlos López Font que eran quen levaba a negociación, pódello explicar que seguramente pon bastante luz no tema. Despois, xa non vou a entrar no tema do aforro e desas cousas porque iso pódenos dar para un bo debate e, se quere, un día no pleno do propio Consorcio podemos debater o aforro do que

vostede fala. De feito, cando nós teñamos que tomar a decisión (que a tomaremos) evidentemente vamos a ter enriba da mesa números e eses números, dende logo, non van a ser os que vostede acaba de dicir. Porque os números non son facer unha táboa de Excel e aquí sumo o IVE e o valor industrial e do outro lado llo quito e iso é o que aforro; non, os números son outra cousa. Unha concesión de servizos leva consigo outras cousas que van máis alá do que vostede me acaba de dicir. Despois vostede di que non sei que do acceso, que tal... mire, simplemente lle vou a ler un extracto dun fallo xudicial, aquí pon: *de dicha convocatoria no se desprende que se produzca discriminación alguna por razón de nacionalidad, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición personal o social; siendo las bases iguales para todos los aspirantes a ocupar las plazas ofertadas.* Iso pono a sentenza, se quere despois pásolla. *Desestimando el recurso tramitado a instancia de los referidos contra el Consorcio Provincial de Incendios. Debemos confirmar y confirmamos dicha sentencia.* Vale, en primeira e en segunda instancia. En primeira instancia, se a teño aquí, pódolla dicir que pon aquí o seguinte: *absuelvo a los demandados de las pretensiones en su contra esgrimidas.* Se quere, sígolle lendo que tiña aquí outro subliñado (vostedes sempre están aí con esa *retahila*, creo que por aí van mal e toda a documentación que queira ao respecto se lles vai a pasar evidentemente, como non pode ser doutra maneira): *la conclusión final, por tanto, ha de ser la de desestimar el recurso y confirmar la sentencia de instancia. Por lo expuesto, desestimamos el recurso.* Nada máis. moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: as velutinas, como indicaba na primeira intervención, darían para un catálogo. En realidade, a Xunta o que fai é descargar a responsabilidade nos concellos, posto que non acude en ningún momento a axudarnos e se non damos chegado aos niños, alí quedan por moito que llo comuniquen. Por iso, ao mellor, tamén era bo que dende a Deputación se tomara algunha medida a este respecto, polo menos de presión cara a esa administración autonómica. Eu sigo insistindo, ao mellor é unha consideración que ten o BNG (polo que escoitaba agora tamén o Grupo Socialista) pero consideramos que sería unha mellor xestión a pública, a xestión directa dende a administración pública. Despois, unha cousa que si que creo que habería que reflexionar, o que comentaba do *batiburrillo* de distintas instancias, os GES, os servizos privados de parques empresariais, as dependentes de parques comarcais; considero que sería interesante, nalgún momento, artellar unha política que abranguera a toda a provincia e que dera uns servizos similares a todos os cidadáns da provincia posto que parece algo xusto. Con esa reflexión quedome. Moitas grazas.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista: vamos a ver, señor Pablo, con respecto ao tema do aforro, non son números feitos nunha táboa de Excel por este deputado, son números loxicamente feitos polos propios técnicos da Deputación da Coruña e Lugo; polo tanto nada que obxectar. Son números que están aí feitos polos técnicos, se eles din que iso é aforro, eu entendo que ese debe ser o aforro, senón non chegarían a esas conclusións. Con respecto ás denuncias públicas de irregularidades feitas pola Mesa, eu remítome ao que fixo a Mesa Intersindical de Bombeiros de Galicia. Eu tampouco son coñecedor directo de todas esas denuncias, non falo de denuncias xudiciais –que tamén as houbo–, senón de denuncias públicas de irregularidades con respecto aos procesos de selección e vostede é coñecedor delas porque lle chegaron, polo que a min se me transmitiu, probas de acceso a porta pechada onde só acceden os participantes, tempos adulterados nos procesos de selección, exclusión de concursantes sen causas xustificadas... Non son palabras miñas, son palabras do responsable da Mesa Intersindical de Bombeiros de Galicia. Logo, recentemente, neste verán temos as conversas telefónicas que a UDEF ten rexistrado e así o traspasou a famosa trama *Enredadera: el único que va a entrar es él, ¿cómo hace las prácticas tu hijo sin carnet?* Etc... Se iso non é nepotismo, se iso non é enchufismo... a ver que é o enchufismo e o nepotismo? Nós o que pretendemos con esta intervención é a de abrir ese debate de que dende esta deputación, se é posible, se inicie ese estudo de xestión pública/xestión privada; dende logo o PSOE está pola xestión pública, a xestión privada xa sabemos como funciona e, dende logo, en toda España vostede sabe tamén que a inmensa maioría dos parques de bombeiros son servizos públicos de xestión pública, privatizados hai moi pouquiños e vostede tamén o sabe. A pregunta vólvoa a repetir e é a mesma; é dicir, VEICAR ten esa posibilidade, ou temos esa posibilidade dende a Deputación de concederlle esa prórroga dentro dun ano, concederémoslla, non lla concederemos? Ou iniciaremos os procedementos? Esa é simplemente a cuestión, nada máis. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: aquí, o que traemos a votación é a aprobación do *presupuesto* do Consorcio Provincial de Incendios de 4.261.000 € que o dividimos en tres partes que é o persoal propio e gastos correntes das nosas infraestruturas, o pago á empresa que fai o servizo e a renovación de infraestruturas e material; o que fai, sen dúbida, que o noso Consorcio (en palabras súas) sexa o mellor de Galicia, o que mellor funciona e nestes momentos sexa un referente sen dúbida para as outras deputacións e iso o demostran as chamadas para ver como estamos organizando co servizo, como estamos facendo; un servizo, evidentemente, do que estamos plenamente satisfeitos. No que dicía o

señor Bernardo Varela, dicirlle que temos un mapa de emerxencias, que o temos case pechado, temos que acabar decidindo uns pequenos flequiños que hai e rematar coa comarcalización dos concellos que están ao redor do concello de Ourense. Con iso vai a quedar todo moi ben delimitado. Porque vostede non me falou da provincia en si, faloume do caso de Allariz e da velutina; pois todas esas cousas tenas que informar aos organismos pertinentes. Se vostede quere, eu pódolle botar unha man niso e dígolle a quen dirixirse. Sen nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourense (2), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento para o exercicio 2020, conforme co proxecto aprobado polo pleno do Consorcio o 8 de outubro de 2019, por importe de 4.261.000 €.

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez definitivamente aprobado o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2020.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Estamos falando da proposta de modificación da ordenanza do lixo, unha proposta feita polos técnicos desta institución e tamén é unha proposta que estivo explicada en comisións informativas e polo xefe de servizo don Javier Bobe. Polo tanto, este grupo provincial entende que é unha situación comprensible e entendemos que os concellos adheridos a este servizo deben atender a modificar as súas ordenanzas; así se fixo, o fixemos en Xinzo e eu votei a favor desta proposta, a sabendas de que é unha suba para os *bolsillos* de todos os nosos veciños, pero entendemos que hai que ser coherentes e responsables tanto esteamos no grupo de goberno, como na oposición. Polo tanto xa lles digo que eu vou a votar a favor. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: pola nosa parte entendemos a necesidade de facer este arranxo por unha medida, iso si, inaceptable tomada pola Xunta de Galicia e Sogama que mentres no 2014 impuñan unha suba unilateral do 35% do canon pagado por tonelada de lixo e llo imputaba aos concellos, a pesares dos contratos que estaban en vigor, neste ano toma a medida de reducir un 10% ese mesmo canon e si, neste caso, obriga aos concellos a reducir as taxas para poder ter este aforro; saltándose totalmente a capacidade de decisión municipal. Aquí debo subliñar que as taxas municipais de lixo, incluídas ás da Deputación Provincial, son francamente baixas para a complexidade que presenta a xestión de residuos que producimos cada un de nós: máis de 400 kg ao ano, e co problema engadido nesta provincia da dispersión dos nosos núcleos. Así, por exemplo, mentres en Ourense capital a taxa é de 125 €, na provincia a taxa de recollida diaria estaría nos 70 €; parece algo perverso porque é máis doado recoller o lixo na capitalidade que nos núcleos. Esta falta de realismo co tratamento do noso lixo é unha das eivas que fai que non se implementen medidas de redución e reutilización dos residuos; algo que Europa xa indicaba como obrigado para o 2020, facendo ver o que o 50% dos residuos non deberían ir aos vertedoiros. Isto, a día de hoxe, é unha mera ilusión nesta provincia. Debemos ter en conta que a redución do 10% que nos propón SOGAMA supón unha redución do 40% dos custos que é o que supón o canon de SOGAMA segundo nos trasladan os estudos dos técnicos da Deputación; iso son 2 euros ao cabo do ano. Creo que trasladamos unha mensaxe trabucada aos nosos veciños e veciñas, como dicía na comisión informativa, 50 ou 80 € ao ano por facerse cargo de todos os residuos dunha casa non son o problema; a cuestión é tomar medidas para non afogar ao planeta e a nós no lixo. É necesario e urxente implementar medidas que reduzan substancialmente os residuos que xeramos; sabendo

que isto terá un custo, pero xerará emprego de proximidade e axudará a loitar co cambio climático e a contaminación que compromete o futuro da humanidade. Polo tanto, entendemos esta proposta, é lóxico que se aproveite esa oportunidade que dá SOGAMA, pero a oportunidade de SOGAMA, ao mesmo tempo, consideramos que é envelenada e así se trasladou na FEGAMP e houbo unha oposición importante a esta medida que tomaba unilateralmente SOGAMA e que neste caso si nos obrigaba aos concellos a repercutilo nos veciños favorablemente, pero cando subiron ao 33,5% deixáronnos abandonados ao noso *albur*. Nada máis, moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: moi bo días a todas e a todos. Moi brevemente para sinalar que o noso grupo vai a votar a favor. Tal e como apuntaron os dous deputados que me precederon no uso da palabra, estamos ante a presenza dunha medida obrigatoria derivada da modificación do canon por parte de SOGAMA. Unha medida que xa adoptamos no Concello de Ourense e que non queda outra solución que adoptar. Poden existir outros debates, como apunta o señor Bernardo Varela, pero neste caso o debate é simplemente técnico; o de aprobar a modificación da ordenanza fiscal, polo tanto o noso voto é a favor.

D. Álvaro Vila Araújo, do PSOE: bo día a todas e a todos. Sobre a actualización das taxas, vamos a votar a favor; como ben dixeron os compañeiros, é algo obrigado e ímolo facer. Eu estes días estaba lembrando e, a verdade, non o tiña moi claro se cando oín as tres primeiras palabras: reciclar, reducir e reutilizar, se se estaba no bacharelato ou na universidade. Eu creo que esta deputación que dá servizo a 52 concellos (probablemente vai a dar a máis concellos) ten que ir un paso máis alá; é dicir, non podemos seguir co modelo de recollida actual onde os concellos non se ven motivados, incentivados para facer unha reciclaxe. A que vou?, estamos vendo sistematicamente como a Deputación, anualmente, fai a recollida, fai a recadación simplemente polo tema poboacional e chegado o momento lle fai a recadación aos concellos, independentemente que un concello que estea ao lado dun que faga plans de reciclaxe ou faga plans máis ambiciosos nese senso. Creo que o criterio poboacional témolo que rexeitar, temos tres anos de mandato para avanzar politicamente, porque esta é unha decisión política, de poder avanzar neste senso como xa fan outras cidades de Europa e outras provincias de Europa. Eu creo que nestes tres anos temos que ser capaces de poñer unha solución enriba da mesa para evitar isto. Por certo, e engadindo co debate anterior, esta é unha xestión pública que funciona nos concellos; unha xestión pública que vostedes quixeron privatizar no seu momento e que foi rexeitada por este grupo político. Hai sistemas, pero

temos que ser capaces de facer partícipe ao consumidor na orixe do material que trae ao lixo; é dicir, se nós seguimos con este sistema, probablemente nin o veciño na súa compra diaria, nin na súa levada ao lixo, nin na súa reciclaxe vai a estar incentivado en ningún momento. Polo tanto, nós instamos á Deputación, nestes tres anos, a que podamos ter un modelo superable ao que temos actualmente.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do PP: bo día a todos e a todas. Grazas señor presidente e bo día a todos os que nos están seguindo na web desta institución. Vou a ser moi breve, a cousa está bastante clara, xa se dixo aquí. En todo caso darei uns datos para clarificar o porqué desta decisión. Xa se dixo aquí que se trata de regularizar a ordenanza reguladora da recollida do lixo e puntos limpos, a fin de repercutir nas tarifas vixentes a bonificación do canon de SOGAMA. Para isto hai que cumprir dúas condicións antes do 28 de febreiro do ano 20 e esas cales son? pois redución do lixo (algo ao que temos que tender, como xa se apuntou aquí) e aumento da recollida selectiva que tamén temos que potencia decidadamente e logo repercutir, como tamén se apuntou aquí, o 10% de bonificación que aprobou a Xunta e nos ofrece SOGAMA, minorando as tarifas previstas na ordenanza vixente. E que modificacións se inclúen nesta proposta? Direinas brevemente. Rebaixa de todas as tarifas previstas na ordenanza nun 4,12% (xa se apuntaba no ditame da comisión) dado que o peso que tiña o canon de SOGAMA no 2018 no custo total do servizo era, precisamente, dun 41,20%. Modifícase a disposición adicional da ordenanza, como consta no ditame, na que se di literalmente que se establece unha bonificación única e transitoria a aplicar no primeiro ou único, depende se se fracciona o recibo ou hai un só, do ano 2020 o 4,12% da tarifa correspondente ao ano 2019. É dicir, no ano 2020 haberá a redución que correspondía ao recibo do ano 19 e a correspondente ao ano 20. Por dar un exemplo -a rebaixa é pequena pero aí está- as vivendas pasarán a pagar 2,39 € menos. E por pór outro exemplo moi típico no rural, como son cafeterías, bares e similares, pasarán a pagar 163,83 €. Inclúese tamén unha fórmula automática de revisión (importante este dato) das tarifas, ao estar prohibida a actualización que tiñamos todos o costume do IPC de cada ano, e quero dicir que os custos revisables de acordo con está fórmula aos que nos podemos ater supoñen o 95% do custos e os non revisables, aproximadamente, o 5%. Modifícase tamén o ámbito de aplicación da ordenanza, abarcando 37 concellos da provincia dos 52 aos que se lle presta o servizo neste momento, 15 teñen as súas propias ordenanzas, máis ben 14 porque hai un concello nesta provincia (non vou a dicir o nome porque a riqueza parece que existe nalgún) non cobra a

recollida de lixo. Tamén adianto que a Área de Medio Ambiente está facendo estudos, algúns deles moi avanzados, para a incorporación de 9 concellos máis a este servizo; polo tanto pasaríamos de prestarlle o servizo a 52 concellos, ata pode que no ano 20 sexan 61. En resumo, todos se adhiren a esta modificación salvo Toén e digo Toén referíndome aos que tiñan ordenanza aprobada por esta Deputación Provincial. Quero dicir tamén que dous concellos, Paderne e Chandrexa, non modifican ordenanza (autonomía municipal) e xa digo, hai algún concello que non cobra o lixo, polo tanto non ten nada que modificar; agora si, repercutiráselle os custos que correspondan, que non temos por que sufrir os demais concellos aos que nos prestan ese servizo. Nada máis e moitas grazas

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, publicada no BOP de 4 de setembro de 2014, no seguinte sentido:

a) Modifícase o artigo 1.1, quedando redactado do seguinte xeito:

1. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ao servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos municipios de Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Os Blancos, A Bola, O Bolo, Boborás, Calvos de Randín, Entrimo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Muíños, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, A Pobra de Trives, Petín, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilamarín e Vilamartín de Valdeorras.

b) Modifícase o artigo 5, incluíndo dous novos parágrafos, 9 e 10, co seguinte contido:

9. Establécese un índice de custo repercutible actualizable (CRA) a determinar cada ano baseado na variación anual do custo real do servizo. Neste índice inclúense, exclusivamente, os custos que a Deputación Provincial liquida aos concellos e non se

contemplan os custos financeiros, gastos xerais ou de estrutura, beneficio industrial e amortizacións.

10. As contías das tarifas serán revisadas anualmente de acordo coa seguinte fórmula de revisión:

$$\text{Coeficiente de revisión para } A = \text{CRA}_{-1} / \text{CRA}_{-2} \times 0,9435 + 0,0565$$

Onde:

Coeficiente de revisión para A é o coeficiente de revisión das tarifas para o ano A, a aplicar sobre as tarifas vixentes no ano anterior (A₋₁).

CRA₋₁ é o sumatorio dos custos repercutidos actualizables (todos agás a amortización) da liquidación practicada para o ano anterior ao da aplicación da revisión (A₋₁).

CRA₋₂ é o sumatorio dos custos repercutidos actualizables (todos agás a amortización) da liquidación practicada para o ano anterior ao do CRA₋₁ (A₋₂)

A revisión adoptarase por resolución motivada da Presidencia, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

c) Modifícase a Disposición Adicional da ordenanza, quedando redactado como segue:

Establécese unha bonificación única e transitoria a aplicar no primeiro recibo do ano 2020 equivalente ao 4,12 % da tarifa correspondente do ano 2019, de conformidade coa bonificación na contía do canón unitario de tratamento por tonelada de residuos entregados a SOGAMA (creada pola Lei 3/2018, de 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia modificando a Lei 11/2013, de 26 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014). Esta bonificación é a recollida no Anexo IV.

O texto do Anexo IV é o seguinte:

ANEXO IV BONIFICACIÓN APLICABLE AO EXERCICIO 2019 (liquidable no primeiro recibo do ano 2020)

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS	
EPÍGRAFES	Bonificación 2019
Vivendas	
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)	-2,39 €

Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	-2,99 €
-------------------------------------	---------

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
EPÍGRAFES	Bonificación 2019
Hoteis, hostais, pensións, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	-2,39 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o rouloute (caravana ou autocaravana), ou bungaló	-2,39 €
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m ²	-7,17 €
Restaurantes de 100- 350 m ²	-11,95 €
Restaurantes de mais de 350 m ²	-23,90 €
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	-7,17 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	-2,39 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	-23,90 €
Pubs e bares con música e similares	-11,95 €
Bingos	-7,17 €
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	-7,17 €
Supermercados e autoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	-16,73 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m ²	-35,84 €
Carnicerías e peixerías	-7,17 €
Froiterías	-9,56 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	-7,17 €
Outros Negocios de	
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 0-100 m ²	-7,17 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 100-350 m ²	-14,34 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedoiros de máis de 350 m ²	-23,90 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	-7,17 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	-14,34 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de más de 450 m ²	-23,90 €
Servizos	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	-19,12 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	-4,78 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	-203,12 €
Centros de penitenciarias, por cada interno	-3,58 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios	-3,58 €
Cines e teatros	-4,78 €
Bancos e caixas de aforros	-11,95 €
Academias privadas	-7,17 €
Centros docentes sen servizo de comedor	-11,95 €
Centros docentes con servizo de comedor	-23,90 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	-2,39 €

Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	-3,58 €
Centros de día, de ata 500 m2 totais	-9,56 €
Centros de día de 500 ou máis m2	-16,73 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	-7,17 €
Oficinas, despachos e servizos profesionais	
En locais de 0-100 m ²	-2,39 €
En locais de 100-200 m ²	-7,17 €
En locais de 200-300 m ²	-11,95 €
En locais de máis de 350 m ²	-16,73 €
Estacións de servizo	
Gasolineira sen tenda comercial	-7,17 €
Gasolineira con tenda comercial	-9,56 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	-2,39 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2	-7,17 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2	-11,95 €
Talleres mecánicos e chapisterías de mais de 200 m2	-16,73 €

TARIFAS ESPECIAIS		Bonificación 2019
EPÍGRAFES		
Pequenos núcleos rurais		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		-2,39 €
Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada contedor de uso exclusivo, ó ano		
Sen materia orgánica	1er contedor (800 l)	-9,56 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	-4,78 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	-7,17 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	-11,95 €
Con materia orgánica	1er contedor (800 l)	-23,90 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	-11,95 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	-19,12 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	-23,90 €

d) Modifícanse as tarifas aplicables a partir do 1 de xaneiro de 2020, quedando redactado o anexo I do seguinte xeito:

Anexo I

TARIFAS XERAIS DE VIVENDAS		Tarifa ANUAL
EPÍGRAFES		
Vivendas		
Vivendas RURAIS (1-3 veces/semana)		55,61 €

Vivendas URBANAS (4-6 veces/semana)	69,51 €
-------------------------------------	---------

TARIFAS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
EPÍGRAFES	Tarifa ANUAL
Hoteis, hostais, pensións, casas de hospedes, por cada 5 habitacións ou fracción	55,61 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o rouloute (caravana ou autocaravana), ou bungaló	55,61 €
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m ²	166,83 €
Restaurantes de 100- 350 m ²	278,05 €
Restaurantes de mais de 350 m ²	556,10 €
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	166,83 €
Peñas culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	55,61 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	556,10 €
Pubs e bares con música e similares	278,05 €
Bingos	166,83 €
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	166,83 €
Supermercados e autoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	389,27 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m ²	834,16 €
Carnicerías e peixerías	166,83 €
Froiterías	222,44 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	166,83 €
Outros Negocios de	
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 0-100 m ²	166,83 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 100-350 m ²	333,66 €
Venda ó por menor e detalle de produtos non perecedoiros de máis de 350 m ²	556,10 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 0-200 m ²	166,83 €
Almacéns, depósitos e venda ó por maior de 200-450 m ²	333,66 €
Almacenes, depósitos e venta al por maior de más de 450 m ²	556,10 €
Servizos	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	444,88 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	111,22 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	4.726,88 €
Centros de penitenciarias, por cada interno	83,42 €
Cemiterios e Igrexas e templos con cemiterios	83,42 €
Cines e teatros	111,22 €
Bancos e caixas de aforros	278,05 €
Academias privadas	166,83 €
Centros docentes sen servizo de comedor	278,05 €
Centros docentes con servizo de comedor	556,10 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	55,61 €

Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	83,42 €
Centros de día, de ata 500 m2 totais	222,44 €
Centros de día de 500 ou máis m2	389,27 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	166,83 €
Oficinas, despachos e servizos profesionais	
En locais de 0-100 m ²	55,61 €
En locais de 100-200 m ²	166,83 €
En locais de 200-300 m ²	278,05 €
En locais de máis de 350 m ²	389,27 €
Estacións de servizo	
Gasolineira sen tenda comercial	166,83 €
Gasolineira con tenda comercial	222,44 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	55,61 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2	166,83 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2	278,05 €
Talleres mecánicos e chapisterías de mais de 200 m2	389,27 €

TARIFAS ESPECIAIS		
EPÍGRAFES		Tarifa ANUAL
Pequenos núcleos rurais		
Tascas e pequenos negocios de venda ó por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		55,61 €
Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou sitas en solo urbano industrial: por instalación de cada contedor de uso exclusivo, ó ano		
Sen materia orgánica	1er contedor (800 l)	222,44 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	111,22 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	166,83 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	278,05 €
Con materia orgánica	1er contedor (800 l)	556,10 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	278,05 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	444,88 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	556,10 €

e) Modifícase a Disposición Derrogatoria, quedando redactada do seguinte xeito:

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedarán derogadas as seguintes ordenanzas fiscais:

-Ordenanza fiscal reguladora de las tasas por los servicios intermunicipales delegados de recogida, tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos y puntos limpios del Ayuntamiento de San Cibrao das Viñas (BOP núm. 295, de 26 de decembro do 2009).

- Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do Concello de Amoeiro (BOP núm. 295, de 26 de decembro do 2009, modificada no BOP núm. 203, de 4 de setembro de 2014).

Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Manzaneda e A Pobra de Trives (BOP núm. 295, de 26 de decembro do 2009, modificada no BOP núm. 203, de 4 de setembro de 2014).

-Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Os Blancos, Calvos de Randín e Trasmiras (BOP núm. 291, de 26 de decembro do 2011, modificada no BOP núm. 203, de 4 de setembro de 2014).

-Ordenanza fiscal reguladora da recollida do lixo de Rubiá (BOP 22 de decembro de 2001, modificada por acordo plenario de 12 de marzo de 2018, BOP de 22 de marzo de 2018)

-Ordenanza fiscal da taxa pola recollida de lixo do concello de A Rúa (BOP de 23 de decembro de 2008)

-Ordenanza fiscal reguladora da taxa de exacción da recollida de lixo e residuos sólidos urbanos de A Bola (BOP de 4 de setembro de 1993), modificada o 12 de novembro de 2001 (BOP de 17 de novembro de 2001), e posteriores modificacións (BOP de 14 de xaneiro de 2002 e BOP do 16 de abril de 2012)

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliar de residuos sólidos urbanos de Riós,(BOP do 13 de decembro de 2003) modificada por acordo plenario de data 17 de xaneiro de 2014 (BOP de 6 de marzo de 2014)

-Ordenanza fiscal da taxa de recollida do lixo do Concello de O Bolo (BOP de 29 de xuño de 1991, e as súas posteriores modificacións publicadas nos BOP's de 28 de xaneiro de 1997, 15 de decembro de 1998, 14 de febreiro de 2000 e 28 de xuño de 2019.

Igualmente, quedará derogada calquera disposición de igual ou inferior rango que contradiga, se opoña ou resulte incompatible co disposto na presente ordenanza fiscal.

f) Modifícase a Disposición Derradeira, quedando redactada do seguinte xeito:

O texto refundido da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncios que se publicarán no taboleiro de edictos, na sede electrónica, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior circulación da provincia. O prazo de información pública computarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

Durante o prazo de información pública, os interesados poderán examinar o expediente e formular as reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser obxecto de resolución expresa polo Pleno da Corporación.

En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

3º) Aprobada definitivamente a modificación, procederase á publicación no BOP do texto íntegro da ordenanza resultante, facultándose á presidencia para a refundición do dito texto.

4º.- APROBACIÓN DA ADENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ASINADO ENTRE A CH DO MIÑO-SIL OA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE ESGOS, PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE PASEO FLUVIAL ENTRE TARREIRIGO E O NÚCLEO DE ESGOS (OURENSE).

O Sr. presidente anuncia que os puntos 4º, 5º e 6º debateranse conxuntamente, segundo se acordou na Xunta de Portavoces, e súa votación será por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: simplemente dicir que vou a votar a favor das tres modificacións dos convenios asinados entre a Confederación e os tres distintos concellos. Nada máis, moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: neste caso consideramos que é algo beneficioso para os concellos, posto que o que se fai é trasladar partidas orzamentarias que doutro xeito se perderían. Polo tanto, tamén vamos a votar a favor.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana: tamén anunciamos o noso voto favorable.

D. Diego Fernández Nogueira, do PSOE: bos días a todos e a todas. grazas señor presidente. Hai que dicir que son convenios que veñen de atrás, aínda que os convenios de

agora son, sen dúbida, máis plurais. Nós imos respectar esta modificación para facilitar a súa execución acordada entre as tres entidades. Pero tamén queremos aproveitar esta ocasión para felicitar á presidencia da Confederación por estar á altura das necesidades da provincia sen mirar a cor, non como o que está a pasar nesta institución onde se lle concede unha axuda a un concello e tras as eleccións, perde o Partido Popular, e se lle retira a axuda para outro concello onde se gana, un claro exemplo de cales son as motivacións. Pero en todo caso, diremos que nós imos facilitar a aprobación desta modificación.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Trátase simplemente dun reaxuste de anualidades que nos formula a Confederación e os propios concellos; respecto máximo a esas decisións. Querido compañeiro, o da pluralidade ímolo deixar así. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourense (2), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a addenda modificativa do Convenio asinado entre a CH do Miño-Sil OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Esgos, para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación, das obras do Proxecto de paseo fluvial entre Tarreirigo e o núcleo de Esgos (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

CLÁUSULA PRIMEIRA.-Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo: A súa vixencia concluirá o 25 de outubro de 2021. Con todo, se nesa data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo nin se procedeu á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme ao establecido na cláusula quinta os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga ata o período máximo restante previsto legalmente.

SEGUNDA.- Modificación do anexo I. Modifícase o anexo I anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2017	2018	2019	2020	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	7.011,96 €	90.663,93 €	34.824,11 €	132.500,00 €
DEPUTACIÓN DE OURENSE	0,00 €	7.011,96 €	90.663,94 €	34.824,10 €	132.500,00 €
TOTAL	0,00 €	14.023,92 €	181.327,87 €	69.648,21 €	265.000,00 €

TERCEIRA.- Entrada en vigor.

A presente addenda modificativa resultará eficaz tras a publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicios seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

5º.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA MODIFICATIVA E PRÓRROGA DO CONVENIO ASINADO ENTRE A CH DO MIÑO-SIL OA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE BANDE, PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE PROLONGACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DAS MARXES DO RÍO BADELLA AO SEU PASE POLO NÚCLEO DE BANDE (OURENSE).

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a segunda addenda modificativa e prórroga do Convenio asinado entre a CH do Miño-Sil OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande, para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación, das obras do Proxecto de prolongación do acondicionamento das marxes do río Badella ao seu paso polo núcleo de Bande (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Obxecto da addenda.

O obxecto desta addenda é acordar a prórroga do convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande para o financiamento, execución e entrega para a súa mantemento e conservación das obras do proxecto de prolongación do acondicionamento das marxes do río Badella ao seu paso polo núcleo de Bande (Ourense), (BOE número 179, do 28 de xullo de 2017).

Así mesmo modifícanse as anualidades inicialmente establecidas no convenio sen modificar o importe total da actuación nin os compromisos de financiamento establecidos, nos seguintes termos:

1. Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo: A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2022. Con todo, se nesa data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo nin se procedeu á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga dentro dos límites temporais establecidos no artigo 49. g) da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público.

2. Modificación do primeiro parágrafo da cláusula quinta.

Modifícase o primeiro parágrafo da cláusula quinta, que queda redactado do seguinte modo: Para a execución do Convenio, establécense, inicialmente, as anualidades previstas no seguinte cadro:

ADMINISTRACIÓN	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	224.000,00 €	12.000,00 €	236.000,00 €
DEPUT. OURENSE	0,00 €	56.000,00 €	3.000,00 €	59.000,00 €
TOTAL	0,00 €	280.000,00 €	15.000,00 €	295.000,00 €

SEGUNDA.- Entrada en vigor.

A presente addenda modificativa resultará eficaz trala publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e do apartado

2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicios seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

6º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO ASINADO ENTRE A CH DO MIÑO-SIL OA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DA VEIGA PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO, PROTECCIÓN E MELLORA DA CONECTIVIDADE DAS MARXES DO RÍO XARES AO SEU PASO POLOS NÚCLEOS DE XARES, PONTE E BAÑOS, NA VEIGA (OURENSE).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a modificación do Convenio asinado entre a CH do Miño-Sil OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación, das obras do Proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, na Veiga (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.-Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo: A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2021. Con todo, se nesa data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo nin se procedeu á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula sétima, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación da cláusula duodécima.

A cláusula duodécima modifícase integramente do seguinte modo:

1.- A actuación obxecto deste Convenio entregaraselle definitivamente ao Concello da Veiga mediante mutación demanial que non alterará o réxime da titularidade das obras e instalacións obxecto desta, nin as facultades de inspección e control sobre eles que, en todo caso, lle corresponden ao Organismo de conca como titular.

2.- A Confederación Hidrográfica de Miño-Sil, O.A. consente expresamente que o Concello da Veiga poida xestionar a explotación, mantemento e conservación das obras obxecto do presente convenio, directa ou indirectamente, segundo o establecido na normativa vixente.

3.- As partes aceptan que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. tramite, ante a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda e Función Pública, o correspondente expediente de mutación demanial interadministrativa, a favor do Concello da Veiga, ao abeiro do artigo 71.4 da Lei do patrimonio das administracións públicas, para a súa afectación ao servizo público competencia da entidade local.

TERCEIRA.- Modificación do anexo I.

Modifícase o anexo I engadindo as anualidades 2019 e 2020 e reaxustando as contías do seguinte modo:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL (50%)	DIPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE (35%)	DE CONCELLO DE A VEIGA (15%)
2017	7.122,88 €	3.561,44 €	2.493,01 €	1.068,43 €
2018	16.054,62 €	8.027,31 €	5.619,12 €	2.408,19 €
2019	18.000,00 €	9.000,00 €	6.300,00 €	2.700,00 €
2020	358.822,50 €	179.411,25 €	125.587,87 €	53.823,38 €
SUMA	400.000,00 €	200.000,00 €	140.000,00 €	60.000,00 €

CUARTA.- Entrada en vigor.

A presente addenda modificativa resultará eficaz trala publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicios seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

7º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DO PLENO ORDINARIO DO MES DE DECEMBRO DE 2019.

O Sr. secretario dá lectura á proposición da Presidencia.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Fixar a data de celebración do Pleno ordinario do mes de decembro, para o día 20 de decembro de 2019, venres, ás 10.00.

As comisións informativas ordinarias terán lugar os días 11 e 12 de decembro de 2019, pola mesma orde que no resto dos meses.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE SE PROCEDA AO RESCATE DA CONCESIÓN DO APARCADOIRO DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN QUE SE ATOPA NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE BAIXO O NOME DE APARCADOIRO SANTA MARÍA NAI

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: moi bo día a todas e a todos, hoxe o Grupo Socialista, non é a primeira vez que trae esta moción a este plenario, tráea outra vez cunha circunstancia engadida que xa puxemos de manifesto no seu momento e que creo que non é unha cuestión menor e é que cambiaron moitas cuestións relacionadas cos aparcadoiros no propio centro hospitalario o que significa que esta casa, os deputados e deputadas temos unha oportunidade histórica de acabar cunha inxustiza social nesta provincia. Unha inxustiza que se vén dando dende hai máis de 20 anos, porque isto non deixa de ser unha concesión que está en mans privadas e que está feita en terreos públicos desta institución. Esta realidade non pode facer máis tempo que miremos para outro lado. É verdade que no seu momento se formula esta necesidade e que se fai unha chapuza, da que logo diremos o porqué, nunha propia obra que foi obxecto da concesión e que despois se concede esa xestión á mesma empresa que fai a obra; polo tanto, xa sería unha irregularidade manifesta. Como non estamos aquí para falar soamente de pasado, senón tamén de futuro, o noso grupo intenta que esta concesión sexa rescatada por esta institución. Sería unha cuestión histórica e sería unha cuestión que teríamos que abordar todos os deputados e deputadas desta casa, porque con sensatez e ganas de facelo, evidentemente se podería conseguir. Poderíase conseguir porque todas estas cuestións sempre son susceptibles de negociación. Algúns compañeiros e compañeiras falan que tiñamos que ter datos económicos enriba da mesa para abordar este tema, porque a economía é a que moitas veces nos fai tomar decisións. Eu quedeime con algo que lle dixo o deputado de cooperación ao meu compañeiro polo

Consortio de bombeiros, dixo que as cuestión económicas nunha institución non era unha folla de Excel e que había moitas cousas máis. Eu compro ese discurso, non é unha cuestión solo de economía; é unha cuestión de xustiza social, é unha cuestión de poñer en valor aquilo que é público e que volva a ser público e que pase a mans dos cidadáns. Trátase de poñer ese valor que ten o solo público para que desfruten os cidadáns que non van a ese servizo por algo lúdico; acudimos obrigados porque a propia saúde nos obriga, ou a dos nosos familiares, e onde tamén nos obriga a gardar os coches nun lugar. Hai moitas familias nesta provincia que non se poden permitir pagar estes prezos; nin os anteriores dos que logo falaremos, nin os de agora. Non so poden permitir porque estamos nunha provincia que ten a renda *per capita* máis baixa, que ten xa problemas de abondo e nós engadímoslle máis. Esta casa ten esa responsabilidade, temos esa responsabilidade de abordalo e por que dicía isto, porque temos un informe que nos chegou e que non entra nas profundidades do que se podería facer dende o punto de vista económico, pero que di unha cousas importante que é este plenario o que se tería que encargarse de facelo. Fala dunha cousa fundamental, fala do rescate en si mesmo, dunha cantidade menor á que nós expuxemos; nos dos catro millóns de euros, senón dos 3.900.000 €. Polo tanto, é algo asumible para esta casa porque todo o demais está sendo susceptible de negociar. Evidentemente unha empresa cando teña problemas, vainos devolver ese parking; se nós temos un problema neste parking en concurso de acredores, váinolo revolver polo público e, aínda por riba, vainos esixir que lle paguemos a indemnización. A algúns xa nos ten pasado. Aquí non lle estamos facendo dano a ningún. Eu creo que todo o que sexa negociable e se poida conseguir, será bo para os cidadáns. O noso grupo cre que hai cuestións que hai que explicarlle aos veciños, xa está ben de non contarlle toda a verdade, de non dicirlle aos cidadáns a realidade dese parking. Hai cuestións que son moi rechamantes, seguramente me van a dicir que rebaixamos as taxas e fixemos un prezos moi acordes co que hoxe en día poden pagar os cidadáns; non é certo, primeira grande cuestión, non é certo, fíxose porque había outro parking que ía entrar en competencia e a empresa si entrou a negociar esa cuestión, porque antes solicitarámolo por activa e por pasiva e non hai que esquecerse que este Grupo Socialista tamén fixo unha campaña, tamén fixo moita presión cidadá con esa cuestión, despois dende esta casa vendeuse que foran os propios gobernantes (os que se negaran sistematicamente a reparar esas taxas) que foran eles. Iso non é certo, volvo a dicir; déronse dúas circunstancias para que iso acontecera. Tamén hai que dicir o seguinte, faise unha cousa que é rechamante, era unha vergoña que ese parking repercutira

cun canon irrisorio de 49.000 €; pois cando modificamos esa taxas, pasamos a importarllas ao propios cidadáns, porque deixamos de percibir os 49.000 € para percibir case a metade, 26.000. Iso non é irrisorio, iso é unha vergoña e as vergoñas hai que corrixilas, porque somos servidores públicos; ou deberíamolo entender así, que somos servidores públicos, eu ás veces teño as miñas dúbidas nesta casa. Polo tanto esta é unha cuestión que hai que dicir alto e claro e dicirla aos cidadáns. Ademais de todo isto, sempre houbo una visión interesada, sempre se falou de 400 prazas, de que este parking tiña 400 prazas que ás veces non chegaban. Eu cheguei a escoitar que isto que acontecía con este parking, era culpa do Partido Socialista, dígoo porque ao mellor veñen con ese argumentario; que como nós pediramos ese parking público a culpa era nosa, porque despois a concesión e as derivadas que se deron eran culpa do Partido Socialista. Non, mire, nós pedimos o servizo, outra cousa é como se faga. Pero, a maiores diso, hai que poñer en valor o que significa ese parking. Ese parking non ten 400 prazas, ese parking ten 966 prazas, case mil prazas, para que todos os cidadáns que nos están escoitando se decaten. Hai unha rotación masiva, aínda hoxe en día, só hai que poñerse na entrada e saída do parking para ver a rotación que hai. E digo case porque, desas 966, 146 teñen un convenio do SERGAS que, por certo, en certa medida tamén é inxusto respecto aos cidadáns porque os traballadores pagan menos que un traballador da pé e isto tamén é así con este convenio que existe. Polo tanto, quedan 820 prazas para rotar que non é ningunha broma porque o novo, que está abaixo, creo que non chega ás 400. Esta é unha cuestión tan sinxela que hai que poñerlle cabeza e negociar. Fágolle unha pregunta a vostedes, se isto non é un negocio, señor presidente, como se pode facer outro parking ao lado? É unha pregunta ben sinxela que a responde un meniño. Se isto non dera cartos, non imos a facer outro porque non hai necesidade. Polo tanto é ben curioso que os argumentos que emprega o PP nesta casa xa quedaron obsoletos, por iso nós facemos esta proposta. Xa sei que nos van dicir algúns que vimos aquí a meter o dedo no ollo, pero esperamos que esta proposta saia adiante, xa non polo Partido Popular -que se quere ser coherente co que manifestou anteriormente, terá que mantelo-, pero si con Democracia Ourensana porque vamos a ver como defende o indefendible. O señor portavoz de Democracia Ourensana xa avanzou nas comisións algunha cousa que nos deixou perplexos; vou a escoitar atentamente a argumentación, se a vai a facer o portavoz ou se a vai a facer o señor vicepresidente, en calquera das posibilidades, a cuestión vai a ser cando menos rechamante. E non é por meter o dedo no ollo, o dedo no ollo igual o meten eles porque fai pouco dicían unha serie de cousas das que falaremos logo. A ver se é

verdade que, por unha vez en catro meses, son coherentes e deixan de dicir o que lle están dicindo á cidadanía todos os días e que despois aquí fan todo o contrario. Esperemos que sexa así, eu vouno esperar impaciente porque, se fan iso, os cidadáns empezarán a ter algo de credibilidade no papel que fan nesta Deputación, senón a credibilidade seguirá sendo a mesmo. De momento nada máis e moitas grazas, porque o que máis me interesa é escoitar os argumentos de cada un dos grupos. O señor Caride está impaciente, non se impaciente tanto que ás veces a impaciencia fai cometer erros, polo tanto é mellor que reflexione o que vai a dicir. Nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:
moitas grazas. En primeiro lugar quero que quede claro que o Grupo de Ciudadanos entende que todos os aparcadoiros dos hospitais públicos deberían ser gratuítos. Hai algo que dixo o señor Gómez que me gustou moito e que comparto e é que a cidadanía debe saber sempre a verdade. Para ter a verdade hai que ir a Secretaría, informarse, traer os datos e vir aquí a explicarlle á cidadanía cal é a situación real. Polo tanto, eu en comisións informativas pedín informes, tanto de Secretaría como de Intervención, para saber canto custaría retirar esa concesión á empresa e, dende logo, non está a cantidade total, porque estamos falando dun lucro cesante que non se pode esgrimir dende a Secretaría ou a Intervención da Deputación. Polo tanto, facendo un *pelín* de memoria histórica, o 24 de xullo de 1998, neste plenario, tomouse unha decisión probablemente errónea que foi firmar con COPASA eses 48 anos de concesión do parking. O 24 de abril de 2009, o Concello de Ourense, gobernado polo Partido Socialista e coa concelleira Aurea Soto, fixo un trato coa empresa concesionaria (nese caso, xa era GEORSA, non estaba COPASA) que era: se vostedes me fan o arranxo e me crean a glorieta da rúa Ramón Puga e fan a reordenación do tráfico e a pagan vostedes (200.277 €), eu doulles o dereito de construír unha planta máis con 168 prazas máis. Polo tanto, o Partido Socialista nese momento entendeu que non era necesario que fora gratuíto o parking; senón que era necesario que lle fixeran unha glorieta e que a empresa puidera ter unha planta máis. A parte diso, os 200.277 € que lle custou á empresa facer esa glorieta e a reordenación do tráfico, as obras de ampliación tiveron un custo de 1.428.452 € e, a maiores, gastos de tramitación de licenza, gastos financeiros, redacción de proxecto, dirección facultativa de seguridade e as perdas por non dispor das prazas da planta alta durante o prazo de execución. Un total de 2.204.000 € que GEORSA tivo que poñer. Un trato ao que chegou co Concello de

Ourense e que nesta Deputación aceptouse o trato. O 18 de xuño de 2018, fíxose unha modificación de tarifas e fíxose un bono para empregados do CHUO de 40,90 € que foi algo que os sindicatos dos empregados do CHUO lle propuxeron á empresa e a empresa aceptou eses 40,90. Podemos dicir que a día de hoxe, que é a verdade, o Hospital de Ourense ten o parking máis barato de toda a comunidade autónoma. Repito, entendo que un parking dun hospital público debería ser gratuíto, pero hai que saber todo o que vén detrás para poder vir aquí e dicir: vamos a retirarlle a concesión; para dicir iso, primeiro hai que ter datos. Entón, vamos a falar do custo do rescate. Amortizacións pendentes, estamos falando de 31 anos a 126.844 €, un total de 3.932.000 €. Ben, logo falamos do custo do lucro cesante, eu persoalmente fixen as miñas contas porque iso teno que facer a empresa e, como dixo o secretario, teñen que ter en conta os datos dos cinco anos anteriores, pero simplemente, así polo baixo, 860 prazas (quitamos as 140 prazas que o Partido Socialista entende e acaba de dicir que lles parece inxusto que persoal do hospital teña esa tarifa, que llo vaia explicar alí) por 3 € ao día –tirando polo baixo, cada unha das prazas-; estamos a falar de 29 millóns de euros. Loxicamente diranme que hai que quitar o custo dos empregados e de mantemento. Como dicía o que se sentaba antes no sitio de Bernardo: o medible non é opinable; polo tanto, eu considero que á cidadanía sempre hai que trasladarlle a verdade. Repito, encantárame que o parking fora gratuíto, encantárame que o 24 de xullo de 1998 aquí se tivera tomado outro acordo; non se fixo, polo tanto nós temos que intentar arranxar a situación o mellor posible e así se fixo rebaixando as tarifas. Polo tanto, entendo que o custo que tería retirar a concesión do rescate é tan grande que nos daría para facer, eu creo, catro parkings gratuítos ao redor do hospital antes que retirar a concesión. Eu entendo que é importantísimo que os nosos veciños saiban, realmente, a memoria histórica deste proceso e, despois, ter unha opinión coherente e responsable sobre esta situación. Polo tanto, eu xa lle adianto ao Partido Socialista que me vou abster neste punto. Nada máis e moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: moitas garzas. Estou totalmente de acordo que a nosa cidadanía coñeza a verdade. Porque tamén é certo que, se os datos coincidiran co que manifestaba a deputada de Ciudadanos, o escándalo sería maiúsculo; estamos falando de que acabaríamos pagando seis veces o custo do parking. Entón, debería ser algo a sopesar e visibilizar por parte da cidadanía. Neste punto creo que convén facer algo de memoria ao respecto da cuestión. O expediente de construción do parking ten como antecedente unha moción do PSdG-PSOE relativa á necesidade de aparcamento na zona do equipo hospitalario de

Ourense, coa previsión de que fose o SERGAS quen o explotase e puxera en funcionamento. A Deputación optou, sen embargo, por unha xestión privada; algo ao que o BNG se opuxo xa rotundamente no seu momento. Denunciamos publicamente, aí están as hemerotecas, que a adxudicación da construción do aparcamento á empresa COPASA se fixo, aínda non sendo a oferta máis vantaxosa para a institución, senón a máis cara. Tamén sinalamos daquela que ían xurdir problemas de falta de aparcamento para os traballadores e traballadoras; dicíndonos que non habería tal, algo que, ao paso do tempo, resultou ser falso. Pedimos que non desapareceran as prazas de aparcamento público por entender que a lei obriga a un número de prazas proporcional ao número de camas. Que se fixo? Axardinar un espazo detrás do Hospital, que pasou a estar en estado de abandono, pero aproveitouse para eliminar un número importante de prazas públicas; obrigando aos penitentes que teñen que pasar polo Hospital, máis cedo que tarde, a aparcar dentro do parking. En decembro de 1999, o BNG solicitou que, por parte dos técnicos da Deputación, se presentara un informe detallado mediante o cal se acreditara o cumprimento e adecuación da obra ás condicións nas que fora adxudicada no seu día, por entender que non estaban a estar axustadas ao prego. En febreiro de 2000, presentamos unha moción diante do conflito que estaba a producir entre os traballadores do SERGAS pola construción do parking. Xa no seu momento o BNG puxera de manifesto, tal e como se desprende das actas dos plenos de 29 de maio e 24 de xuño de 1998, que este asunto podía ter, como así aconteceu, unha grave incidencia na cidadanía e nos traballadores da institución sanitaria cos que non se contou para nada. Por outra banda, e tendo en conta que o proxecto presentaba obras que non aparecían recollidas nas bases, entendiamos que poderíamos estar ante unha externalización de COPASA sen amparo legal; por iso se lle pediu ao Pleno da Deputación que non se fixera efectiva, por parte da empresa adxudicataria, a obra complementaria de mellora descrita na base 5ª, consistente na ordenación dos terreos do entorno do Hospital e que estes foran reservados para a súa utilización como aparcamento libre, público e gratuíto tanto para traballadores/as como para usuarios/as. A resposta do PP foi, evidentemente, non votar a urxencia desta moción para que non puidese ser debatida; defendendo así os intereses da empresa privada fronte á cidadanía. Consumado o atraco á cidadanía, o BNG formulou novamente unha fórmula para abaratar as tarifas do parking do CHOU aos acompañantes dos pacientes e usuarios deste, por entender que as tarifas que se estaban a utilizar eran moi gravosas para a súa economía, máxime tendo en conta que un non acode a estas instalacións por capricho. Unha vez máis, a resposta da Deputación foi favorecer os intereses da empresa adxudicataria.

Por iso cremos que foi un lavado de cara que non resolve, ao noso entender, a cuestión máis importante, a rebaixa que se aprobou fai un ano. Isto habería que explicarllo á veciñanza, porque o que se fixo foi reducir en case 23.000 € o canon que lle cobrábamos anualmente á empresa, que xa era de por si ridículo: 49.000 €/ano. Desde logo, se os datos que expresaba a deputada de Ciudadanos son certos, aí temos os 49.000 €/ano o que lle significaban á empresa, apenas catro días de xestión. O que era un saldo, agora converteuse nun agasallo, nunha auténtica burla, ademais, forzada pola apertura dun novo parking hospitalario que competía directamente con este que se estaba construíndo e que facía a este inviable polas súas abusivas taxas. Con esta fantástica nova operación coa concesionaria, unha vez máis perderon as veciñas e os veciños, xa que lle propiciamos unha rebaixa sobre algo que xa viña obrigado porque non ía ser competitivo. Por iso imos a apoiar a moción do Grupo Socialista, no ánimo de que a concesionaria poida achegar os datos dos seus descoñecidos beneficios; para así coñecer o que sería o lucro cesante e que, efectivamente, o informe de secretaría non puido concretar xa que descoñece eses datos. Dende logo o problema non vai se a amortización de 120.000 € ao ano, que ben seguro se liquida nun mes. O coñecemento total dos custes permitiríanos tomar unha decisión razoada e, ao tempo, coñecer o espolio ao que, sospeitamos, están a ser sometidos os pacientes e acompañantes de Ourense por unha nefasta decisión tomada xa agora fai 20 anos e que nos hipoteca por outros 30. A xestión desta estrutura estratéxica sempre debeu ser tido pública e iso é co que nos quedamos. A partires de aí, entendemos que esta moción non daría pé máis que a entablar un diálogo coa concesionaria que, efectivamente, se se chegara á conclusión final de que o custo vai a ser de 50 millóns de euros, pois ao mellor teríamos que razoar se iso é viable ou non. Pero de partida o que parece xusto e razoable é que a xestión sexa pública. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana: moitas grazas. En primeiro lugar, eu non sei que escoitou vostede na comisión informativa, señor Gómez, eu alí non estaba nin dei ningunha explicación en relación con esta cuestión; entón sorpréndeme un pouco que xa escoitaron algunha manifestación pola nosa parte. Eu estiven na comisión e sei se falei ou non. En segundo lugar, seguro que nunca escoitaría de Democracia Ourensana falar da gratuidade do parking de Santa María Nai; escoitaría falar do ridículo que é o canon, do excesivamente caro que é. A gratuidade non é a filosofía en moitas cousas, e por iso somos criticados moitas veces, de Democracia Ourensana e non se ría. Falamos de alternativas, como aparcamentos disuasorios, das que lle vou falar agora. Eu non

vou entrar a facer política, eu vou a vir aquí razoablemente a dicir por que entendo que non se debe rescatar o parking de Santa María Nai para poñelo a disposición da cidadanía dun xeito gratuíto. Hai criterios obxectivos e, como di a compañeira de Ciudadanos, o que é medible non é opinable; retomando a propia expresión do señor Pérez Jácome. Efectivamente, como se di na exposición de motivos da moción, a explotación da concesión da construción do parking de Santa María Nai, logo da construción que é o modelo habitual na contratación pública. Sorpréndeme que vostede diga que semella ilegal que se dea a construción a unha empresa para que despois a explote; non, iso é normal, é unha das fórmulas de financiamento deste tipo de operacións. Déuselle á empresa COPASA por 48 anos que despois, efectivamente, ampliouse ata os 50 pasando os dereitos a GEORSA. Tamén é certo e así consta na exposición de motivos da propia moción que, di literalmente: *o custe para as arcas públicas do rescate desta concesión é descoñecido, a pesar de que os grupos da oposición solicitaron en reiteradas ocasións un informe económico que aclarara esta situación*. Ben, xa só o feito de que non sexa posible saber o custo do rescate, fai imposible aprobar este acordo, porque non coñecemos o custo real e a risco de que este sexa moi elevado, non vamos a comprometer a estabilidade orzamentaria agora sen ter datos obxectivos para tomar unha decisión. Na comisión informativa (isto é o que pasou, non o que vostede di que puido pasar) a deputada de Ciudadanos, coa adhesión do deputado do BNG, solicitou que se recabase un informe por parte do señor secretario sobre a concesión á que se refería a moción. Onte recibín eu, supoño que o resto dos grupos tamén, o devandito informe do secretario e aquí hai unha serie de cuestións que hai que subliñar, se falamos de que a cidadanía se ten que *enterar*. O primeiro di, o rescate, que evidentemente é viable legalmente, esixe que se faga atendendo a razóns de interese público o que supón que a Deputación ten que asumir a xestión directa. Isto comporta, como primeira medida, a subrogación do persoal que a concesionaria tiña, sexan dous, tres ou os que sexan; eu estou falando dende o punto de vista abstracto e obxectivo do que supón esta cuestión. Tense que facer cargo do custo de mantemento deste servizo, pero o peor de todo é que sen contrapartida porque a proposta é para que o parking sexa gratuíto, isto implica un incremento de gasto orzamentario, pero hai que coñecelo. Xa, ben, ese incremento de gastos é perfectamente asumible (non deixa de ser un servizo á cidadanía) podémolo aceptar, o que é dubidosamente asumible é o custo efectivo do rescate en termos de indemnización á concesionaria, polas amortizacións pendentes, pero tamén en relación ao lucro cesante que haberá que abonarlle tamén á concesionaria. No seu informe o

señor secretario di que, ao abeiro da propia Lei de contratos do sector público, o custe de amortización calcúlase en 126.844,69v€/ano polos anos que faltan de concesión, que son 31; o que nos leva a un custo, só para esta partida, de 3.932.185,39 €, case 4 millóns de euros. Isto é absolutamente indubidado, é un dato absolutamente obxectivo que está aí. Aparte deste dato, que está no contrato, descoñecemos o dato máis importante que é partida das indemnizacións polas perdas que lle causaría o rescate, incluídos os beneficios futuros que deixaría de percibir e que se determinan conforme ao artigo 174 da Lei de contratos do sector público. Esta cantidade, bote contas polos 31 anos que leva, pode supoñer, de manterse os beneficios calculados 126.000€ (o que falaba antes, do custo de amortización) outros 4 millóns máis. Esa cantidade pode ser incluso maior, entón estamos falando ao mellor de 8 millóns ou 10 millóns de euros que hai que valorar se merece a pena facer ese rescate. Eu estoulle dando a miña opinión, vostede terá outra, pero respecte a miña mentres falo. Eu estou dicindo que neste momento estamos falando dun mínimo de 8 millóns de euros para rescatar un parking e poñelo a disposición da cidadanía. Pode haber outras solucións e de feito hainas, porque estamos falando dun tema que afecta á Deputación, pero afecta de cheo ao Concello de Ourense e despois voulle a comentar como esta proposta choca contra á dos seus compañeiros de grupo no concello de Ourense. Mire, nós estamos traballando nun proxecto global de mobilidade na cidade de Ourense, do que eu son responsable como concelleiro de infraestruturas e mobilidade. En primeiro lugar, solucións que poden aceptarse como alternativas á proposta que teñen vostedes aquí; traballamos nun proxecto global de aparcadoiros disuasorios en superficie de carácter gratuito. Neste momento estamos inventariando terreos para a súa posible localización. Houbo unha modificación no PXOM vixente de Ourense, de 1986, que foi levada a cabo no 2012, na que se permite o uso provisional de aparcadoiros en terreos pendentes de desenvolvemento urbanístico. No entorno do Complexo Hospitalario de Ourense temos localizados ata 4 localizacións para aparcadoiros, o que lle chaman desprezativamente nalgúns lados *leiraparking*, para aparcamentos disuasorios que poderían axudar ao tema. Estamos promovendo dende a Concellería de Infraestruturas do concello de Ourense un proxecto de construción de novos parques, actualmente en estudo de localización, estudo económico e sistemas de xestión; entre eles hai algúns que están preto do Complexo Hospitalario. Como ben dixo, o parking do que se fala na súa moción tivo que baixar os prezos pola competencia que lle supuña a apertura dun novo parking; a irrupción de novos parkings no entorno vai a supoñer a baixada dos

prezos. O máis importante do proxecto de mobilidade do concello de Ourense é que estamos traballando na mellora do transporte público de viaxeiros. Actualmente o novo regulamento que nos vai permitir facer o prego para a nova contratación do servizo, xa está para informe xurídico e de seguido será levado a Xunta de Goberno para convertelo en proxecto de regulamento que se levará a Pleno para a súa discusión. Isto que supón? Un reforzo das liñas, dos horarios e das paradas, incluíndo un acordo co SERGAS e co proxecto que está desenvolvendo a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) de reordenación do tráfico externo da parcela do SERGAS no Complexo Hospitalario. Que quere dicir? Vamos a establecer tres paradas de buses dentro do Complexo e o autobús parará na propia porta. Estamos preparando unha campaña para que, cada vez menos, a xente da cidade use o vehículo propio e use o transporte público. isto está contemplado nun programa que se chama *Móvete por Ourense* e o seu partido, xunto co Bloque e Ciudadanos, levaron unha moción conxunta ao concello de Ourense pedindo que se aplicaran estas medidas que se chaman medidas de pacificación do tráfico. Vostede sabe o golpe que supón para o programa *Móvete* poñer no entorno da residencia sanitaria un parking gratuito de 800 vehículos? Vostede mesmo falou na súa exposición do fluxo de tráfico que hai na zona. Se nos poñemos un parking gratuito de 800 prazas no entorno da residencia, o único que estamos estragando é o tráfico da zona. Hai outras solucións, o uso do transporte público. Voulle dicir outra cousa, no regulamento e no proxecto que nós temos facemos unha cousa que se chama extensión de liñas; permitimos que o bus urbano saía fóra dos termos municipais da cidade de Ourense e, á súa vez, poidan penetrar na cidade os autobuses que veñen da área metropolitana. Ademais vamos a permitir que o urbano e o metropolitano use as mesmas paradas internas. A xente da provincia vai poder chegar ás portas da residencia en transporte público; esa é a tendencia normal nas cidades modernas. A tendencia que vostedes formulan é totalmente o contrario, facer estruturas de parkings dunha capacidade de 800 vehículos nesa zona é unha auténtica loucura para a pacificación do tráfico no entorno da residencia. Estoulle expoñendo eu esta conclusión á que chego despois de tres meses cun grupo de traballo en materia de mobilidade. Entón, as cousas hai que pensalas. Primeiro, traen vostedes aquí unha moción sen calcular a verdadeira repercusión económica que lle pode supoñer á Deputación, facendo un compromiso da estabilidade orzamentaria, provocando que fagamos un tremendo desembolso económico que podería servir, como dixo a deputada de Ciudadanos, para construír outro parking; dos disuasorios xa non lle digo nada, temos para construír de aquí ata o Carballiño, se fai falta.

Polo tanto, nese sentido, esa non é unha medida que atopemos axeitada; é a miña opinión, pode estar equivocado, pero a miña está amparada en informes, estudos que, como concelleiro de infraestruturas da cidade de Ourense, estanme chegando. Polo tanto, a cuestión é esa, non nos interesa, non convén á cidade, non convén á poboación ese parking gratuito de 800 prazas. Pero, ademais, non convén á Deputación nin ás arcas da Deputación, porque non sabemos ata onde vai chegar o desembolso económico máis os custos que van incrementar o orzamento ordinario, ano tras ano, por ter que asumir os gastos derivados non só de persoal, hai subministro eléctrico, hai seguros que atender, hai unha serie de necesidades a cambio de non ingresar nada por ese parking. Entón, dende o meu punto de vista como cidadán, como persoa que está traballando por un proxecto de mobilidade urbana sostible da cidade de Ourense, é totalmente desafortunada a proposta que vostedes traen aquí e é o motivo polo cal vamos a votar en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Señor Gómez Pérez, co respecto e afecto que sabe que lle teño, nótase que o 10 de novembro está preto e a falta de aqueles venres sociais, ben poden valer estas ocorrencias porque non é máis ca iso. Mire vostede, hai moitas cousas que nos separan, pero entre persoas da máis variada condición, imos atopar puntos de encontro e un deses puntos é que estamos a falar dun servizo necesario, imprescindible, que ten un compoñente especial ao tratarse de usuarios que precisan deste tipo de instalacións por circunstancias nada desexables. Ata aquí, e nada máis, chega o noso punto de encontro, polo que vexo. As diferenzas son de moito máis calado, posto que ente vostedes e nós hai unha grande distancia á hora de decidir o mellor modo de prestar este servizo. Para vostedes, como para o BNG polo que vexo, a panacea está no gasto público; dá igual haxa ou non haxa cuartos, sexa ou non sexa eficaz e eficiente, que máis dá, o importante é o populismo. A nós xa nos gustaría o país do todo gratis, claro que si, pero a realidade é caprichosa e recórdanos habitualmente que os recursos son limitados. Non podemos facer o que nos dea a gana, nin é prudente nin o podemos facer. Lémbrolle, señor Pérez, que a adxudicación do chamado aparcadoiro do Hospital Santa María Nai foi aprobada por este Pleno no ano 1998. Postos sobre a mesa os custos de construción, preto de 6,3 millóns de euros, así como de explotación, persoal, mantemento, consumos, etc... a Deputación decidiu, daquela, na súa autonomía sacar a concurso a construción e aproveitamento do aparcadoiro con período de 48 anos. Como ben saben vostedes, a empresa adxudicataria foi COPASA coa oferta presentada daquela e que se considerou a máis axeitada, quede isto ben claro, foi a mellor oferta das presentadas; non

deixemos, pois, caer dúbidas ao respecto por se alguén pensa o que non debe pensar. Todo dentro da lóxica, pois temos o costume de respectar as decisións adoptadas polos técnicos ao marxe de que esteamos totalmente de acordo, ou non, e que este sexa o mellor modo de prestar un servizo tan necesario para a cidadanía desta provincia. Servizos en réxime de concesión hai moitos e tamén temos claros exemplos das súas etapas de xestión (das de vostedes, Partido Socialista e BNG), como o complexo deportivo de Eiroás ou as piscinas e pista de pádel de Oira; construídos sobre espazos públicos tamén, adxudicados polo bipartito do concello de Ourense e polo que se fai un pagamento de entorno aos 4.000 €; é dicir, en vez de cobrar pagan. Tamén teño que facerlle unha corrección, señor Gómez Pérez, porque vexo que sobre este asunto anda algo despistado, ao falar do prazo de concesión a 50 anos (si, si, dio na moción, salvo que non a fixera vostede), sabe vostede quen solicitou esta ampliación para compensar a reforma dos accesos ao Complexo Hospitalario coa construción dunha rotonda? Pois tamén xa se dixo aquí, aínda que o oculte, ou intente ocultalo, seguro que sabe que foi o bipartito do concello de Ourense o que promoveu á construción desa rotonda sen ter dispoñibilidade orzamentaria para elo (algo, por certo, moi habitual nas políticas socialistas, facendo que paguen outros as súas ideas e, ás veces, ata caprichos). Acaso non saben que foron vostedes cando gobernaban co BNG no concello de Ourense os que formularon, xunto coa concesionaria do aparcadoiro, o aumento da concesión en dous anos para compensar a obra que COPASA fixera e para a que non tiñan diñeiro para pagala no concello? Si, hai que facerse cargo das herdanzas, das boas, das regulares e das non tan boas, gusten ou non gusten. Fala tamén vostede de sangría económica, típico tamén de vostedes que se esquecen da redución de tarifas aprobada a iniciativa deste Grupo Popular o pasado ano, convertendo este aparcadoiro, quede claro, no máis económico de Galicia; dispoñendo incluso pacientes, familiares e traballadores de media hora gratuíta. Tampouco lles parece ben esta iniciativa, señor Gómez Pérez? Pretenden que o servizo sexa totalmente gratuíto e, téño que dicir, por mero oportunismo político, parece que copiando aquela fórmula do señor Sánchez dos venres sociais (pero agora acabóuselle a letanía) e despois pasa o que pasa: o déficit público dispárase; tan só lembrar que parece ser que o da Seguridade Social, nun ano, disparouse o 47%, eu xa teño medo de cobrar a miña pensión e vostede tiña que ter máis porque é máis mozo. Recréanse vostedes, demagoxicamente, nese pretendido mundo no que todo o gratis é mellor, pero pagan os cidadáns e como? Pois subíndolle os impostos, non hai outra fórmula. Pero no mundo real no que estamos, as cousas valen o que valen e hai que pagar por elas, aínda que as administracións públicas, como é o caso, poidan contribuír minorando, no posible, o impacto no

peto dos nosos veciños. Nese mundo de Yupi, perdóeme señor Pérez pola expresión, agora queren que rompamos un acordo de concesión, nun mero trámite administrativo sen máis e sen repercusión nas arcas desta Deputación; algo se dixo aquí e eu ampliareino máis tarde. Preguntouse vostede, señor Gómez Pérez, canto custaría recuperar a concesión do aparcadoiro? Quero pensar, aínda que aquí non nos dixo nada, que xa farían un pormenorizado estudo económico que, seguindo a súa proposta, demostre máis beneficios para ao cidadán, unha vez descontados todos os gastos de compensación á empresa, non o esquezamos; eu darei datos. No suposto de producirse o rescate que vostede pretende, tampouco vexo claro cal sería o modelo de xestión unha vez aboadas as indemnizacións pertinentes, que non son moco de pavo. Outra dúbida máis, señor Gómez Pérez, como garantiría vostede a dispoñibilidade das prazas suficientes para todos os usuarios ou como limitaría o abuso no uso do mesmo? Sería moi fácil o abuso, moi fácil, e seguro que vostede o entende. Sendo gratuíto, como garantirían vostedes que non ía ser empregado, en moitos casos, por aparcadoiro particular por persoas que para nada tiveran que acudir ao centro hospitalario? Miren vostedes, como ben di o secretario xeral no seu informe, o rescate é un concepto que aparece na Lei 9/2017 de contratos do sector público nos artigos 279, referido a obras e 294 referido a servizos; non obstante como a modificación da concesión, á que se refire a moción do seu grupo, foi adxudicada por acordo do Pleno do 24 de xullo de 1998, este contrato segue rexido pola normativa vixente no momento da adxudicación, é dicir, a Lei 13/95. Polo tanto, o rescate implica, como efecto principal, que se dea por rematada unha concesión, é unha executiva da administración que se impón, irremediamente, ao contratista ou concesionario por unha causa de interese público que o apuntou o señor Caride. É certo que a lei non especifica esas razóns de interese público, pero si esixe detallar cal é o interese público determinante; o que leva a unha maior esixencia de motivación, xustificación ou acreditación do interese público para proceder ao rescate que esixía a lei anterior. Vostedes non din cal é o interese público que xustifica o rescate do que tanto falan. No caso concreto que vostedes nos propoñen, sería moi difícil de xustificar que o interese público fora a gratuidade do servizo polo que, normalmente, se paga en todos os supostos, aparcadoiros públicos da cidade, estacións intermodais, ou mesmo no novo aparcamento do CHOU ou como na maioría dos aparcamentos soterrados de todos os hospitais de Galicia. A nova lei require que se acredite que o rescate vai levar unha maior eficacia e eficiencia na xestión da concesión, neste caso a Deputación debería asumir todos os contratos de servizo e de mantemento que a concesionaria tivera concertados; ben para extinguilos, coa correspondente, indemnización ou ben para

mantelos. Debería tamén asumir os contratos dos traballadores da empresa concesionaria nas condicións actuais; fala vostede de dous, apañados íamos só con dous traballadores para xestionar as 24 horas do día ese aparcadoiro. Ademais, debería xerar os mecanismos de xestión internos para a prestación do servizo o que dificilmente, digámolo claro, melloraría a eficacia e a eficiencias actuais; sexamos humildes á hora de recoñecelo. En resumo, comparando o modelo de xestión dunha empresa especializada na materia e o que puidese ter a Deputación, é moi pouco probable que a Administración resultara beneficiada e incluso que o servizo se prestara en iguais e mellores condicións. En consecuencia, non podemos apoiar esta moción e na miña segunda intervención darei uns datos económicos moi ilustrativos dos que suporía para esta Deputación o rescate. De momento nada máis e moitas grazas pola súa atención.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: teño para responder abondo, voume a esforzar. A verdade é que os argumentos son variopintos e rechamantes. Vou a empezar por Ciudadanos. Señora deputada, os datos que sabe, seguramente de cando formaba parte do goberno, non son os axeitados. En todo caso, só lle digo unha cousa, unha glorieta é de utilidade pública e facer unha glorieta non significa que esa glorieta non siga dando servizo público; non ten nada que ver con que o parking sexa ou non gratuíto. A glorieta, tamén o digo, pagouna a empresa que iso se omite, 200.000 €. É unha cuestión que non ten moito xeito, a glorieta vai seguir estando aí. A glorieta non só se fixo polo parking, fixose porque había un problema, apuntáboo o portavoz de Democracia Ourensana, de mobilidade e de que había problemas nesa zona; non só co parking, senón con outro tipo de cousas. Si, si, vostede¹ que está no concello, lea as actas...mire, ve, o que está sendo irrespectuoso é vostede, despois contestareille a algunha cousa que dixo vostede que é rechamante e que é preocupante porque vostede acaba de dicir de min: *non se entera de nada*; voulle a dicir eu do que non se entera vostede. Vostede si que non se entera de nada e voulle a explicar agora. Íalle contestar máis á deputada de Ciudadanos, pero como se vai abster, entendo que non é motivo. Quen está defendendo, a capa e a espada, este modelo son estes dous grupos que agora se abrazan e que fai pouco dicían o contrario. Mire, señor Caride, cando vostede me di a min que non me entera de nada, vostede está aquí por estar e ocupando o sillón das comisións está ocupándoo por ocupar? Vostede dixo que non falara na comisión e que eu non o podía saber porque non estivera presente. Mire, vostede sabe que se retransmiten as comisións, sábeo? E sabe que

¹ O deputado diríxese ao portavoz de Democracia Ourensana, D. José Miguel Caride Domínguez.

falou, ou non o sabe? Voulle dicir eu o que dixu porque vostede non o sabe; voullo dicir porque o transcribiron os meus compañeiros: *para tomar unha decisión semellante como a do rescate dunha concesión de servizo público, necesitamos facer un estado de custos e agardamos a ter esa valoración e tamén agardamos a explorar outras formas de abaratamento*. O tema non é o que dixera, o tema é que vostede dixu que non dixu nada. Xa que non dixu nada, voulle dicir o que si dixu aquí. Vostede acaba de dar na tecla para que esta moción que nós presentamos sexa máis acaída do que era, porque vostede falou de *leiraparking* e outras cousas. Entón, a empresa agora está bastante máis preocupada coa súa intervención que coa miña, porque iso pode significar que a empresa en calquera momento (se fan o que din que van a facer, que ao final nunca fan) devolveríanos o parking cun laciño e nós dirían: mire, aínda encima páguenos. Vostede é un gobernante preocupante, dígollo sinceramente, preocupante para os intereses desta cidade. E ademais é preocupante para o conxunto da provincia, porque dixu que vostedes estaban facendo un plan de mobilidade, que estaban poñendo autobuses e todo o demais, e quen lle dixu que non estivésemos de acordo con elo? Pero é que non vai diso, señor Caride, o que non se entera de nada é vostede. Estamos falando do rescate do parking público e que volva a pasar a mans públicas. Sabe por que lle digo que é un perigo para toda a provincia, vostede e o seu partido, porque sempre se esquecen do principal que é esta Deputación e para qué está, que é que a maioría dos cidadáns que utilizan ese parking son da provincia, non da cidade. Os cidadáns da cidade poden ir alí a pé ou en bus urbano, como vostede dixu e que o potencie, parécenos ben, cómprolle o argumento; pero, ese é un argumento contrario ao que nós estamos dicindo? Non, vostede non sabe nin o que dí. Cando eu antes dicía o de *mama mía*, non é nada pexorativo, todo o contrario; é unha frase bastante máis educada da que vostede acaba de dicirme a min; porque o que non se entera de nada é vostede, en todo caso a miña é cariñosa. Mire, o máis grave de todo iso, señor Caride, logo vou co PP, pero vostedes como son socios e agora se abrazan, o máis grave, vostede como bo xurista (eu nunca o puxen en dúbida, vostede pon en dúbida todo o meu, pero eu nunca o puxen en dúbida; puxen en dúbida que vostede sexa un bo político, si, é un perigo público coas cousas que está dicindo para os intereses dos cidadáns) vostede e o seu grupo viñeron cuns argumentos, e a nós agora o portavoz do PP tachounos de oportunistas; mire vostede era o que ía levar isto á Fiscalía, mire este titular: *DO pide el rescate del parking del Hospital en base al informe del Tribunal de Cuentas*, isto é do ano 18, non é do Cuaternario. Sorprendeulle? Pois cambie de partido, Armando van ter que cambiar

de portavoz porque senón vaille a dar problemas, ademais sorprendeuse cando era o xurista que ía levar isto. Mire, o seu *jefe*, alcalde, amigo meu, xa lle dixen que é un perigo público como alcalde, non como amigo: *no vamos a permitir que esta empresa, con la connivencia del clan Baltar, siga espoliando a los orensanos y formalizará una comisión inmediata para constituir una comisión de investigación tanto en la Diputación como en el Concello de Ourense; así como un Pleno extraordinario sobre este tema para que el presidente del organismo provincial, Manuel Baltar* (ese señor que está aí que non o cambiaron vostedes por un boneco, aínda que o pareza) ese señor que está aí é o mesmo que querían denunciar polo mesmo que traemos nós aquí e que, señor Plácido, é unha ocorrencia. Vostedes dixeron que era unha ocorrencia, entón, vostedes o que teñen que facer hoxe, dígollo moi serio, vostedes teñen que romper o pacto inmediatamente. Os seus socios de goberno estábanlle chamando delinquentes, fai nada, por esta cuestión. Nós non o dicimos, que o poderíamos dicir, porque se estas palabras as utilizara eu, señor Caride, mire: *otra de las irregularidades que denuncia el portavoz de DO está relacionada con la empresa que explota el parking. No deposita* (falan vostedes de números, ollo, señor Armando, isto tamén o dicía vostede) *las cuentas en el Registro Mercantil desde el 2012, una clara irregularidad; ya que evita la imprescindible publicidad sobre la cifra de negocio que obtiene.* Como vamos saber o negocio que obtén, se non presentan as contas? E acúsannos a nós de traer unha moción sen argumentos? Nós témolos aquí, se os deu vostede, señor Caride. Señor Plácido, os datos deulllos o señor socio de goberno, dixo que rescatar a concesión sairía nuns 10 millóns de euros, entre o lucro cesante famoso -que, volvo a insistir, é negociable- e o que lle temos que pagar á empresa. 10 millóns de euros? 10 millóns de euros para esta casa non son nada. Cando digo que non son nada, dígoo para esta casa, non para o resto dos cidadáns. Mire, no informe ao que os tres aludían, tamén di unha cousa a secretaría (hai que dicir toda a verdade, señora de Ciudadanos), di unha cousas fundamental que é na que se fundamenta o noso argumentario que é que *esta secretaría entiende que o pagamento das indemnizacións sinaladas non tería que realizarse de forma anticipada na súa totalidade no momento do rescate, xa que isto significaría beneficiar á concesionaria.* Evidentemente, non temos que beneficiar á concesionaria, temos que beneficiar aos cidadáns desta provincia. Polo tanto, é unha cuestión de utilidade pública; tamén o dixo o señor Plácido, unha cuestión de utilidade pública, que nós non o sabemos. Señor Plácido, vostede si que non fixo os deberes, mire, sabe o que empeza dicindo ese informe? Primeiro, que a obrigaón sería do goberno provincial de

iniciar a tramitación do expediente de rescate da concesión que, de ser o caso, unha vez tramitado fariáanse as xestións que é o que nós pedimos, non vimos aquí a pedir ningunha barbaridade. É intención política e vostede sábeo mellor ca min, que nos entendemos moi ben, que aquí temos rescatadas outras cousas moito máis graves e sen moito menos beneficio para os cidadáns que do que estamos a falar. Ademais di outra cousa que é fundamental: *en razóns de interese público*, claro que é interese público! por iso nós traemos esta moción, temos que defender o interese público. *En razóns obxectivas de interese público*, di; por iso os deberes téñenos que facer vostedes, non eu. Señor Plácido, dígollo con cariño, vén co mesmo argumentario que ten sempre; sempre que traemos aquí algo é por motivos electorais. Home, non estamos de eleccións todos os días porque levamos aquí moito tempo e sempre é por motivos electorais. Home, en catro anos estase moitas veces, pero non tantas! Despois, di sempre que son ocorrencias, aquí as únicas que non son ocorrencias son as que non son súas. Vostede faciame a pregunta de se non estabamos tampouco de acordo na rebaixa de prezos que se levou a cabo e eu contéstolle, como non vamos a estar de acordo? Sabe por que llo digo? Porque nós trouxemos esta moción aquí, tróuxena eu sendo portavoz do meu grupo. Sabe o que contestaron vostedes cando trouxemos esa posible rebaixa de prezos? O mesmo que agora, dixeron que era unha ocorrencia e non a aprobaron. Despois trouxérona vostedes e entón xa está ben. Mire, coas ocorrencias do señor Caride, como siga este bipartito, eu asegúrolle que non é que o vaimos rescatar, é que nolo van a entregar porque entre os *leiraparking*, entre as cuestións que poñen en entredito a legalidade e todo o demais, volvo a dicir, os donos dese parking están máis preocupados ca nunca coas súas intervencións. Seguramente nolo van a devolver e cando nolo devolvan dirán vostedes: non, é como utilidade pública, isto non lle vai custar as arcas da Deputación, é un investimento. Mire, custa 10 millóns de euros rescatalo, sabe canto custou cando se baixaron as taxas (está aquí nun informe) pois máis ou menos o que ten estipulado, que é beneficio que suporían esas instalacións que temos é máis ou menos de 10 millóns de euros. Polo tanto poñer 10 millóns de euros, se recuperamos un edificio que xa o vale, pois non perdemos nada. Por empezar por aí, coas contas de andar por casa. Polo tanto sería un beneficio para esta casa. Despois dise que témonos que facer cargo dos traballadores, señor Plácido e señor Caride, mire, se iso acontecera, vostedes ían a dicir o contrario que están dicindo agora. Os traballadores cústannos cartos (si, son dous, máis os rotatorios), pero esquecen unha cousa, a maioría dos parkings, agora, funcionan case sen persoal, teñen o persoal porque o teñen. Hai moitos nesta

cidade nos que o persoal é moi pouco e tiñan que ter máis, por certo. Pero mire, se son esas dúas persoas, máis algún rotatorio, iso é menos custe que o mantemento (míreo aquí no informe que llo poñen) que o encontro bioceánico de caciques, custa menos ao ano que o encontro bioceánico de caciques. Así que fíxense vostedes se é barato recuperar este parking, porque o encontro bioceánico parece ser que é para abrir as portas dun sitio público e logo só están vostedes porque eu non vin en ningún sitio que estaba invitada á cidadanía a iso. Díciame o señor Plácido que lle contestara eu, eu non teño que contestarlle, pero xa que me interpela, que lle contestar eu cal sería a fórmula para que iso non resultara un abuso. Home, os centros comerciais, cando imos alí a comprar algo, teñen capacidade para que iso sexa gratuíto; pero que tamén eles teñan un beneficio sobre esa utilidade que lle dan ao parking. Pois isto o mesmo, só que cunha diferenza, fagamos que esa cuestión controlada sexa polos propios medios que ten, neste caso, o fin para o que está concibido que é o propio centro hospitalario e iso pódese facer moi fácil. Claro, vostedes queren que lle presentemos o rescate, que llo ofrezamos á cidadanía, que lle deamos os números, que lle digamos que están vostedes errados e, aínda encima, que lle digamos como teñen que facelo; entón déixennos estar a nós e xa o faríamos, porque iso si llo aseguramos. Se nós estamos, señor Plácido, si que o faremos, sabe por que llo digo? Porque vostede sempre fai o mesmo, sempre di que a xestión dos socialistas en todos os sitios é prexudicial para os cidadáns... home, pregúntello aos cidadáns de Vigo no parking que teñen alí para todos, gratuíto; ou pregúntello aos de Lugo, por certo, gobernos socialistas. No bipartito que vostede tanto deosta, non neste, naquel bipartito póñolle só un exemplo: a autovía entre Santiago e Ourense. Hai un tramo que se fixo un goberno socialista e o BNG, e hai un tramo que se fixo co PP; vostedes non a rescataron ao poñela de pago. A de Ourense que por certo, volvemos a estar na mesma, sen recibir un can. Ese é un mal exercicio para os cidadáns desta provincia que estamos discriminados sistematicamente? Non. Naquel momento, ata o presidente que había aí sentado, que si miraba algo pola provincia, aínda que....., dicía que esa discriminación positiva, era positiva (vostede estaba aquí señor Plácido e eu tamén); polo tanto isto non é nada descartable. Non se empecinen en dicir con números, o que hai é que poñerlle sentido común. Dixo o señor Caride outra cousa que me chamou moito a atención: *eu non veño aquí a facer política*. Un señor que está sentado aí, que está sentado co concello de Ourense, dixo que non vén a facer política. Pois si, nós vimos a facer política porque a política, señor Caride, é a que corrixe as desigualdades dos cidadáns e a que corrixe, non todo pero en parte, que os cidadáns poidan

estar mellor. Nós traballamos para que esta provincia, en conxunto, estea mellor. Dígolle unha cousa, isto non vai dun Excel ou de facer números, vai de vontade política e a vontade política, nun momento ou outro, corríxese e sabe por que? Porque vostedes que falan desa actividade pública, ao mellor téñense que preguntar porque, ao mellor pásalles o mesmo que coas autovías ou as autoestradas, que Aznar puxo que había que pagar, non todo gratis como dixo vostede, e que agora tivemos que rescatar todos e pagalas. Ese tamén é déficit público que herdamos de vostedes, porque cando falan das herdanzas só falan do que lle convén. Por certo, agora vamos a ver a última intervención e espero, de verdade, non sorprenderme máis; como siga con este nivel de sorpresa, por parte do señor Caride, dígollo con todo o afecto, vou ter que facer un curso intensivo de como entender como unha persoa que está sentada nunha deputación que está sostendo un goberno provincial e que sostén un goberno local, empece a súa intervención dicindo que non vén aquí a facer política. Eu si que veño aquí a facer política en nome do meu grupo. Moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Señor Gómez, vostede di que eu traio estes datos porque eu formaba parte, anteriormente, do Partido Popular. Iso é mentira, eu os datos que teño son porque eu son unha deputada responsable, dun partido responsable e que fago o meu traballo e o meu traballo consiste en buscar toda a documentación necesaria con calquera punto da orde día deste Pleno e vir aquí e explicar, despois de informarme, cal é o punto de vista que entendo que é o máis responsable e coherente. Vostede di que a glorieta vai a quedar aí; dende logo que a glorieta vai quedar aí, GEORSA non a vai levar para a súa casa. Eu o que quería dicir, que vostede sabe perfectamente o que quería dicir, é que no ano 2009, que é o que máis lle importaba ao Partido Socialista? Que o parking fose gratuíto, ou que a empresa lle fixese a glorieta? Polo tanto, vostedes no ano 2009 tiveron unha prioridade e era que a empresa, que custaba máis caro ir a ese parking e que vostedes lle posibilitaron, non a Deputación, senón o Concello, lle posibilitaron a ampliación desas prazas e lle posibilitaron que “gratuitamente” lle fixeran un servizo á cidadanía, vostedes nese momento opinaban, ou lles daba igual, o custo que tiña para os veciños ese parking. 10 anos despois, vostedes veñen a dicir, loxicamente, que o importante é o custo do parking. Para todo isto sempre é importante traer datos e saber a realidade do que está a acontecer, sobre todo para que os nosos veciños desta provincia entendan e poidan ter unha opinión coherente do que realmente sucede co tema do parking como xa expliquei na miña primeira intervención. Vostede di que o informe do secretario di

que se pode pagar anualmente; moi ben, todos limos ese informe e se esta deputada non o tivera pedido, vostedes tampouco, porque pediuno esta deputada en comisións informativas. Dáme igual que se poida pagar anualmente, e que ademais está o custo que, volvo repetir, vostede di que é debatible, non é debatible un custo lucro cesante porque está recollido na lei e a empresa o único que pode facer é levarnos ao xulgado e que teñamos aínda un incremento dos custos desa retirada da concesión. Polo tanto, eu entendo que non está sendo vostede completamente transparente. Vostede di que, como eu vou a absterme, vostede non segue a debater comigo. Eu convídoos a que, aínda que me absteña ou vote a favor en propostas que vostedes traian aquí, debata comigo porque nos gusta debater e a min gústame debater con todo o mundo porque considero que con datos e realidades se chega ao fondo da cuestión. Entendo que os datos que lle din a vostede non lle interesan, ou ao seu grupo non lle interesa, e entendo que vostedes trouxeron a moción electoralista a este Pleno. É moi triste traer unha moción electoralista tendo polo medio a palabra enfermos ou enfermidade. Tamén lles vou a lembrar, xa o dixen na primeira intervención, que fagan, senón fareilles eu un escrito, a todos os traballadores do Hospital de Ourense e díganlle que teñen un trato de favor no parking do CHOU, que vostede o dixo na súa primeira intervención. Vostede di que só custa, segundo os seus cálculos (segundo os meus é bastante máis), 10 millóns de euros. Carallo, 10 millóns de euros! Voulle a explicar eu o día 13 de novembro, no debate no estado da provincia, voulle explicar eu o que faría con 10 millóns de euros nesta provincia; voulle explicar ese día, entenderao perfectamente. Repito, deume pena que vostede non me debatera todos os datos que eu trouxen aquí. É importante debater, aínda que me absteña, aínda que vote a favor porque eu entendo que todos temos diferentes puntos de vista e eu creo que nos enriquece e nos fai ser máis próximos e humildes coa poboación, que poden estar máis ou menos de acordo cun tema ou ter diferentes puntos de vista, pero sobre todo ser coherentes e responsables co diñeiro dos nosos veciños. Moitas grazas e nada máis.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: eu creo que hai que debater con mesura porque, senón, váisenos. Simplemente quero incidir no que comentaba anteriormente, creo que a aprobación desta moción non significaría o rescate do parking de xeito inmediato, senón que nos daría a oportunidade de tomar unha decisión razoada coñecendo os datos que exporía a concesionaria, loxicamente, que tería o seu momento para presentar os datos dos beneficios que está a ter. Sigo incidindo, creo que sería un dato importante e que deberíamos de coñecer, en primeiro lugar nós como representantes da cidadanía, e logo poder trasladarllo aos cidadáns e

cales foron as consecuencias desa decisión tomada hai 20 anos, eu humildemente considero que de xeito errado. A partir de aí, non digo aquí que o BNG, dende xa, apoiara, aínda que si dende un punto de vista de ideario político, que o parking fora público; pero si é certo que ao mellor a conclusión á que chagabamos era a contraria, pero para empezar teríamos que coñecer os datos, senón estamos aquí un pouco falando por falar. Para que iso se puidera dar, entendo que esta moción debería de ser aprobada e por iso vamos a apoiar ao Partido Socialista, non porque de partida e de forma cega consideremos que si nos falan de que despois o rescate son 60 millóns de euros, pois evidentemente habería que remiralos tres ou catro veces. De partida, cando menos, si que consideramos que debería de ter a oportunidade esta Deputación de estudar esta medida e para iso é indispensable coñecer todos os datos. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana: cando eu estudaba na facultade unha materia que lle chamaban Filosofía do Dereito, tiña un profesor que facía unhas prácticas chamadas *tópica jurídica*; consistía en ter 15 minutos para defender un tópico de tal xeito que fora inatacable e outros 15 minutos para atacalo, de tal forma que fora indefendible. A *tópica xurídica*, ou a *tópica política* que o señor Ignacio Gómez fai aquí?, vostede vén aquí a presumir de retórica, a falar de todo e eu, cando digo que non veño a facer de política, quero dicir que non veño a facer *tópica*; veño a expoñer o que ía poñer sobre esta mesa unhas cuestións moi concretas e específicas para que a decisión que se adoptase fora a correcta. A vostede, ao practicar a *tópica*, impórtalle ben pouco que se rescate o parking ou que se deixe de rescatar; a vostede o único que lle importa é atacar, principalmente a min e a Democracia Ourensana, atacar o pacto; pero fáltalle criterio. Eu dinlle unha serie de datos e non atopei por resposta máis que unha chapa (perdón pola expresión) de máis de media hora de intervención, falando de todo; pero sen entrar ao cerne da cuestión. Ademais, distorsionando e confundindo as cousas, pídlle que nas próximas intervencións que teña procure ter máis información, estudar e asesorarse para que non lle cambie eu o nome ao de Ignorancia Gómez. Mire, o tema do rescate que formulou Democracia Ourensana por unha sentenza do Tribunal de Contas, era abrir as portas (e non era eu o xurista que levaba o tema por non ser a miña especialidade) a un rescate gratuíto, sen custarlle nin un euro á Deputación pola suposta irregularidade da concesión. Agora non, agora vostedes veñen a pedir un rescate que lle vai a custar á Deputación, como mínimo, 4 millóns de euros e, a partir de aí, todo o que resulte dos beneficios deixados de percibir durante o que resta de concesión. Segundo, aquel rescate non modificaba o modelo de xestión; o servizo podía ser xestionado

directamente por un concesionario. Este obriga a modificar o modelo de xestión. Polo tanto, hai unha diferenzas moi grandes e importantes. Terceiro, nós non pedimos o rescate para que o parking se entregase gratuitamente, nunca se fixo, hai unhas notas de prensa onde se recorda como Democracia Ourensana o que sempre pedía era unha redución do prezo do servizo, non que fose gratuíto. E por que non é gratuíto? Porque se alguén vai ser especialmente prexudicado pola gratuidade do parking do Complexo Hospitalario, é a xente da provincia. Mire, por que existe a O.R.A? como funciona a O.R.A? consiste en dedicar uns espazos e cobrar por o uso, por que? Porque se non se cobran están ocupados por un día enteiro. Dixoo o señor Plácido na súa intervención, un parking como o da Residencia, se non hai un control, a través dun mecanismo de cobro, o que vai é o entorno de todo o barrio a aparcar alí e quen vai as sufrir as consecuencias diso é a xente que vén de fóra. A min o que me sorprende, e descúlpeme, dígollo con cariño, é que, dende que cheguei e puxen en marcha un estudo de mobilidade na cidade, rodeeime de profesionais, de técnicos que me asesoran; pero vostede sabe moito máis ca eles, vostede chega aquí, formula.... impórtalle un comino o rescate do parking, o que lle importa é atacarnos e facer política. Cando eu digo que non veño a facer política, digo que poñe enriba da mesa dúas cuestións; primeiro, custo do rescate e conveniencia do rescate e, sobre todo, conveniencia de se o parking debe ou non ser gratuíto. Existen outras alternativas nas que estamos traballando. A min o que realmente me sorprende e me saca un pouco de quicio, é que botemos horas en xuntanzas con xente que entende... mire, acabamos de encargar unha auditoría do tráfico da cidade de Ourense con espiras magnéticas para saber os índices de circulación, mentres non teñamos eses datos nós non podemos falar. Non, non, claro, vostedes mesmos cando están xustificando que a empresa concesionaria encha as arcas, están falando dun fluxo de tráfico (entrada e saídas); pero é que ese fluxo de tráfico no parking que vostedes queren facer gratuíto, nese fluxo de tráfico poden pasar dúas cousas, pregunteino antes de vir a esta moción: unha, que baixe porque o parking vai a estar completo todo o tempo da apertura (o que impedirá que a xente que veña de fóra non poda aparcar alí; seguro que iso non o valoraron), ou que se multiplique por tres, o cal ocasione un caos circulatorio. Vostede rise, non, isto non o digo eu, teño uns informes e estamos traballando no concello... ademais, vostede vén aquí cunha especie de autoridade moral a dicir o que temos que facer no concello de Ourense, despois de que esteamos dende o mes de agosto estudando e traballando nese tema. Eu alucino, ese si que é un político perigoso e despois fala de ocorrencias dos demais. Este é un tema moi serio. Estudar un fluxo de

tráfico nun parking con 800 prazas é un tema moi complicado e pode ter uns resultados moi diferenciados. Isto non se pode facer dun xeito alegre. Despois fala con alegría dos cartos da Deputación; dos cartos de todos os cidadáns da provincia. Claro, 4 millóns non valen para nada; pero é que ao mellor dispárase o custo. Entón, estas cousas hai que velas con criterio, non hai que politizar; é ao que me refería eu, eu non veño a politizar neste asunto, como noutros. Aquí hai que estudar as cousas con criterio. Eu son Miguel Caride, son un cidadán da rúa...a min dáme igual que fale media hora do sexo dos anxos, a min iso impórtame un pepino; aquí o debate é procede ou non procede o rescate? Procede ou non procede gastar de 4 millóns para arriba da Deputación de Ourense polo capricho dos señores do Partido Socialista de rescatar o parking? Procede facer gratuíto o parking? Procede estragar a pacificación do tráfico da zona? Todos eses datos requiren de moito estudo e de moito repensar. E despois din que somos nós os que temos as ocorrencias. Mire, esta moción, sinceramente...e todo o resto xa non llo vou contestar a un montón de tonterías que dixo, e perdóeme, porque son tonterías o que dixo; esta moción é desafortunada. Esta moción require un tratamento moitísimo máis serio do que está facendo vostede aquí. Non se pode vir a facer política, buscando onde poder meter a cuña, para intentar rebentar o pacto PP-DO; hoxe tocou o parking este, mañá tocará outra cuestión. Vamos a ver se buscamos solucións dos verdadeiros problemas e non vimos a discutir sobre algo para o que non hai datos suficientes, nin económicos nin técnicos sobre a circulación do tráfico. Segundo vostede, para que vou gastar no concello de Ourense nun contrato para que fagan un estudo e unha auditoría de tráfico; non vai falta, contrato ao señor Ignacio Gómez e xa ma fai el porque é o señor que máis sabe dos vinte e cinco que estamos aquí. Pois nada, siga así; eu seguireille dicindo estas cousas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente, espero ser máis breve na miña intervención. Señor Gómez Pérez, non entro en chascarrillos, nin en opinións políticas do pasado. Estamos no novo mandato, cunhas novas circunstancias e aí está. en canto aos socios de goberno, xa llo dixen máis veces, orgullosos dos noso pacto de goberno con DO. Que malos son agora e que bos eran cando o intentaron vostedes! pois sigan poñendo cuñas que, como din alá no meu pobo, lévano claro. Mire, son vostedes especialistas en ter amigo e deixar de telos, non sei por que nos culpan a nós da amizade con DO agora. Home, Ciudadanos primeiro, logo denostados, o señor Rivera non vale para nada. Podemos, primeiro ben, logo horrible. Bildu, tampouco. Independendistas, tampouco. A vostedes válelle todo con tal de gobernar e logo critican que nós cheguemos a un acordo con Democracia Ourensana. Pois

chegamos e seguirémolo mantendo, mal que lles pese, e polo ben desta provincia. Creo que me escoitou mal, ou non deu anotado todo o que dixen porque puxo na miña boca bastantes cousas que eu non dixen; en todo caso non llas vou repetir porque prometín ser breve. Ese *ordeno e mando* que fala do noso presidente, eu non sei o traizoará o seu subconsciente; para nada o noso presidente exerce así e eu podo dicilo con orgullo nos anos que levo ao seu lado; pero ao mellor a vostede traizóano o subconsciente porque é precisamente o que pasa na súa casa política. E fixenlle preguntas, claro que llas fixen, porque cando se presenta unha ocorrencia deste tipo, polo menos, hai que concretala na medida do posible. A responsabilidade de gobernar é nosa e a de aprobar ou non ás iniciativas, tamén. Con respecto ao interese público, non concretou vostede para nada onde está o interese público. Deixei claro na miña intervención que a gratuidade non é o interese público; o interese público é dispoñibilidade das prazas; non, como apuntou o señor Caride, que se converta no aparcadoiro de non sei quen; incluso dalgún coche que non teña praza, eu lévoa alí e logo vouno buscar no autobús cando me pete, por exemplo. Dito isto e en definitiva, vou a dar os datos que prometín, señor Gómez Pérez. En caso de rescatar a concesión para facer un aparcadoiro gratuito, a Deputación debería soportar os seguintes custos (e falo en termos aproximados pero moi aproximados) os investimentos pendentes de amortizar ao día data, e nese sentido, dado que a modificación do contrato acordada o pasado ano, o custo anual da amortización -xa se dixo aquí, pero volvo a repetir- é de 126.844€ e tendo en conta que a concesión non se extingue ata o ano 50 (restan 30 anos) a contía estaría roldando os 4 millóns de euros. Unha indemnización á concesionaria polos danos e perdas que lle ocasionaría o rescate, incluíndo os beneficios futuros que deixaría de percibir –o lucro cesante- e a perda de valor das obras e instalacións; sendo unha incógnita a día de hoxe a súa valoración, que debería ser acreditada en caso de que o expediente se levase a cabo. En todo caso, quero apuntar que, segundo os datos dos que dispoño –aquí teño unha táboa- os 200.000€ ano, mínimo, que suporía a contía anual de beneficios, multiplicado polos 31 anos; pois andaríamos roldando os 7 millóns de euros que, sumados aso 4 dos que acabo de falar, iríanos a 11-12 millóns de euros no mellor dos casos e non a 4 como algún medio de comunicación e voceiro apuntaron. Non é o mesmo 4 que 11-12 mínimo. Non podemos esquecernos tampouco dos custos de mantemento e xestión do aparcamento, incluído persoal existente (se é suficiente, coido que non), e resolución de contratos con provedores de servizos actualmente contratados: tampouco da perda do canon que actualmente percibe a Deputación, reducido como vostedes din, si, pero máis de 26.000€/ano deixaríamos de percibir, e do pago do IBI urbano ao concello de Ourense, que tamén se lle

esquece a vostedes, supera os 20.000€/ano que tería que pagar a Deputación en caso de rescatalo. Vaian sumando. Por último, un aspecto que vostede nin cita, nin teñen en conta que é a existencia dun aparcadoiro gratuito en destino, iso que supón? Un forte impacto sobre a elección do medio de transporte privado fronte aos medios de transporte públicos, máis eficientes (estaremos de acordo) dende o punto de vista ambiental e para conseguir unha cidade onde primen, de maneira clara, os peóns fronte aos vehículos. Niso tamén estaremos de acordo, aínda que non se diga. En consecuencia, como poden observar a nosa posición é clara e fundamentada e, polo tanto, votaremos en contra da súa moción. Moitas grazas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: ás veces é imposible ter breves turnos, cando os ataques veñen por todos os lados. Cando eu dicía que había tres portavoces, está claro. Vostede² di cousas que eu non digo, é habitual que o faga dende hai moito tempo aquí, con respecto á miña persoa; eu non lle dixen en ningún momento que eu non quixera debater con vostede, eu díxenlle que eu pensei que vostede tiña esa abstención porque dubidaba, pero despois, á vista da defensa que fixo, aínda é peor ca eles, porque dixo cousas que non se corresponden co que eu dixen, nin co que traemos aquí. Primeira cuestión, vostede vaille enviar un escrito aos traballadores do SERGAS? Enviello, eu non teño ningún problema. Vostede dixo unha cousa que eu non dixen. Eu dixen que, incluso, podería ser discriminatorio que os traballadores pagaran menos que os usuarios habituais. É o que dixen, e porque había un convenio, pero ese mesmo convenio e existe, os traballadores non van a pagar nada. tamén o dixen noutra ocasión, vostede falou de médicos, de pinches e de celadores; tamén é discriminatorio, ao mellor, que pague o mesmo un médico que un celador. Sabe canto se paga? Sabe cal é o convenio? Seguro que non o sabe. Élle de 35 € para todos, lineal. Iso é discriminatorio porque non cobra o mesmo un médico que un pinche. Así que vostede vaia e explíquello aos traballadores; eu pódollo explicar porque falaram comigo deste asunto e dáse a casualidade que a gran maioría, que son os que cobran pouco, non gardan alí o coche. Mire vostede, non se completan as 146 prazas, non sei se o sabe tamén. Polo tanto non diga cousas que nós non dixemos, ou que eu non dixen que eu fágome cargo das cousas que dixen tamén. Tamén lle digo outra cousa, isto dígollo aos tres, eu como gobernante, eu non sei máis que ninguén, señor Caride, máis que vostede de política parece que si, porque vostede dixo que non actuaba como político, e que era un cidadán de a pé, claro, os demais somos

² Referíndose á deputada de Ciudadanos.

xentes, entelequias que estamos por aquí e non nos decatamos do que pasa na rúa. Vostede aquí ponse o traxe de que é cidadán de a pé cando lle convén, pero para outras cousas é político, si, si, para percibir os salarios, é cidadán ou é político? Eu son político, non teño ningún problema en dicilo, cobro por elo; pero vostede tamén e bastante máis ca min. Por moito que me insulte, non vai conseguir que eu o insulte a vostede, sabe por que? Porque diso tamén vai a política, de respectarse. Vostede non respecta porque se pon nervioso. Cando non ten argumentos, ponse nervioso e falta ao respecto; empezou chamándome ignorante, cando vostede é o único ignorante porque non sabía nin o que dixeran os seus. Polo tanto, esa é a ignorancia, non é outra como vostede quere trasladar. Vostede falta ao respecto e iso é bastante habitual en Democracia Ourensana, pero non debería ser habitual na política. Pensei que vostede tería algo máis de nivel, pero xa vexo que non. En todo caso, o nivel demostrase andando e vostede os argumentos que fixo para argumentar esta defensa son baldíos, non valen para nada. Vostede di aquí que eu lle mandei unha chapa, claro teño que contestar a tres. Pero vólvolle a dicir, vostede falou de todo, menos do que interesaba; é máis, non se acordaba do que falara nas comisións, si, si, non se poña nervioso. Vostede falounos do plan de mobilidade, que estamos de acordo, dos aparcamentos; pero vólvolle a preguntar, están de acordo en rescatar o parking ou non? Mire, voulle a dicir máis, sábeno os meus traballadores (os do meu grupo) e pódeno corroborar, nós calcamos na moción o titular para poñerlle o seu, para que vostedes estiveran de acordo e nin así. Polo tanto, están de acordo ou non na filosofía? Que vostedes dicían e tachaban de irregularidades graves, señor Caride que vostede é xurista; vostede acusaba a ese señor de irregularidades graves porque vostede estaba nese partido, acusábano no ano 18. Polo tanto, iso aínda é máis grave do que traemos nós aquí. Vostedes acúsannos de traer aquí ocorrencias e de traer unha moción sen pensar e vostedes veñen, acusan a un goberno, sen pensar, dicindo que había irregularidades, aludindo, señor Plácido, a un suposto informe do Tribunal de Contas que non falaba dos parkings, diga vostede todo, eu non me meto nos acordos que teñan vostedes como goberno, eu métome se eses acordos son prexudiciais para os intereses dos cidadáns. Ese é o problema, non que cheguen vostedes a un acordo; a nós fannos un favor. Non pensen que nos preocupa non ter gobernado con DO, todo o contrario; visto o visto é mellor. Tamén lle digo unha cousa, non se preocupe que a nós non nos vai a prexudicar, todo o contrario. Eu díxenlle que ían a perder a maioría nesta casa e perdérona e tamén lle digo que eles van a desaparecer, tamén llo digo e senón ao tempo. En todo caso, para centrarnos no que vostede dixo. Como pode dicirme,

señor Plácido, que non existe un interese público ou que nós non o temos constatado? Facémoslle unha enquisa a todos os cidadáns desta provincia do parking? Eu insto á Deputación ou a un observatorio desta casa que son sempre moi recorrentes, fagan un observatorio do parking xa verán a que conclusión chegamos; claro, se o fan persoas independentes, non *ad hoc*. Fágano vostedes e logo dirannos a nós se son ocorrencias. Señor Caride, fale vostede coa xente da rúa. Supoño que antes falaban e traían estas ocorrencias; agora se esqueceron porque están noutro escalafón. Pois non, seguímoslle estando na terra e a xente opina iso. Tamén pregunto eu, se baixamos os prezos, que vostede o venden moi ben, e antes eran o que eran, a diferenza -eu son un ignorante niso, pero vostede non- cal é a diferenza entre un furto e un atraco? Vostede sábea, verdade? Entón, antes nos atracaban e agora é só un furto? Antes era para ir ao cárcere e agora, que é? Digo eu, porque se segue dando beneficios. É unha pregunta moi sinxela, en dereito habería que defendelo e moi moito. Sabe por que digo isto? Porque volvo a insistir, e díxoo o compañeiro do BNG que lle puxo sensatez ao tema, esta moción só implica que teñamos unha posición política para iniciar algo; implica iso e vostedes non o queren facer, ese é o problema. A partires de aí, pódese falar de moitas cousas. Mire, e remato, eu como gobernante, señor Caride, tiven que defender o contrario ao que nós nos opuxemos como oposición, si, pero en defensa do interese público. Voulo a explicar. Nós defendíamos que non se fixera un parking público en Ribadavia, cando eramos oposición, porque ía ser prexudicial para a cidadanía. Foi prexudicial, quedámonos sen unha alameda singular, dío o todo o pobo, é máis, perdería o PP as eleccións por aquela situación. E sabe o que aconteceu? Cando ese parking se foi, porque os empresarios cando non fan negocio, vanse e impórtalles un rábano que lle cederas por 50 anos un espazo público, aínda en cima que non viña en contrato, esixíanos ese lucro cesante e unha indemnización que tiven que defender como alcalde, e caro nos custou, e aínda a estamos defendendo. Con iso que quero dicir? Que aquí hai que mirar polos intereses do público, non do privado; porque o privado, volvo a dicir, no momento en que non lle sexa viable, non teñan medo que nos van a quitar, se fai falta, ata a camisa e vanlle a interesar moi pouco os argumentos que vostedes dixeron agora. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que non é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

9º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO DESABASTECIMENTO E POSIBILIDADE DE PECHE DE FARMACIAS EN OURENSE E ÁS ACTUACIÓNS QUE CÓMPRE DEMANDAR PARA GARANTIR UN SERVIZO BÁSICO PARA A VECIÑANZA

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: moitas grazas. No mes de setembro, a veciñanza de Lobeira protagonizaba manifestacións diante da farmacia da localidade para denunciar a situación de desabastecemento e atención insuficiente da que xa alertaran no pasado mes de agosto. Estes veciños e veciñas tamén teñen entregado no Concello de Lobeira, no Colexio Oficial de Farmacéuticos e na Delegación ourensá da Consellería de Sanidade máis de 300 sinaturas e escritos de protesta contra unha situación límite. Dende hai moito tempo denuncian a falta de fármacos e produtos básicos e tamén a deficiente atención ao público, en canto a horarios de apertura e días seguidos nos que non se abre; de modo que a veciñanza desta localidade, de xeito recorrente, debe desprazarse ata outras localidades veciñas en coche privado ou en taxi, xa que sofren tamén a falta dunha rede de transporte público e estamos a falar dunha poboación singularmente envellecida. A situación de Lobeira fixo saltar as alertas sobre un problema que, desgraciadamente, non afecta en exclusiva a esta localidade e que debe levar ás administracións á reflexión e a toma de medidas. Dunha banda, cómpre lembrar a preocupación pola falta de abastecemento de medicamentos que puidemos coñecer, en varias ocasións, no que vai de 2019; por exemplo, no mes de maio diferentes colexios farmacéuticos galegos indicaban como o desabastecemento de medicamentos de todo tipo viña sendo problemático dende había tempo e urxía mudar a política de prezos. Este é un problema xeral, pero que afecta en maior medida aos concellos rurais por ter un menor número de oferta. Se ben é certo que detrás deste desabastecemento hai causas complexas e variadas –como o caso de Lobeira- que van dende sistema de prezos ata a falta de laboratorios próximos e aos problemas de importación, especulación, aumentos puntuais de demanda, etc..., tamén é certo que os mecanismos postos en marcha polo Estado e a Xunta de Galicia non se teñen mostrado como suficientes e cómpre esixir unha meirande atención. Doutra banda, na provincia de Ourense existe un amplo risco de desaparición de farmacias como

consecuencia do despoboamento e do desprazamento de poboación cara ás cabeceiras de comarca e ata a propia capitalidade; son un elo máis na cadea de desaparición de servizos fundamentais que cómpre atallar. Aínda que recoñecemos a liña de cooperación aberta no mes de maio entre esa Deputación e o Colexio de Farmacéuticos –descoñecendo se este acordo xa tivo efectos prácticos-, dende o Bloque recoñecemos que o servizo farmacéutico é un servizo básico e imprescindible para os veciños e veciñas; máis aínda nas comarcas ourensáns xa que na estrutura galega por idades atopamos que somos Ourense quen temos a media máis alta por riba dos 50 anos, polo tanto, meirande exposición á necesidade de produtos farmacéuticos e meirande exposición ás dificultades de desprazamentos para suplir a falta deste servizo ou de desprazamento. Propoñemos os seguintes acordos:

1º.- Instarlle á Consellería de Sanidade a revisar o mapa farmacéutico de Ourense, tendo en conta as proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística e as crecentes necesidades da veciñanza e a tomar medidas para garantir o abastecemento de medicación reformando a Lei de ordenación farmacéutica de Galiza para blindar unha rede suficiente de farmacias para atender o territorio.

2º.- Instar ao Ministerio de Sanidade a avaliar antes do final de 2019 o funcionamento en Galiza das medidas recollidas no Plan de Garantías de Abastecemento de Medicamentos 2019-2020 e elevar, se é preciso, as contías das sancións (como seguramente se tiña que ter aplicado no caso de Lobeira).

Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:
moitas grazas. Simplemente lles vou a ler un artigo que saíu no día de onte nun medio de comunicación e di o seguinte: *el Ministerio de Sanidad impulsa un Plan con medidas para que crezca la prescripción de medicamentos genéricos y biosimilares, entre las que se incluye la subasta de fármacos, con precios por debajo del oficial, como ya se hizo en Andalucía. Con este proyecto, la Consellería de Sanidad espera que se contenga el gasto en recetas, pero para las boticas gallegas no es una buena noticia. Las farmacias ya advierten de que "el desabastecimiento de las boticas ya es crítico, y con el nuevo plan aumentará". Así se expresa el presidente del Colegio de Farmacéuticos de Ourense, Santiago Leis. En verano, había casi 600 presentaciones farmacológicas de suministro difícil en Galicia. En 2018, hubo problemas*

para despachar a los pacientes 1.322 medicamentos en España, el doble que en 2015. "España no es atractiva para la industria farmacéutica. Una de las razones que explica el desabastecimiento de determinados medicamentos son los precios bajos. Con los recortes continuos, las compañías proveen antes a países con tarifas más elevadas, y dejan España para el final", explica Santiago Leis. Supondrá un problema para las farmacias, pero también para los enfermos, remarca el presidente de los farmacéuticos de Ourense. "Se está poniendo en peligro el sistema de prestación farmacéutica. ¿De qué vale bajar los precios, si no vamos a tener fármacos que vender?", se pregunta Santiago Leis. O titular é: Las boticas gallegas alertan que habrá más desabastecimiento. O meu voto vai a ser a favor. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana: grazas, señor presidente. Dise na moción que *detrás deste desabastecemento existen causas complexas e variadas que van dende o sistema de prezos, falta de laboratorios próximos ou programas de importación, especulación, aumentos puntuais de demanda. O certo é que os mecanismos postos en marcha parte do Estado e a Xunta non se teñen amosado como suficientes e cómpre insistir nunha meirande atención.* Non podo estar máis de acordo. Na miña opinión pouco debate debería existir neste caso. O desabastecemento farmacéutico é innecesario dicir que é unha das necesidades de primeirísimo orde e, evidentemente, afecta á saúde e a vida das persoas. Si é certo que recentemente aprobouse a Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia e no seu artigo 2.3 di: *a administración garantizará que a atención farmacéutica préstese en todos os niveis do sistema de saúde de modo coordinado e integrado e que ofrezca á cidadanía unha asistencia eficaz, completa e eficiente.* Aínda que parte da moción podería quedar cuberta con esta modificación legislativa no Parlamento de Galicia, eu entendo que hai que apoiala. Hai que apoiala porque, con independencia de todo, o que se solicita é que se inste tanto á administración autonómica, como á central a garantir e blindar unha rede suficiente de farmacias para atender ao territorio e, ademais, para avaliar o funcionamento das medidas recollidas no Plan de Garantías de Abastecemento de Medicamentos 2019-2020. Penso que non hai, pola miña parte, nada que obxectar a esta moción que, incluso, como afectado persoal nalgunha ocasión por un problema de abastecemento, síntoa moi próxima.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE: grazas presidente. Bos días a todas e a todos. Efectivamente, a Lei de ordenación farmacéutica que se aprobou o 2 de xullo

de 2019, xa nesa tramitación parlamentaria, se apuntou a que sufrirían máis debilidades os concellos máis pequenos e, sobre todo, máis rurais; algúns deles con dificultades de acceso en determinadas épocas do ano e moitos deles afastados de grandes núcleos debidos á dispersión do noso territorio. Esta debilidade ten que ver con que moitas desas farmacias son verdadeiras oficinas empresarias, polo que non resulta doado abrir cara a unha empresa un despacho de farmacia alí onde non é rendible. Todos sabemos que, a día de hoxe, moitos pequenos concellos de Galicia e especialmente desta nosa provincia de Ourense non o é. O que si se pode facilitar dende a administración, e así está contemplado nesta nova lei, son estas chamadas oficinas anexas que veñen sendo unha oficina propiedade doutra farmacia con titularidade propia, que sería unha segunda farmacia asociada a un mesmo titular. Se este novo formato se facilita dende a propia Xunta de Galicia, participando nos gastos desta nova apertura, nalgunha medida, estarase favorecendo que as menciñas estean máis preto dos usuarios que as necesitan. Se é a propia Xunta a que considera que esta nova apertura achega o servizo á cidadanía do rural, tamén estaremos favorecendo que o abandono dos pobos non se acelere, pois estamos a falar da poboación máis envellecida e tamén máis polimedicada e con enfermidades máis crónicas. Sobre a segunda cuestión que se propón na moción do BNG, hai que dicir que, obviamente, o goberno de España avalía anualmente o sistema farmacéutico español para detectar aquelas eivas e poder emendalas, así como para detectar as ineficiencias. Non hai problema en facelo, os datos están aí, de feito é coñecido que o cambio de goberno facilitou unha maior negociación coas farmacéuticas cunha maior coordinación tal como recoñecen algunha comunidades autónomas. Se ben é certo que se precisan máis controis e máis eficacia para que, unha vez detectadas estas eivas e estes desabastecementos que é notable e que se incrementa co paso do tempo, se poidan poñer en marcha eses mecanismos para os propios fabricantes e tamén para a propia cadea de subministro. O tema do desabastecemento ten un fondo calado e un fondo moito máis complexo, pois estamos falando de grandes *lobbies*, dunha guerra comercial de prezos (como queda redactado na moción), de patentes que caducan, de principios activos e dunha ringleira de aspectos que exceden á nosa capacidade (polo menos á miña) de análise e de debate. Ás veces, o desabastecemento obedece a causas conxunturais ou, noutros casos, estruturais das propias empresas farmacéuticas que nada teñen que ver coa botica física e co despacho dos medicamentos. O que si podemos e debemos reclamar de quen ten a competencia nesta materia, tanto do goberno do Estado para avaliar o sistema de prestacións como da propia Consellería de

Sanidade que é quen ten as responsabilidades na prestación dos servizos aquí en Galicia (tanto sanitaria como farmacéutica), é que aqueles concellos máis rurais podan ter solucións máis efectivas para atender a demanda da carteira de medicamentos incluídos no sistema ao que temos dereito. Unha posible solución podería pasar por poñer un servizo de transporte de medicamentos a domicilio dende os propios centros de saúde, ou ben dende as propias farmacias de núcleos poboacionais máis grandes para enfermos crónicos e para enfermos dependentes; algo que tamén está recollido na propia lei galega. É certo que unha poboación máis lonxeva, pero tamén con máis enfermidades crónicas e polimedicada, o servizo das farmacias é cada día máis necesario e é necesario que estea preto da cidadanía. A desatención pode provocar, e de feito provoca, abandono de tratamentos, maior ingreso hospitalario e porén maior gasto en sanidade; nada desexable para os nosos veciños e veciñas da provincia de Ourense. Polo tanto, o Partido Socialista e esta portavoz consideran que debemos votar a favor da proposta do BNG. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. moi bo día distinguidas señoras e señores, medios de comunicación, información e todas as persoas que nos están vendo. Vamos a ver señor Varela, don Bernardo, totalmente de acordo, faltaría máis! pero cando esta institución, esta Deputación, por riba das súas competencias, pero por responsabilidade (e despois ensínolle ese protocolo) actúa á vista do problema e cando a Consellería de Sanidade...hai 3 meses, dime vostede unha revisión do mapa farmacéutico de Ourense e da Lei de ordenación de farmacias de Galicia; pero se hai tres meses que se aprobou por unanimidade! Eu creo que vostede isto non o debía saber porque hai tres meses. Non sei como pide unha revisión da Lei de farmacias de Galicia; o seu mesmo Grupo non votou en contra. Houbo unanimidade, votaron a favor o Partido Popular, o Partido Socialista e abstivéronse os demais grupos; entre eles o seu; ou anda vostede algo despistado ou descontextualizado. Empeza o seu argumento con Lobeira e remata con Lobeira, tampouco sabe de que vai a cousa, porque en Lobeira o que pasou é que, efectivamente hai unha farmacia para atender a 800 veciños que están alí empadroados, pero como consecuencia dunha información previa realizada pola inspección farmacéutica da Consellería de Sanidade, acordou unha suspensión cautelar do farmacéutico titular. O tema está xudicializado, señor Varela non houbo desabastecemento. Desabasteceuse o farmacéutico que desapareceu da farmacia e, como vostede sabe, o farmacéutico ten a responsabilidade de estar na farmacia. Marchou, dixéronme ata a provincia para a que foi, é o que menos me interesa. E que houbo? Ogallá todos os concellos

foran como o de Lobeira que actúo en tempo, forma e moi áxil; pois manifestouse para alertar e que lle puxeran canto antes unha botica anexa que é o que se chama cando a farmacia titular non actúa, que non actuou por non ter abastecemento, senón que se “desabasteceu” o señor farmacéutico porque se foi e deixou alí a un auxiliar alí para iso que di a señora Lama: despachar, como se for iso un negocio. Pódolle dicir que neste momento o Concello de Lobeira puxo un local adecuado e acondicionado xa hai dous meses, que un farmacéutico da zona do rural, en concreto o de Bande, vai por a botica e, se non é hoxe, nun día destes abre a farmacia cunha máis, co que lle chaman un anexo. Un anexo porque mentres a xustiza non dite sentenza definitiva, non se pode prescindir. Ou sexa, un tema xudicializado, non de desabastecemento. Creo que aprendeu algo novo; polo tanto non poña en entredito ao Concello de Lobeira porque puxo un local para ter unha botica en tempo, en forma e rápido e xa lle digo, un día destes actúa. Efectivamente, a Lei 3/2019, que vexo que o señor Caride e a señora Lama saben que existe, foi publicada no DOG o 10 de xullo; polo tanto antes falábase aquí se non era un tema de hai catro anos, esta non é unha lei cuaternaria, é de hai 3 meses. Señora Luz Doporto, cando o grupo do señor do Bloque en Allariz aproba os orzamentos, vostede despois faga unha moción é inste a que se aproben os orzamentos. Vostede quere que se aproben os presupostos, están aprobados, pero por esa mesma maneira vostede pode facelo. Un desliz teno calquera, señor Bernardo, porque pedir unha nova lei cando hai tres meses que se aprobou (o seu propio grupo está de acordo con ela), pois mal asunto ten. Efectivamente fala vostede de desabastecemento, isto ten outras connotacións. As políticas da loita de desabastecemento contra os medicamentos, a Consellería de Sanidade -a través do Servizo Galego de Saúde- tomou toda clase de medidas ao seu alcance; pero corresponde ao Ministerio. Aínda así, aínda que a responsabilidade do desabastecemento é da Axencia Española de Medicamento e Produtos sanitarios do Ministerio, púxose en marcha un sistema de garantía de abastecemento a primeiros de ano e ese plan contempla diversas medidas, pero polo momento non tiveron moita actividade, por iso o señor Caride sufriuno nas súas propias carnes. Efectivamente, o Ministerio parece que actuou, pero aínda non se ven as consecuencias positivas. Pódolle dicir que dende a Consellería de Sanidade, conscientes deste problema de desabastecemento (que digo que é do Ministerio) enviouse ao Ministerio unha comunicación na que amosaba a necesidade en dúas claves: incrementar a política sancionadora ás empresas que desabastecen o mercado farmacéutico (como moi ben dixo dona Elvira) e assimilar o subministracións daqueles medicamentos considerados esenciais. Ou sexa, a Consellería de Sanidade instou ao Ministerio para que este problema de

desabastecemento non fora tal. Polo tanto, niso se está. Pódolle dicir que nunha revista, totalmente independente da profesión, como é *elfarmacutico.es* dise, o 20 de maio de 2019: *esta iniciativa de apoio a las farmacias de núcleos rurales, tras el protocolo de actuación firmado por la Diputación de Ourense, a través de su presidente, Manuel Baltar, y el presidente del Colegio Oficial de Farmacéuticos, Vicente Álvarez, es pionero en Galicia y en España. El presidente del Colegio Oficial de Farmacéuticos de Ourense, Vicente Álvarez, afirmó que “la Diputación de Ourense es la primera institución gallega que lleva a cabo este tipo de medidas y, por lo tanto, pionera. Gracias a este convenio podremos ayudar a las farmacias que peor lo están pasando en estos momentos”*. Teño aquí o protocolo, creo que sabe del e senón, aquí o ten. Polo tanto, eu creo que estamos de acordo; no que non estamos tanto de acordo é na súa exposición porque omiten (non sei se voluntaria ou involuntariamente) que hai unha lei aprobada dende hai tres meses e que fala do Concello de Lobeira como se fora culpable de algo. O Concello de Lobeira é garantista de que nestes momentos se poda dispoñer e non haxa desabastecemento; o que hai é que un farmacéutico non cumpriu, hai profesionais en todos de todo tipo en todas as profesións que non cumpren co seu deber. Está xudicializado, pero actuouse en tempo e forma grazas ao Concello de Lobeira e ao farmacéutico de Bande que se fixo responsable de poñer esa botica anexa. Nada máis e moitas grazas pola primeira intervención

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: eu, en ningún caso, responsabilicei ao Concello de Lobeira que sei que non ten competencias neste tema; aínda que ao final, como vostede ben sabe, os concellos somos competentes en todo cando por arriba non nos collen a man; só dixen que entregaran as sinaturas alí os veciños. Por outra banda, parece ser que non funciona, acaba de ler a compañeira de Cidadáns, os medos estes están aquí e son máis recentes que a Lei. Este medo trasladábao o presidente do Colexio de Farmacéuticos..., as competencias están repartidas entre a Xunta e o Ministerio, entro os dous terán que tratar de amañar o asunto porque, ao final, o problema é dos veciños e das veciñas. Aí podemos repartir culpas como sempre e tirar para un lado e para outro, pero ao final o problema quen o sofre son os enfermos e enfermas desta provincia. Por outra banda, eu mesmo recoñecín que había esta liña de traballo aberta pola Deputación (non sei ata onde está tendo transcendencia ou deixa de tela), pero este é un problema real e sóbrannos os motivos para defender a moción. Máis alá diso, agardo outras propostas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: vou a repetir un breve parágrafo: *Con este proyecto, la Consellería de Sanidad espera que se*

contenga el gasto en recetas, pero para las boticas gallegas no es una buena noticia. Las farmacias ya advierten de que "el desabastecimiento de las boticas ya es crítico, y con el nuevo plan aumentará". Así se expresa el presidente del Colegio de Farmacéuticos de Ourense, Santiago Leis. Eu entendo que o señor vicepresidente da Deputación, don Rosendo, lle dixo ao propoñente da moción que o mapa farmacéutico xa se aprobara fai tres meses; pois algún erro estamos a cometer porque se o presidente dos farmacéuticos da provincia de Ourense, a día de onte, fai estas declaracións publicamente, existe un problema grave. Que máis dá a cor política que propoña facer unha solución para este tema? Que máis dá? Imos a ser coherentes. Eu sei que o vicepresidente da Deputación vai a votar a favor desta moción, pero entendo que ás veces hai que facer un papel e ás veces hai que intentar ver que as mocións que trae un grupo da oposición non son de todo acertadas; pero ás veces tamén é bo que o grupo de goberno vexa con bos ollos este tipo de mocións, aínda que estea por medio a súa cor política porque considero que iso nos fai mellores persoas, mellores políticos e, sobre todo, nos fai persoas responsables e coherentes. Moitas grazas, nada máis.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo do PSOE: grazas presidente. Dúas puntualizacións, o mapa de farmacias de Galicia é do ano 18 e contempla novas farmacias para a provincia de Ourense: unha en Allariz, unha en Esgos e dúas en Pereiro de Aguiar, poboacións que ao mellor levan anos sen novas farmacias, ou incluso que incrementaron, afortunadamente para eles, o seu censo poboacional. Isto non ten nada que ver co que prevé a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia que contempla unha nova redacción e onde se crean novas figuras, como é esa achega de farmacias ao domicilio para aquelas persoas dependentes ou enfermos crónicos, aquela dispensa de medicinas por parte dos centros de saúde a domicilio e incluso esas novas oficinas anexas; polo tanto, algunhas medidas novas estanse a contemplar. O desabastecemento do que fala a deputada do Grupo de Ciudadanos ten máis que ver con ese trasfondo dun calado moi maior e eses *lobbies* farmacéuticos, esa guerra e ese pacto de prezos e ese desabastecemento que, moitas veces, supera incluso aos propios gobernos e aos propios estados. Estamos a falar dunha industria moi potente e estamos a falar de algo que nos excede e de algo para o cal, eu polo menos, non me considero capacitada para debater. Polo tanto, o que temos que procurar nunha provincia eminentemente rural, eminentemente dispersa en canto á súa poboación, con concellos moi pequenos, que esas boticas, que esas farmacias estean operativas e, polo tanto, as menciñas estean preto dos cidadáns que as precisan porque na carteira de servizos da sanidade tense como un dereito de

acceso á prevención, á obtención de medicamentos e tratamentos que poidan paliar, na medida do posible, o nos estado de saúde e, polo tanto, o noso benestar. De momento nada máis, nós vamos apoiar a moción.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández , do Grupo Popular: totalmente de acordo, sen que serva de precedente, señora Lama; non tanto con doña Montse porque creo que non se entera moito e voulo a aclarar. Primeiro, o de Lobeira quedou claro, non foi un problema de desabastecemento, ben. Desabastecemento de medicamentos, efectivamente que estamos en contra do desabastecemento de medicamentos; do acordo que pon aquí o BNG que hai que revisar o mapa farmacéutico de Galicia e unha ordenación da lei farmacéutica de Galicia cando está feita, o que pasa é que a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia non ten competencias no abastecemento. Por iso, o presidente actual do Colexio Oficial de Farmacéuticos di que hai un problema de desabastecemento, estoulle dicindo que si, incluso a Consellería de Sanidade instou ao Ministerio para paliar o tema, polas causas que sexan, din que son polos prezos de referencia, ben, pois será polos prezos de referencia polo que hai desabastecemento, pero creo que é multicausal. Pero si que é verdade o que leu vostede, pero é do Ministerio. En canto ao risco de desaparición de farmacias do que se falaba, explicouno moi ben a señora dona Elvira, non hai risco porque a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia fai fincapé nisto se vostede le a lei; comprendo que ten 17 follas e hai que ler 17 follas, pero fai fincapé nisto. Polo tanto, claro que estamos de acordo; outra cousa é empezar con Lobeira, que o Miño pasa por Ourense e que hai seca. Lobeira non ten nada que ver co desabastecemento, en todo caso, ogallá todos foran áxiles como o concello de Lobeira, que non só protestaron os veciños, senón o Concello; pero non só é protestar, *res, non verba* (feitos, non palabras), puxo o local e chamouse a ver que farmacéutico da zona quería por unha botica alí, tívoos uns cantos días, houbo que acondicionar o local que foi o que máis tempo levou. Aquí paz e despois gloria. Pero claro, centralicemos os temas. Repítollo por última vez, sen que sexa moi pesado, non pida vostede unha reforma da lei farmacéutica de Galicia, cando se aprobou fai tres meses; entre eles, o seu partido. Nada máis e moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: no tema de Lobeira, efectivamente, polo coñecemento que teño, houbo un problema puntual de caixa, por así dicilo, do propio farmacéutico que non daba subministrado. É certo que aí houbo algún problema en vixiar da Consellería, posto que os veciños manifestáronse en agosto, aos veciños non lle fixeron caso e foi en setembro cando se fixeron mobilizacións e a Consellería, en principio, si debería ter

controlado ese tema previamente e tomar as medidas antes de que foran os propios veciños os que tomaran medidas serias para que se lles fixera caso. A partir de aí, o problema non é Lobeira, Lobeira é un punto concreto; pero estabamos falando agora, co adiro pasou isto e con outros medicamentos está a pasar que existe un desabastecemento importante e nós a quen lle pedimos responsabilidades son ás dúas administracións neste caso, tanto ao Ministerio de Sanidade (polo que vexo o Partido Socialista non ten ningún problema en pedirlllo), como á Consellería de Sanidade para que tomen as medidas oportunas e acaídas para que isto non se produza e, a partir de aí, non parece unha cousa tan *descabellada*. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instarlle á Consellería de Sanidade a revisar o mapa farmacéutico de Ourense, tendo en conta as proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística e as crecentes necesidades da veciñanza e a tomar medidas para garantir o abastecemento de medicación reformando a Lei de ordenación farmacéutica de Galiza para blindar unha rede suficiente de farmacias para atender o territorio.

2º.- Instar ao Ministerio de Sanidade a avaliar antes do final de 2019 o funcionamento en Galiza das medidas recollidas no Plan de Garantías de Abastecemento de Medicamentos 2019-2020 e elevar, se é preciso, as contías das sancións.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA PARA REACTIVACIÓN DO PRIMEIRO PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES (I PIOMH 2017-2021) E POSTA EN MARCHA DUNHA ESCOLA INFANTIL PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Sr. presidente cédella a palabra a Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía para que expoña o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Fai dous anos, o pasado 23 de marzo de 2017, aprobouse a creación dunha Comisión de Igualdade por parte desta institución. Sete meses despois, o 30 de outubro de 2017, presentouse ante os medios de comunicación e neste salón de Plenos o I Plan de

igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, cun cronograma e mapa de traballo ata o 2021. Aquel paso supuxo un fito, a nivel provincial, na consecución da igualdade; declarando deste modo o compromiso da Deputación Provincial e do grupo de goberno co establecemento e desenvolvemento de políticas que integraban a igualdade de trato de oportunidades, sen sufrir ningún tipo de discriminación, así como o impulso e fomento de medidas para acadar a igualdade real. Durante o primeiro ano de vixencia, aprobáronse, por primeira vez, a organización de cursos de específicos relacionados coa igualdade; elaborouse e publicouse unha guía para o uso da linguaxe inclusiva e chegouse a organizar unha difusión provincial que nunca se levou a cabo; elaborouse un protocolo para a prevención do acoso sexual por razón de sexo aplicable ao persoal da Deputación de Ourense; fomentáronse medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral; realizáronse diferentes actos relacionados coa muller e a igualdade. De forma paralela ás actuacións previstas na axenda para o primeiro ano de vixencia do Plan, realizáronse distintas propostas que, a día de hoxe, non se levaron a cabo; polo que se retardou nove meses o plan de implantación, nove meses de perda de oportunidades e de continuidade. Estas accións resúmense en:

- Deseño dunha campaña de sensibilización para fomentar os postos masculinizados e viceversa.
- Redacción do primeiro informe de valoración anual do plan de seguimento, un informe exhaustivo onde se estimaron todas as variables de implantación.
- Acordo de implantación dunha campaña de sensibilización en igualdade no ámbito laboral; campaña que quedou deseñada e planificada.
- Creación dun departamento específico de igualdade nas instalacións da institución.
- Realización dun proxecto piloto baseado na realización de reportaxes nos colexios da provincia e así palpar e coñecer a realidade que os cativos observan sobre este tema.
- Organización da primeira gala da muller, gala 100% ourensá onde se pretendía recoñecer a distintas personalidades femininas e outorgarlle o seu mérito e recoñecemento.
- Creación dunha escola infantil nas propias instalacións, para facilitar a conciliación familiar a todo o persoal da Deputación.

O pasado 29 de xaneiro tivo lugar a última convocatoria da reunión da Comisión de Igualdade. 9 meses despois a Comisión está esquecida e toda a programación, cronograma e medidas que se aprobaron quedaron freadas. A parte dese parón de iniciativas e cumprimento do cronograma, non debemos esquecer o esforzo, dedicación, ilusión e paixón que todos e

cada un dos membros da mesa puxo, dende o primeiro momento, neste proxecto; persoal laboral, funcionarios, representantes sindicais e deputadas provinciais. Un equipo de homes e mulleres extraordinario que, de seguro, estará desexando volver para seguir facendo desta institución un referente da igualdade. Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno os seguintes acordos:

1.º- Nomear unha nova presidencia da Comisión a cal achegue os valores, coñecementos e compromisos necesarios para seguir acadando resultados.

2.º- Convocar a Comisión de Igualdade e que se axilicen, no menor tempo posible, todos aqueles compromisos que están sen cumprir ata o día de hoxe.

3.º- Crear unha escola infantil nas instalacións da institución, previa autorización por parte da Consellería de Política Social, para facilitar a conciliación do persoal da Deputación Provincial de Ourense.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: dende o Grupo provincial do BNG vamos apoiar todas as medidas que sexan congruentes no camiño en prol da igualdade; entendendo que a deputada, neste caso, sabe do que fala xa que foi ela presidenta desta Comisión ata xaneiro. Tendo en conta que os dous primeiros puntos da solicitude teñen que ver con acordos da comisión, semellan que deberían cumprirse. Respecto ao punto terceiro, entendo que se debería contrastar unha demanda real por parte dos traballadores e traballadoras desta Deputación deste servizo de conciliación, como sería esta escola infantil. Por último, como indiquei na comisión, gustaríanos, como a todos os grupos desta institución, poder participar na comisión co fin de enriquecela coas nosas posibles achegas e, ao mesmo tempo, enriquecernos persoalmente cos coñecementos que se trasladen dende ela. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana: moitas grazas. En primeiro lugar, vaia por diante que eu, dende un punto de vista externo, este plan paréceme certamente interesante. Carezo de datos para afondar máis no seu contido e calquera medida que supoña conciliar a vida persoal e a profesional, paréceme extraordinaria; así como todas as tendentes a garantir a igualdade entre sexos. As dúbidas que me abordan aquí son nunha cuestión meramente competencial, na medida en como está achegado este plan a este Pleno. Aquí reza o encabezado da moción: *plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e posta en marcha dunha escola infantil para facilitar a conciliación do*

persoal da Deputación Provincial de Ourense; do persoal, é aí onde me abordan as dúbidas. Primeiro, dende un punto de vista estritamente das competencias deste Pleno como administración institucional, iso non se trataría dun plan provincial cuxa competencia correspondería a este Pleno, artigo 33.2d da Lei de bases de réxime local, e tampouco creo que sería este plan, como medida de mellora social, encaixaría dentro da letra f) do mesmo artigo relativa á aprobación do cadro de persoal, fixación de postos de traballo, fixación de contías de retribucións, etc...En calquera caso, o máis importante para min e a miña dúbida é que tratándose dunha mellora social para os traballadores o propio é que, xa que se está pedindo o nomeamento dunha presidencia dunha comisión, convocar a comisión de igualdade, eu penso que isto hai que facelo no marco da mesa de negociación. Seguramente estou equivocado, pero entendo que non sería propio do Pleno adoptar estes acordos porque entendo que estas cuestións débense discutir cos interlocutores sociais, penso que teñen bastante que dicir neste tema. Non sei se xa se fixo esa negociación con sindicatos, cos traballadores da casa; en calquera caso, senón que me corrixa o señor secretario, de chegar a algún tipo de acordo cos grupos, incluso poderían participar os demais grupos a través do nomeamento dalgún representante na comisión, vía xunta de voceiros. En calquera caso, poño o foco sobre os representantes dos traballadores a través dun órgano que existe e que é a mesa de negociación; como non sei se iso se fixo, fáltanme os datos, por iso pregunto. En calquera caso, de telo feito, tampouco vexo preciso que isto veña a Pleno porque a propia xunta de goberno, a través da negociación cos sindicatos podería acordar tomar estas medidas que, inicialmente, se están formulando. Esta é a dúbida que me aborda e que, neste momento, en aras a salvagardar os dereitos dos traballadores desta casa, de momento fai que vote que non; aínda que, tal e como expuxo a deputada de cidadáns o plan, dentro do que podó coñecer, paréceme un plan certamente máis que interesante

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo do PSOE: grazas. Bos días a todos a todas. Dende o Grupo Socialista alegrámonos porque dende esta Deputación se aposte por deseñar e pór en marcha o I Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Penso que todos e todas estamos de acordo en que hai que avanzar moito neste tema, que queda un longo camiño por percorrer. A igualdade legal existe, pero a igualdade real non existe. Un plan, por outra banda que naceu con pouca solidez, isto dino os datos da empresa que fixo a primeira diagnose. Nese informe, sinalaba a empresa contratada que se atoparon con moita reticencia á participación do persoal na enquisa, unha participación desigual entre

mulleres e homes e moitas dificultades de obter respostas a determinadas cuestións á hora de determinar a área na que os enquisados/as desenvolveron o seu traballo. Con esta premisa cremos que este plan de igualdade naceu con pouca solidez e con moi pouca adaptación á realidade desta Deputación. Despois o exposto pola señora Lama, tamén nos parece moi preocupante a pouco interese mostrado por este bipartito en darlle continuidade a este plan. Preguntámonos, non consideran este tema importante? Acaso non consideran prioritario traballar para alcanzar nesta Deputación a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres e eliminar a discriminación por razón de sexo? E cal é a razón pola que unha empresa, que empeza deseñando un plan de igualdade, non dá continuidade a este plan? Señores deputados e señoras deputadas temos que deseñar e planificar accións para acadar o obxectivo da igualdade, pero de xeito real e non só deseñar un plan cubrindo folios e colgándoos na web; isto non serve para nada. Temos que coñecer a realidade e facer que mude. Situar este obxectivo como prioritario, apoiado con recursos materiais e persoais. Deseñemos procedementos específicos para a prevención do acosos sexual e procedementos para dar canle as denuncias ou reclamacións. Segundo o informe da empresa, un 6,98% das traballadoras manifestaba ter padecido acoso sexual no entorno laboral, así como un 3,85% dos traballadores. Non fagamos plans utópicos, acheguemos o noso traballo e apostemos por unha sociedade onde todos e todas teñamos as mesmas oportunidades e onde as mulleres non sexamos esa parte da sociedade afastada, esquecida ou non visualizada. Entre as accións que se propoñen neste primeiro plan non estamos de acordo con algunha delas, como por exemplo a organización da gala muller. Realmente pensan vostedes que isto vai axudar a acadar a igualdade? Quizais mellor sería gala de debate onde as mulleres tiveran un foro de debate onde puidesen reunirse, expresar as sociedades que atopan na sociedade na que vivimos e onde expertos e expertas poidan axudar a alcanzar obxectivos e romper o muro da desigualdade. Tampouco estamos de acordo coa creación dunha escola infantil e aquí preguntámonos, señora Lama, xa fixo vostede un estudo económico? Sabemos canto sería o custo por cada neno e por cada nena? Nós no que estaríamos de acordo é en axudar a todas as garderías que xa existen. Pregúntolle outra vez, señora Lama, ante esta proposta, tiveron en conta que hai moitos traballadores e traballadoras que co que teñen que conciliar non é cos seus nenos e nenas, senón co coidado dos seus familiares maiores, algúns deles dependentes? Nada máis. Grazas.

D.^a Luz Doporto Real, do Grupo Popular: moitas grazas, presidente. Bos días a todas e a todos. Quero empezar facendo uns matices, que hanse de ter en conta para tomar decisións en torno ao que estamos a falar, do que son os plans de igualdade. Un matiz que quero facer é que teñen unha característica específica e é que son flexibles e dinámicos. Cando dicimos dinámicos é dicir que teñen unha progresión temporal; este mesmo plan ten unha progresión de posta de implantación de 2017-2021. E flexibles no sentido de que se poden ir modificando de ser necesario e de pedirse neses comités de avaliación (ata fai pouco chamábaselle comisión de seguimento) para introducir o modificar calquera das cuestións que estean recollidas neste. Tamén hai que diferenciar entre o que son plans internos e externos. Os internos son o Plan de Igualdade que nos ocupa e do que estamos falando, o PIOMH da Deputación de Ourense, é dicir, exclusivamente dos traballadores e das traballadoras da Deputación de Ourense. Os externos, buscan outros obxectivos e están dirixidos de forma transversal a buscar a interiorización da igualdade na poboación e territorios onde se implante. Feitas estas matizacións, e en relación á moción que se presenta, cabe destacar, como lle dicía, a vixencia do plan é de 2017-2021; vostede no título da moción pide unha reactivación. Isto é inconsistente porque o plan está activo porque está en período de vixencia. Por que aínda non se puxo a andar a Comisión de Igualdade? (anúnciolles que, a partir de agora vaise chamar Comité de Seguimento do PIOMH). Pois por razóns obvias e sinxelas: houbo cambio de goberno, houbo un proceso electoral, tomouse posesión no mes de xuño, en xullo formouse o goberno, agosto é practicamente inhábil, en setembro si nos preocupamos...e voulle a dicir unha cousa, señora Lama, di que *non debemos esquecer o esforzo, dedicación, ilusión e paixón que todos e cada un dos membros da mesa puxo, dende o primeiro momento, neste proxecto*, non o esqueza e agora tampouco, porque todos eses membros son traballadores e traballadoras desta casa e tamén os representantes sindicais que si, ten razón na pregunta que facía o deputado de Democracia Ourensana, son os que teñen que velar e fiscalizar este tipo de plan de igualdade. Quero dicirlle que non o esqueza porque o plan de igualdade nunca estivo parado, en ningún momento, porque os traballadores/as da Deputación de Ourense, e especialmente o departamento de Recursos Humanos de quen dependen moitísimas medidas que están recollidas no plan, non pararon de implementar as medidas e actuacións que había que implementar durante 2019. É importante contextualizar e vou coller unha frase que vostede mesma utilizou e outro compañeiro en intervencións doutras mocións fixo tamén uso dela: o que é medible non é opinable. Entón, señora Lama, o plan de igualdade entendo que o

coñece perfectamente, seguramente mellor ca min, aínda que lle garanto que dende setembro llevo feito un esforzo importante por coñecelo, enténdelo, estudalo e incluso avalialo porque teño ferramentas e competencias para poder facelo como deputada de igualdade. Voulle a dicir varias cousas, porque os datos son os datos. Como vai estar parado un plan que ten unha vixencia de 4 anos e están cumpridas o 73,33% das actuacións recollidas? Porque me parei a avalialas. Tamén lle vou a dar outro dato, do 30% das actuacións que faltan, todas, menos dúas, son actuacións que non se poden levar a cabo porque dependen, nalgúns casos, de que haxa eleccións sindicais (onte preguntei e son cada catro anos e toca a finais de 2019); son medidas que, de non estar postas en marcha, non teñen máis importancia. Tamén lle digo, hai dúas cuestións importantes que se teñen que finalizar antes de 2019 e que quedou feito un borrador...ah, non me quero esquecer, vostede pide na exposición de motivos: *redacción do primeiro informe de valoración anual do plan de seguimento, un informe exhaustivo onde se estimaron todas as variables de implantación*, home! a coherencia é unha cuestión importante, porque vostede na última comisión que presidiu, presentouno verbalmente e deullo a coñecer aos membros da comisión, como borrador. Na súa man quedou, naquel momento, facer o que tivera que facer. Logo houbo unha parálise desa comisión, todos sabemos as razóns porque calquera membro, en calquera momento, pode deixar de pertencer a unha comisión por calquera circunstancia. Ese informe eu, que formo parte deste goberno dende xuño, non o tiveron ata o día seguinte ou o día 17 que tivemos a comisión. Sabiamos que vostede, no momento de deixar esa comisión, deixaba toda a documentación no seu ordenador. Sexa xenerosa, non nos pida, aos que acabamos de chegar, que en catro meses fagamos o que outras persoas tardaron dous anos en facer. Tamén lle digo, dentro de todas esas medidas que se ían implantando, o máis importante que perseguía este plan era afondar na conciliación e na interiorización do que é a igualdade nos traballadores e traballadoras, e aínda que eses datos se teñen que poñer primeiro en coñecemento do comité de seguimento do plan, pero tamén o podemos dar aquí aínda que non se ten que dar conta disto ao Pleno; pero ímolo dar porque ningún problema hai, porque unha vez aprobados todos eses informes, súbense á páxina web e como todo o que se fai nesta Deputación que a máxima que ten é a transparencia e todo se vai a ver. Nesta primeira quenda non lle vou a dicir case máis cousas. Quero facer fincapé en que na exposición de motivos, estou totalmente de acordo coa portavoz do Partido Socialista cando di que non está de acordo coa organización desa gala da muller. Esas accións que vostede resume aí, sexa rigorosa e sexa coherente, cando lle digo

que sexa rigorosa é que esas accións non existen aquí³ como tal e que esas accións corresponden a conversacións informais de temas non recollidos en acta durante as comisións; é dicir, corresponden a accións deseñadas nas persoas ou ideas que podían estar na súa cabeza nese momento. Home, como pouco lle pedimos que nos conceda o dereito de tamén nós deseñar as nosas formas de organizar ou facer outras actividades que non sexan exclusivamente recollidas aquí, porque estas témolas que cumprir si ou si, o resto, como por exemplo o deseño dunha campaña de sensibilización dos postos masculinizados, era unha idea da presidencia que non se materializou e que nin tiña contido nin se deixou feito; senón faga o favor de dárnolo porque non temos ningún problema, o importante é a continuidade das cousas, independente de que cambien as persoas que as presiden. O máis importante era que este plan de igualdade dos traballadores e traballadoras da Deputación de Ourense estea vixente, se cumpra e sexa rigorosamente escrupuloso no que nel se di; o resto é todo papel mollado, señora Lama. O mesmo que esa gala da muller, que podería ser unha idea súa, pero de ninguén máis. Como lle digo, hai cousas que poden parecer de risa e hai cousas coas que nun momento dado podemos frivolar. Mire, co tema da escola infantil, non imos a frivolar coas necesidades dos traballadores e traballadoras; iso non está dentro do PIOMH; é máis, vostede sabe e é coñecedora que esa idea foi descartada polos membros que forman a comisión e así se me fixo saber. Si, si, vostede responda a toda as cuestións que queira responder, pero hai que ser rigorosos e o que é medible non é cuestionable. O plan de Igualdade está executado case nun 80%, vainos a sobrar tempo para abrir espazo para estudar o II PIOMH que ten que entrar en vigor a partir de 2022. Nese momento poderemos abrir a que os diferentes grupos políticos nos poñan en coñecemento as súas ideas, que non participación. Vamos a ver, por iso fixen a aclaración do principio para que quedase claro cales son as características e as diferenzas dos plans de igualdade xa sexan internos ou externos, aquí o importante é que os plans de igualdade que se desenvolvan internos da Deputación de Ourense, como é este, para traballadores e traballadoras conten co respaldo dos sindicatos que son os que representan e fiscalizan todo o que se fai polos traballadores e traballadoras. Pola nosa banda, e neste contexto que lle acabo de explicar, non vamos a votar a favor desta moción. Podíamos ter proposto algunha emenda, posiblemente si, pero é que non ten lugar. É dicir, nomear unha nova presidencia, é lóxico e evidente, hai que facelo; por

³ En alusión ao I PIOMH

que non o fixemos? Porque todo ten un procedemento, explicámosllo na comisión, necesitamos unha asistencia técnica, señora Lama, sabe que en decembro de 2018 o período de contrato que tiña, rematouse e había que contratar outra. Temos que revisar, que quedou pendente, o plan de acoso laboral e por razón de sexo da Deputación, hai que adaptalo a un Real decreto novo. Non estamos dicindo que non estivese ben feito o borrador que quedou, senón que o temos que adaptar e para adaptar certas cousas tamén nos temos que asesorar tecnicamente. Como isto non ten sentido, non ten sentido traelo a Pleno, era tan sinxelo como facer a pregunta, facer un rogo e dicir: rogamos que se poña a andar a comisión de igualdade. Que máis quixeramos nós que tela posto a andar nada máis chegar! Pero todos temos que organizarnos e saber o que vamos a facer e do que vamos a tratar. Vostede penso que é súper lista, eu son un pouquiño máis coitadiña e me gusta ir sobre seguro, lendo, estudando, entendendo e, claro, eu cheguei, non coñecía o plan e primeiro, durante todo o mes de setembro ata que se decidiu comezar e pór en marcha o que nos faltaba, non nos apurou porque comprobamos que as medidas máis importantes do ano 2019 estaban feitas e algunhas máis que direi na seguinte quenda e decidimos facer as cousas como hai que facelas. Logo, os procedementos e prazos para poñer andar as cousas son os que son e eses non os podemos saltar como vostede ben coñece. Moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Primeiro darlle as grazas ao meu compañeiro Bernardo, do BNG, por estar a favor desta moción que, sinceramente, non entendo como o resto de grupos políticos non votan a favor. Creo que coñecedes abondo cal é o meu tipo de política, é unha política construtiva e xamais traería unha moción para facer política destrutiva. Empezou a portavoz do Partido Socialista dicindo que había moito que avanzar, que a igualdade real non existe; pois vostedes hoxe van dar un paso cara atrás. Esta moción non ten ningunha importancia transcendental como para que vostedes para que vostedes veñan hoxe aquí a votar en contra; a votar en contra de seguir avanzando na igualdade dentro e de moitas iniciativas que se fan cara a fóra e que se fixeron durante os anos pasados. Vostede tamén dixo, a portavoz do Partido Socialista, que este plan naceu con pouca solidez. Iso é mentira, teño que dicirlllo. A reticencia para obter resultados, a Deputación Provincial, o grupo de goberno ou a empresa que veña aquí a facer unha enquisa non pode obrigar ao empregados a que contesten un cuestionario; é cuestión de que cada persoa individualmente queira ou non axudar a fomentar a igualdade, polo tanto, dende ese punto de vista vostedes erran. Din que se deseñou un plan

que é todo papel mollado; se quere volvo a lerlle a moción de todo o que se fixo durante un ano e medio, non foi papel mollado, fixéronse un montón de iniciativas. Vostede fala da gala da muller, quen lle di a vostede que nesa gala, que pode durar horas ou días, se fagan debates e se traia a mulleres que nos representen internacionalmente como mulleres loitadoras polos dereitos da igualdade. Poderíase dar vinte mil voltas. Vostede di que o tema da escola infantil non o ve necesario e non o ve rendible; ás veces hai servizos que non teñen porqué ser rendibles, é máis, vostedes acaban de traer unha moción do aparcadoiro do Hospital de Ourense que non sería rendible para a Deputación, pero tráena. Xa lle digo, existen moitas escolas infantís privadas en Ourense, vostede non debe ter fillos pequenos, eu si; nas Galiñas Azuis, hai 3, non quedan prazas e nas privadas é bastante difícil conseguir prazas. Entón, igual é necesario que nas institucións -como na Deputación, a Xunta de Galicia, o Concello-empresas privadas, como xa hai, lle fagan ese servizo aos empregados porque existen, ás veces, deficiencias nese senso. Agora pásome ao Partido Popular, vou a tomar unha frase que me dixo o seu vicepresidente da Deputación e vouna repetir, vostede non se entera de nada, con todos os respectos igual que mo dixo a min don Rosendo Fernández. Primeiro di que nunca estivo paralizado, despois fala aquí de parálise por unha cousa que vostede sabe que me fun...en definitiva, vostede quere xustificalo en que houbo un cambio de goberno, en que houbo eleccións e que tomamos posesión o 28 de xuño. Non lle vou contar o que eu levo feito dende o 28 de xuño. E o mes de agosto, inhábil para quen? Para vostede, tomou posesión o 28 de xuño e en agosto foise de vacacións. Eu funme 8 días de vacación o mes de agosto, é o que me fun. Entón vir aquí a xustificar que non puxo en marcha o plan antes porque tomamos posesión o 28 de xuño e *agosto es un mes inhábil y no trabajamos.....*, paréceme que vostede aí equivócase. Díxenllo ao principio, cando empecei a miña intervención, dóeme que fagan isto porque vostede, todos, me coñecen e saben a política que estou a facer dende o 28 de xuño nesta casa e é unha política construtiva e xamais traería unha moción para sacar mentiras. Eu non traio unha moción con verdades e realidades. Tiveron a oportunidade no mes de setembro de convocar a comisión. Non sei se a dona Luz lle sonan os nomes de Miguel, Ivone, Celia, Chus, Montse Rodríguez, Iñaki, Teresa e Juan, todos eles non foron convocados e, a día de hoxe, non saben nada da Comisión de Igualdade. Repito, o 28 de xaneiro foi a última vez que se convocou a comisión. O Problema non o tome como algo persoal seu, Luz, vostede veu o 28 de xuño; dende o 28 de xaneiro ata o 28 de xuño tamén hai moitos meses de por medio nos que a persoa que quedou responsabilizada deste tema non

levou a cabo as actuacións a cabo. Outra cousa que me doe moitísimo é que vostede, dende fai 8 anos, pode ter o meu número de teléfono; eu estou aquí a diario, ao igual que vostede porque nos vemos a diario nesta casa, e sei que vostede andou por aí dicindo que si eu non deixei a documentación, díxoo na comisión, que a documentación non estaba na casa. Primeiro, iso sería unha irresponsabilidade tan grande pola miña parte que me avergoñaría de ser deputada provincial, avergoñaríame se me tivera ido con documentación pública e de todos os veciños e veciñas desta provincia. A documentación quedou no despacho que eu tiña. Da documentación, tanto física como no ordenador, quedou responsabilizada una deputada e dous técnicos desta casa; sabían perfectamente onde estaba a documentación. Deixei organizado por meses o que había que facer, eu non marchei sen máis porque eu son responsable. Da igual a decisión persoal que eu tome, pero gústame que un traballo, que eu inicio, se remate. Non pasaba nada porque hoxe viñeran aquí e dixeran: ben, cometemos un pequeno erro, vamos a reactivar todos xuntos este plan. Eu non pretendo que nos metan na comisión, eu pretendo que nos escoiten. Eu díxenllo moitas veces ao Partido Socialista cando estiven na bancada e nos pedían entrar na comisión de goberno. Eu non considero que todos os grupos teñan que estar na comisión do plan de igualdade, considero que é algo que ten que facer o grupo de goberno e se ten a ben escoitar aos grupos da oposición e aínda máis marabilloso. Niso estou de acordo convosco. Pero, de verdade, penso que vostedes hoxe cometen un erro, porque todos somos humanos e todos os grupos de goberno cometen erros e non pasa nada por vir aquí, bueno, por unha falta de coordinación, ou por unha falta de tempo, ou por unha falta do que sexa, vostede ten razón e votarían a favor. Os veciños, os empregados e as persoas dos sindicatos que están dentro desta comisión llo agradecerían, porque a opinión que teñen sobre o tema dista bastante da que hoxe vostede vén a explicar aquí. dáme bastante pena que hoxe actúen así porque non están sendo nin coherentes, nin responsables. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: eu, a verdade, non agardaba que unha moción tan sinxela, dera para tanto. Eu, lendo a moción, non lle atopo segundas intencións. Indiquei previamente o que dixó a voceira do Partido Popular, o que me gustaría contrastar da moción era o tema da escola infantil, se esta era unha demanda persistente dos traballadores e unha necesidade. Polo demais, non lle atopo outro estrés á moción; polo tanto sígoa apoiando. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourense: moi brevemente, como moción entendo o valor que ten para o debate que se formulou aquí. Non se me respondeu se se tratara este asunto cos representantes sindicais dos traballadores. Si se clarexou que se trataba dun plan interno. Entón, eu penso que por unha mera razón formal, eu penso que é unha materia que se debe levar á mesa de negociación, sobre todo cando se trata de nomear a unha presidenta da comisión, convocar a comisión; penso que hai que hai que escoitar aos representantes sindicais. Tamén sigo pensando que, aínda que se falara cos representantes sindicais, isto non sería unha cuestión de Pleno; salvo que me corrixa o señor secretario. En calquera caso, vale como debate, pero como resolución, en definitiva, o meu voto debe ser en contra.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo do PSOE: quería empezar por unhas palabras que dixo o señor Caride. Vostede referiuse a este plan de igualdade como un plan interesante. Penso que ese non é o termo máis axeitado, o plan de igualdade non é algo interesante; eu penso que é algo esencial e importante. Hai que mudar o que está pasando hoxe en día na sociedade, hai que acadar unha igualdade real, hai que protexer ás mulleres. Señora Lama, penso que non me entendeu, eu non comuniquéi o noso voto; o noso voto vai a ser unha abstención, nunca vamos a votar en contra dun plan de igualdade. Vai ser unha abstención porque pensamos, volvo a reiterar, vostede di que non se pode obrigar aos traballadores e traballadoras desta institución a contestar; pero pódense buscar outras formas de indagar qué sucede, qué necesidades hai. Centralo máis na realidade e marcarse obxectivos máis realistas para que o plan teña viabilidade e o plan sexa eficaz e que cumpra o seu obxectivo. Coméntasenos que xa están o 73% das actuacións feitas, que vai a facer este plan ata o ano 2021? Porque entendo que un plan si te que ir modificándose e facendo actuacións e sabendo se o que se organiza está ben feito, se temos que mudalo, se temos que dirixirnos ata outro lado para, como digo, alcanzar a igualdade real. Entón, a miña pregunta é esa, que se vai a facer? E se xa se sabía que esa empresa tiña remate de contrato, porque non se axilizou e xa se buscou outra nova empresa de forma rápida para continuar coas actividades formativas, todas as actividades que tiñan previsto. Non falo, señora Lama, de papel mollado; simplemente me refiro a iso, un plan non serve, por moito que queiramos ter boas intencións, que quede nuns folios e nunha web, ten que ser real, que serva, avalialo constantemente e preguntar: estámolo conseguindo? Non, pois temos que mudar as nosas accións. Repito, o noso voto vai a ser a abstención, pero por esa razón. Nós apoiaremos e o Grupo Socialista

sempre apoiou todo tipo de medidas de conciliación, de apoio ás mulleres e non vai ser menos nesta ocasión. Grazas.

D.^a Luz Doporto Real, do Grupo Popular: voulle facer dúas apreciacións. Unha, eu tampouco me fun de vacacións en agosto, porque por propia responsabilidade das competencias que me tocou asumir, fíxome falta o mes de agosto para poñerme ao día de todo no que dentro da nosa área se traballa nesta casa. Xa lle digo que, ao mellor, non son tan rápida, nin tan lista como vostede e, entón, as cousas lévanme un tempo; é o que ten ser humilde e intentar facer as cousas ben e con responsabilidade. Non vamos entrar en máis debate. Díxeno antes ao empezar a intervención, os plans son flexibles, normalmente non soen ser tan longos en espazo de tempo (seguramente vostedes o saiban), pero era o primeiro e cun espazo e marxe de tempo suficiente, por iso lle dicimos á señora Lama que non hai nada parado, non hai nada que non estivese no calendario de 2019 sen facer. Por iso non se apoia a moción, señora Lama, que non lle dea pena porque as cousas apóianse por rigorosidade. Entón, o que imos a facer, no momento en que estea cumprido todo, será ir facendo modificacións e introducións das cousas que se foron vendo durante estes dous anos anteriores e este que está. Eu só podoo falar do que estiveron vendo nestes últimos 4 meses dende que estamos aquí. Señora Lama, eu non vou falando polos pasillos desta casa, nunca, falando da maneira en que vostede o deixou ver, porque a esta deputada non a vai a enfangar de ningún tipo. Eu vou, pido a documentación e a documentación que a min se me pode dar son as actas desas comisións, que é o lóxico, a documentación rigorosa que haxa. Cando leo eu o PIOMH e me poño a facer a calendarización, por responsabilidade e por axilizar o traballo mentres non tiñamos asesoramento técnico externo -porque non temos persoal técnico na Deputación, como sabe, específico na materia de igualdade-, cando me poño a facer a calendarización e a revisar as actas vexo que se fala dun informe. Un informe que é certo que eu pedín, pero pedín onde o teño que pedir; non andei pola casa, polos pasillos, preguntando por un informe a non sei quen. E falei coas persoas, das que vostede falaba antes, que formaban parte da Comisión, con meirande parte delas, para que lle quede claro. Ninguén lle di a vostede que pasou, a documentación está, as actas están que é o que ten que estar e o resto, se vostede ten outras cousas, non sei, borraríanse os ordenadores, eu non sei. O seu ordenador no momento que vostede se foi, non pode dicir: busquen no ordenador de Montse Lama. Eu, cando cheguei ao meu despacho, tiña un ordenador preparado para traballar eu, non dispuña dos seus arquivos e das súas claves. Francamente, a moción é o que hai; di:

nomear unha nova presidenta, o decreto está en marcha e xa está para asinar. *Convocar a Comisión de Igualdade para que se axilicen, no menor tempo posible, aqueles compromisos que están sen se cumprir*, convocar a Comisión de Igualdade, si, vaise a convocar nos próximos días, porque se lle dixeron tantas cousa, tamén lle dirían que estivo a punto de convocarse para a primeira semana de outubro, verdade que llo dixeron? Alégrome moito, así todos sabemos de quen falamos e como, porque eu só falei con dúas persoas, polo que vostede non pode terxiversar a información. Entón, non se convocou para a primeira semana de outubro porque se me aconsellou que esperásemos a que teñamos esa asistencia técnica externa, teñamos clarificados todos os temas que quedaron ou non pendentes. Do que di dos compromisos que se están a cumprir, mencioneille antes, non existe ningún sen cumprir neste momento que sexan firmes e que estean recollidos no PIOMH; proba disto, a conciliación, segue incrementándose paulatinamente. Vaise interiorizando o plan nos traballadores e nas traballadoras da Deputación de Ourense. Nos programas de formación continua, remataba esta semana un curso de redacción de documentos administrativos con linguaxe inclusiva, específico de igualdade (estoulle dando conta do que fixeron os traballadores/as durante 2019 por seguir mantendo o PIOMH), tamén se realizaron con módulos de igualdade un curso de prevención de riscos laborais na xestión de residuos sólidos urbanos e puntos limpos, un curso de operador de maquinaria de obra pública e servizo en traballos de roza, un curso de funcionalidade e operatividade con vehículos de vialidade invernal, un curso sobre circuitos e sistemas hidráulicos e pneumáticos de camións e maquinaria de obras públicas. Non só se cumpriron, e se está cumprindo, con todos os prazos as medidas previstas na calendarización de 2019; senón que os traballadores/as non están parados e foron máis alá pondo xa en marcha actuacións que tiñan calendarización no 2017-2021 porque, expliqueino antes, son progresivos os plans, practicamente todas as actuacións que hai previstas no eixo do plan son progresivas; proba disto é que xa se meteron nas bases reguladoras dos procesos selectivos para provisión de prazos incluídas na oferta de emprego público da Deputación de Ourense de 2017 incluíronse temas específicos en materia de igualdade; o mesmo para os que son de promoción interna. Eran dúas cousas que levan o seu tempo, que teñen que pasar pola mesa de negociación, que dependen dos sindicatos, das eleccións sindicais e iso é todo o que queda por facer, señora Lama. A partir de aí, eu devólvolle a mesma petición, si, creo que teño o seu teléfono persoal, seguramente vostede tamén teña o meu e me poida chamar; estaría ben, a intencionalidade importa, estaría ben que vostede me chamara, se tan preocupada estaba para

saber se necesitabamos algo para poñer en marcha esas reunións que estaban sen poñerse en marcha. O único que admitimos que non se estaba facendo son as reunións da Comisión, nada máis. Non, non é o máis importante...perdoe, señora Lama, pode ser o máis destacable, o máis chuli; pero mire, o máis importante sabe que é? Que este plan se cumpra, iso é o importante. As reunións están para ver o seguimento do plan e para dar conta do seguimento do plan. Eu cingome a este plan que está aprobado en Pleno e non hai máis, señora Lama. Moitas grazas e sentimos que neste caso non puideramos ter un acercamento doutro tipo porque, mire, se algo é importante para a igualdade real entre homes e mulleres, é que estes debates, que parecen simplemente loitas de egos, non se produzan e menos entre mulleres; é algo que eu detesto, persoal e profesionalmente, pero evidentemente tampouco vou vir aquí e calar e que quede a idea de que nesta Deputación non se aproban cousas tan importantes como a loita pola igualdade real entre home e mulleres, dos traballadores e traballadoras da Deputación de Ourense. Non me vou a calar no sentido de cando vostede diga que está parado, que non se cumpren os compromisos...non, non é certo. Que o poderemos mellorar todo? Seguro. Que esta deputada vai estar aberta a iso? non o dubiden. Pero poñer en dúbida o traballo dos e traballadoras da Deputación de Ourense no tempo que eu levo aquí, non me parece correcto e non me vou a calar. A partir de aí, se ten a ben querer, como o resto de idea, participar con ideas para mellorar cando teñamos que redactar o seguinte, non hai ningún problema; son unha persoa moi accesible, pódese falar comigo en calquera momento e eu estaría encantada de facelo. Moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. É unha pena o que acaba de acaba de acontecer neste salón por parte do grupo de goberno, co parabén de Democracia Ourensana. Democracia Ourensana, os sindicatos xa están presentes na Comisión de Igualdade, xa opinan; xa opinaban e decidían. O problema de vir a defender o non a unha moción que é indefendible, é que se cometen erros á hora de debater; aí queda nas vídeo actas. Vostede dixo que agosto era inhábil e que se puxo a traballar en setembro; agora acaba de dicir que en agosto xa se puxo a traballar no tema. A verdade que utilizar palabras como *súper lista*, *tan lista*, *chuli*, a min paréceme dun nivel *barriobajero* que non me esperaba do grupo de goberno. Simplemente era recoñecer un pequeniño erro que vostedes cometeran. E non se tome isto como algo persoal seu, vostede chegou o 28 de xuño; a responsabilidade vén de antes e vostede non estaba aquí, quizais non era vostede a persoa que tiña que defender esta moción. Do 28 de xuño ata o 28 de xaneiro

houbo uns acontecementos que vostede non viviu e non estaba aquí e, polo tanto, ao mellor quen tiña que defender a moción era alguén que si estaba aquí e coñecía a realidade e diranllo os membros da comisión o día que os reúna, entón dirá Montse tiña razón e oxalá o poida dicir publicamente: equivocámonos e tiñamos que votarlle a favor á moción de Ciudadanos. Vostede primeiro di (está na vídeo acta, as vídeo actas son a leche) a comisión non está parada; despois di, tras a marcha de Montse Lama, parálise da Comisión. A ver, está parada, non está parada?. Vostede di que non vai enfangar nada da miña persoa; non hai nada que enfangar, son unha persoa moi currante e moi honesta, igual que o é vostede e sei que o vai facer estupendamente como presidenta da Comisión. Deséxolle todo o mellor, polo ben da igualdade de oportunidades de homes e mulleres. Eu non vou utilizar termos que utilizou porque creo que quedou bastante retratada. Vostede dixo na comisión informativa, e agora di aquí di que non, dixo que a documentación non existía, que a documentación non estaba na institución. Iso é mentira. A vostede, despois desa comisión e despois de que me cabreara, a vostede a informaron de que se cometera un erro e agora ben a dicir que si, que a documentación estaba pero é que nun ordenador... Dáme igual onde estivera, había unha persoa e técnicos desta deputación que quedaron encargados desa documentación é máis, vouno dicir publicamente, chamei varias veces á deputada que quedo responsable da Comisión de Igualdade, pódeo dicir dende onde estea, preocupándome polo tema da Comisión de Igualdade e porqué non se convocaba. Preocupeime, xa non estando en política neses intres. Incluso chamei aos meus compañeiros, aos que acaba de nomear un por, un para preguntarlle como estaba o tema porque era algo que naceu con moita ilusión e, sobre todo, con moito esforzo e moito traballo e hoxe aquí queda denigrado. Non queda denigrado o meu traballo, porque ese non era o meu traballo, era o traballo dun conxunto de persoas que quería avanzar e posicionar á Deputación como unha deputación responsable e coherente cos temas da igualdade. Vostede dixo en comisión informativa o outro día que se convocara a semana pasada, pero que se tivo que desconvocar non sei porqué temas que ían a sacar a contratación de poder estar asesorados ben neses temas. O tema da escola infantil, si que é verdade e recóllenos as actas, había membros da Comisión que non estaban de acordo; pero tamén lle vou a dicir unha cousa, a maioría dos membros do seu grupo de goberno si estaban a favor, por iso recalco este tema porque é un tema que falei cos membros do grupo de goberno da lexislatura pasada e estaban a favor de levar a cabo esta iniciativa dentro da institución. Eu non invento nada, sempre veño con verdades, lle guste ou non ao PP, lle guste ou non a o

PSOE, ou lle guste ou non ao BNG; dáme igual, eu vota a favor, en contra, abstención independentemente de cal sexa a cor política porque creo que hai que ser construtivos. As reunións da Comisión si que son importantes, Luz, porque escoitar é importante, escoitar aos sindicatos, escoitar aos funcionarios, escoitar ao persoal laboral, a políticos doutras cores; eu creo que si é importante e se dende o 28 de xaneiro non se volveu a convocar a Comisión, non se pode vir a xustificar con nada do que vostede xustificou e menos vir a atracarme a min. Eu non vin a atacala a vostede, nin ao grupo de goberno, vin a atraer unha moción con toda a miña humildade para que sigamos avanzando. Hoxe voume apenada deste plenario de non contar cos votos suficientes para poder aprobar a moción, pero si o que lle desexo á nova presidencia da Comisión e a todos aqueles membros que vaian a formar parte dela, estou segura que van a facer un traballo brillante, estou segura que contarán con todo o apoio dos grupos da oposición e con todas as medidas que lle brindaremos para poder, entre todos xuntos, avanzar neste tema. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que non é aprobada ao obter o voto favorable de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourense (2) e a abstención do Grupo Socialista (8).

11º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO AO LEXICÓGRAFO OURENSÁN ISAAC ALONSO ESTRIVIZ.-

O Sr. presidente anuncia que os grupos propoñentes da moción presentaron unha emenda de engádega, e cédella a palabra a Democracia Ourense para expoñer o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourense: ola, bos días. Vamos a falar, nesta moción, dun ourensán, dun galego; dun ourensán cuxa figura e cuxas achegas á lingua galega estimamos moi importantes. Nos seguintes minutos exporei os motivos. A moción comeza falando da súa traxectoria biográfica, fala de moitos artigos escritos, de moitos libros, de diversas asociacións relacionadas coa lingua ás que pertence Isaac Alonso Estraviz que é o nome da persoa para a que propoñemos hoxe, dende o grupo de goberno de Democracia

Ourensana e do Partido Popular, a medalla de ouro da provincia. Tamén se fala na moción do seu compromiso persoal co galego demostrado pola súa defensa desta lingua, da nosa lingua, en momentos difíciles nos que estaba prohibida mesmo nos ámbitos relixiosos, como di a moción, que chegou a ser pecado, íase ao inferno por falar galego. A parte dos títulos académicos que leva acadado este profesor –tal e como di a moción, foi profesor da didáctica do galego na Universidade de Vigo no Campus de Ourense-, eu quería resaltar a súa labor fundamental como lexicógrafo. Xa saben que lexicógrafos son aquelas persoas que fan os dicionarios. Ao mellor non se lle dá a importancia que merecen, pero lembremos que as linguas, ademais do seu sistema fonético, da súa sintaxe; as linguas núntrense, sobre todo, das palabras. Podemos dicir que as palabras son a parte proteica da lingua. O galego, nas últimas décadas, leva corrido grave risco de desaparición e as perspectivas, ao mellor, non son tan *halagüeñas* como quixeramos, pero a pesar diso, temos unha rede de seguridade nesta xente que pasou a súa vida, tanto profesional como persoal, compilando palabras condenadas a desaparecer por todos os ámbitos da terra galega, falando con persoas dos diferentes pobos, das diferentes comarcas, idades; anotando unha por unha aquelas palabras nun caderno, nunha gravadora e legará, ao futuro, a rede de seguridade que salvará ao galego. Cando morre a última persoa que coñecía unha palabra, non hai xeito de recuperalo e ese concepto, ao mellor, é asumido por unha palabra doutro idioma ou, ao mellor, pérdese o propio concepto. O labor dos lexicógrafos no que son os idiomas e na transmisión das linguas é fundamental. En España, no castelán, están as figuras de Nebrija, Covarrubias, de Terreros que son estimados como figuras de primeiro orde; noutros países temos, por exemplo en Inglaterra, ao famoso Samuel Johnson que compilou, durante a súa vida, tantas palabras como puido e, ademais, dáballes definicións moi acaídas ao humor inglés. O labor do famoso dicionario *Oxford English Dictionary* foi levada a cabo por moitos lexicógrafos, pero coordinada por un señor que se chamaba Murray e fixésenlle ata que punto lle daba importancia o goberno inglés ao seu traballo que lle chegou a poñer, o servizo de correos, un buzón na súa casa para que non perdesa tempo en ir enviar as cartas que intercambiaba con outros moitos lexicógrafos de Inglaterra. En Alemaña teñen aos irmáns Grimm, os dos contos; todos coñecemos aos irmáns Grimm como compiladores de contos, pero moi poucos saben que foron dos grandes lexicógrafos que rexistraron miles de palabras do alemán que hoxe están na nosa lingua. Poderíamos seguir con moitos outros, establecendo a comparación que, noutros países e noutras linguas, a estas persoas se lles deu a importancia que se lles debe dar e aquí, en

Galicia, temos unha figura dunha magnitude intelectual comparable como é Isaac Alonso Estraviz de hoxe, dende esta institución, queremos recoñecerlle ese importante labor dentro do ámbito das competencias desta institución como é unha medalla honorífica, como é a medalla de ouro. Como dicía antes, é imposible expresar e n poucas palabras a importancia de que as palabras non se perdan. As palabras teñen importancia non só polo seu significado, senón que en man dos investigadores achegan moita información; os propios historiadores, os demógrafos encontran, ás veces, nas palabras información sobre movementos migratorios, información de aspectos psicolóxicos e cognitivo das culturas, o estudo das isoglosas dá moitísima información histórica, xeográfica, etc... Como digo, estou seguro que non son vostedes a quen teño que convencer; estou bastante convencido que vostedes comprenden a importancia dunha figura como a de Estraviz e por iso trouxemos esta moción para que esta institución, penso, particularmente, que outras institucións galegas deberían ter tomado a iniciativa e darlle importancia; pero aquí temos un caso no que a Deputación tomou unha iniciativa que, ao mellor, non tomaron que tiña que telo tomado no ámbito universitario ou no ámbito doutros gobernos. É un traballo que hai que recoñecer porque é arduo, dunha vida enteira, recollendo palabras como quen atopa especies raras de insectos; cada especie nova que se atopa, parece que abre un camiño. Onte falaba co deputado do Partido Popular, Plácido sacou a colación unha palabra que non coñecíamos, polo menos na acepción que apareceu despois; consultamos o dicionario que creou este señor, Estraviz, e que está na rede. Outra xentileza que tivo, colgalo na rede, 130.000 palabras e alí estaba. Eu penso que nada máis, agardarei polas súas intervencións, pero eu confío que votarán a favor desta moción. En canto á emenda, foi unha cousa que puxemos a *posteriori* cando estimamos que apoiarían a moción e para simplificar os trámites –senón tería que vir a outro Pleno- engadimos unha emenda que consistía en nomear, xa neste mesmo acto, ao instrutor do expediente de honras que, neste caso tal e como di a emenda, caería na miña persoa. De momento nada máis, xa direi máis cousas, se procede, na seguinte intervención.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D^a Ana Patricia Torres Madureira, do Partido Popular: ola, bos días. Grazas presidente. Nós non temos moito máis que engadir ao que dixon, neste caso, o portavoz de Democracia Ourense. Isaac Alonso Estraviz ten máis que demostrados os seus méritos para recibir esta medalla de ouro da provincia, pois é ourensán e traballou a reo polo galego en

diferentes publicacións como así o referenda e en momentos complexos tamén. Ademais, o galego abre as portas a un importantísimo número de falantes, en total, 217 millóns de persoas que falan portugués e o galego está moi próximo ao portugués. Xa só por iso, dende ese punto de vista do coidado da lingua, xa merece ser recoñecido porque a lingua forma parte do noso patrimonio cultural. Entón, como compañeiros de prestar a moción en conxunto, imos a votar a favor. Grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Tiña aquí unha pequena discusión co meu compañeiro Bernardo, el dicía que é de Allariz e eu dicía que é veciño máis de Xinzo por ser de Trasmiras; pero, en todo caso, dicirle a Democracia Ourensana que nunca se perde a esperanza, sempre se poden conseguir loitas a través de negociacións, que iso é o máis importante, e a través do diálogo, felicitoos por elo, que conseguiran levar adiante este proxecto cos votos favorables que van a ter, non só dos seus socios de goberno, senón que creo que de toda a corporación. Polo tanto, felicitoos e o meu voto a favor. Nada máis. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: xa que Alonso Estraviz ten aos seu setenta e pico anos toda a súa enerxía e rebeldía que o levaron a afirmar: *o importante é non ser escravo dunha norma, senón amar á lingua*. É ben hora de que o seu traballo realizado, e o que sen dúbida lle queda por diante, sexa celebrado e logo de ter sido recoñecido pola Academia das Ciencias de Lisboa no 2016 como académico correspondente da Galiza, ademais de Arraiano Maior ou co premio Brais Pinto; hai que dicilo tamén, e logo do rexeitamento do Partido Popular no ano 2018, opte agora a esta honra e sexan así recoñecidos os méritos do autor do primeiro Dicionario Galego, galego. Sen dúbida Manuela, a súa compañeira, estaría hoxe leda de ver recoñecida a traxectoria do Estraviz, ese monxe que a Igrexa expulsou no 60 pola súa rebeldía de falar en galego e que na actualidade disfruta da súa coidada horta en Santa Mariña de Allariz; mentres na súa privilexiada mente segue a pensar en como facer valer a lingua galega e, con ela, á súa amada Galiza; ou será ao revés. Polo tanto, o grupo provincial do BNG non pode senón apoiar e congratularse da próxima concesión da medalla de ouro da provincia a don Isaac Alonso Estraviz. Moitas grazas.

D. Álvaro Vila Araújo, do Partido Socialista: nós non vamos a incidir máis nos méritos de homenaxeado hoxe tanto polo instrutor, como polos distintos grupos políticos. Nós vamos manter a mesma postura exacta que tivemos fai un ano nun Pleno, nunha moción similar, practicamente exacta, cando se presentou aquí e foi rexeitada polo Partido Popular.

Un erro que se emenda agora en tempo, pero non en forma. A través disto, queremos abrir un debate dende o noso grupo sobre a maneira de proceder e conceder este tipo de outorgamentos que rematan, como neste caso sería desexable, na máis alta distinción de honras da nosa provincia. Coidamos que é hora de cuestionar que sexa só mediante a incoación dun expediente cun instrutor (normalmente o encargo é o deputado delegado de cultura) e o secretario deste (normalmente o asesor de política cultural), conforme ao disposto no Capítulo III do Regulamento de honras desta Deputación. Cremos, firmemente, que é conveniente que este tipo de concesións se fagan máis participativas, de forma que garantan o prestixio e o respaldo do homenaxeado; se conforme un xurado adecuado cos representantes de todos os partidos políticos desta corporación e así se garanta o pluralismo das propostas e tamén no apoio unánime de tomas de decisións. Dicimos que en primeira instancia se valore porque dicía o instrutor a emenda de engádega, é un erro de forma porque senón non se podería levar a cabo isto e, como ben di, faría falta outro tipo de Pleno. Polo tanto, o noso voto vai a ser a favor, como non podía ser doutro xeito, e simplemente lembramos as verbas do portavoz, naquel momento, de Democracia Ourensana, hoxe instrutor, o señor Ojea ao respecto da oposición do PP: *dáme a impresión que lles fastidia non teren sido vostedes aos que se lle ocorrera isto. Entón, deixaran pasar un tempo e logo proporano vostede como idea súa.* De todas as formas, congratulámonos de que o pacto Partido Popular –Democracia Ourensana empece a dar os seus froitos e sirva para algo, aínda que sexa esta unha cuestión menor, e mudar unha pequena coma no devir desta Deputación. Tamén quixeramos lembrar a todo o plenario que tamén hai mulleres nesta provincia merecedoras deste recoñecemento e xa vai sendo hora de que deixen de ser patrimonio exclusivo dos homes estes recoñecementos. Nada máis. moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: ola de novo. O regulamento está aí, poden comprobar, por poñer un apunte, que 100 residentes da provincia son suficientes para propoñer un expediente de honras, ao marxe de que os propios deputados e os grupos poden propoñelo. Alégrome de que, polo visto, haxa unanimidade neste recoñecemento. Eu non lle chamaría cuestión menor (o portavoz do PSOE chamoulle cuestión menor); as veces as cuestións son maiores ou menores dependendo dos prazos dos que esteamos falando. Ao mellor dentro de 100 anos, ou 200, o feito de que se conservaran todas estas palabras, que haxa quen queira usalas na súa novela, na súas literaturas, nos seus ensaios, que volva a reflotar galego; ao mellor dentro de 200 anos esta moción ten máis

importancia que a do parking. Digo dentro de 200 anos, ao mellor dentro de 200 anos ou 100 o parking xa non lle importa a ninguén, ao mellor non está, ao mellor hai alí non sei o que. Entón, sempre se fala dos datos, sempre se di a diferenza entre os políticos e os estadistas; o político preocúpase das seguintes eleccións e o estadista preocúpase da seguinte xeración, entón nese aspecto ao mellor poderíamos filosofar un pouco en relación á importancia absoluta e relativa das mocións. Recordarei que, ao mellor, a importancia que lle atribuimos ao señor Estraviz dende o grupo de goberno é o seu labor de lexicógrafo, sen facer omisión do seu labor literario, do seu labor investigador noutros ámbitos tamén relacionados. Deixamos ao marxe as polémicas nas que ten participado este estudoso, polémicas que son comúns a todas as ciencias; na economía pode haber un economista ao que lle dean un premio Nobel e no ano seguinte que llo dean ao contrario; hai escolas na psicoloxía, ata hai escolas na física fundamental. Entón deixamos de lado os motivos polos que cremos que moitas veces foi deixado de lado este investigador porque non gardan relación co mérito que ten ter salvado o galego da súa desaparición se non fose porque ofrece a todo o mundo a posibilidade de recuperalo, volvendo a usar esas miles e miles de palabras na literatura na prensa e na fala diaria. Nada máis.

D^a Ana Patricia Torres Madureira, do Partido Popular: boas de novo. Nós soamente queríamos aclarar que o Partido Popular, no mandato anterior, nunca lle negou a valía a Isaac Alonso Estraviz para ser medalla de ouro desta provincia, senón que votou en contra porque incumpría o Regulamento de honras, porque se presentara por dous deputados, cando tiñan que ser tres. Hoxe, en presente, presentámola 14 deputados, entón si que cumprimos o regulamento; a valía xa estaba recoñecida de antes e, polo tanto, non vexo ningunha incongruencia neste caso. Moitas grazas.

D. Álvaro Vila Araújo, do Partido Socialista: simplemente un matiz, non fai falta que me explique o regulamento e cando vostede fala dunha cuestión menor, o traballo do señor Estraviz vai estar dentro de 200 anos, independentemente de que se aprobe ou non se aprobe aquí a moción de recoñecemento de honras. Simplemente iso.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: afortunadamente. Pero iso non quita nos sintamos hoxe contentos e orgullosos de recoñecerlle estes méritos a este estudoso que, como moi ben dixo o portavoz do PSOE, estes méritos son independentes de que llos recoñezamos nós ou non. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que a Deputación de Ourense lle conceda a medalla de ouro da provincia ao lexicógrafo ourensán Isaac Alonso Estraviz, nado en 1935 en Vilaseca, Trasmiras, nomeando instrutor do expediente de honores a don Armando Ojea Bouzo.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O COMPROMISO DE EXCELENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIA COA MEMORIA HISTÓRICA DE OURENSE

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción, e cédella a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o seu contido.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: moi bo día a todas e a todos. Onte foi un día histórico para este país, os ollos de todo o mundo estaban postos sobre nós, sobre o que era nese momento unha afrenta, porque non era simplemente un anacronismo, era unha afrenta para todas as miles de familias e persoas que foron represaliadas por unha persoa que foi un ditador que se sublevou contra un réxime constitucional e democrático. Deuse un exemplo e continuouse na senda da Lei de memoria histórica que tivo por obxectivo, dende o ano 2007, restituír a dignidade para este país; non para as vítimas, nin para os seus familiares que esa dignidade sempre a tiveron. Polo tanto, constitucionalismo, democracia, cordialidade e unanimidade; non houbo ningún poder (nin executivo, nin lexislativo, nin xudicial) que mostrara a máis mínima oposición; senón todo o contrario, todo foi unánime e agora temos unha nación máis digna, unha nación mellor aos ollos de todas as persoas que foron vítimas da represión franquista e aos ollos do mundo. Esta moción circunscríbese nestas mesmas coordenadas e reconece o labor que durante un tempo se vén desenvolvendo tanto nesta administración provincial, como en distintos concellos. Un labor que reconece a dor de tantas xentes que foron alleadas durante tantos anos e que non tiveron a oportunidade de falar dos seu sufrimento, algo do que é coñecedor todo aquel que ten na súa familia, ou nos seus achegados, algunha das persoas que aínda sobreviven ou familias que foron vítimas disto. Sobre esa base e facéndome eco nunha moción que non é só miña, nin moito menos; senón que é unha moción na que contribuíron outras persoas para que a súa redacción se presentara neste plenario, o que se pide é un compromiso desta Deputación Provincial para levala á práctica. Un compromiso que vaia

máis alá do que se leva feito ata o de agora, señor presidente, que non está mal, pero que entendemos que non é suficiente. Non é suficiente porque hai que facer unha cousa que é moi importante que é dotar de recursos ás iniciativas e tamén entendemos que é moi relevante abrir á sociedade a posibilidade de participar. Nós estamos convencidos de que todo iso é posible e de que non vai haber ningún tipo de obstáculo con ningún dos grupos políticos para que se leve á práctica. Eu, nese senso, si que teño que dicir que a substitución que se presenta neste caso non cumpre, non satisfai os requisitos que se formulan. En primeiro lugar porque no primeiro acordo, que eu entendo que é un acordo de autopublicidade da institución: *seguir liderando...*, pero con dicir que se sigue liderando, que sexa máis ou menos certo; eu non digo que non exista labor desta institución, non o digo porque é certo que hai unha base de datos que permite buscar tantos represaliados, dos que falamos nesta provincia, e na que ademais se fala da institucionalización do día de Galicia Mártir co que estamos plenamente de acordo e queremos lembrarlle que esta mesma proposta foi traída a este mesmo salón e foi aprobada no ano 2002, cando estaba don Gonzalo Iglesias Sueiro como deputado provincial e eu entendo que deberíamos ter en conta a súa achega e citalo e non deixar un primeiro punto, como se trae aquí, como un brinde ao sol. En canto ao segundo apartado desta emenda de substitución, é un corta e pega sen máis do primeiro punto que se presenta na moción, pero cunha curiosa eliminación, neste caso, dunha palabra; é dicir, fala no segundo parágrafo: *e deixar testemuño da súa defensa e loita pola liberdade durante a II República de España*. Liberdade e democracia figura na redacción orixinal na que se presenta do PSdG-PSOE; entón a palabra democracia non sei porque se eliminou dese parágrafo, curioso. E finalmente o punto terceiro que fala de crear unha comisión de ámbito específico que se circunscriba na Área de Cultura, Deportes e Mocidade. Se nós queremos ter algo que avogue realmente pola excelencia nesta Deputación Provincial e ser algo máis que palabras, o que hai que facer e darlle entrada, tal e como se propón na moción, a axentes externos, a axentes especializados; falamos de profesores da Universidade de Vigo –e non exclusivamente-, falamos de grupos da memoria e colectivos que levan traballado dende hai moitísimos anos nun país, que temos que dicir que é lamentable que non dispuxera dos recursos necesarios para materializar esta norma e que tiveran que vir sindicatos noruegueses a financiar, dos seus fondos, a busca de persoas represaliadas en foxas. É dicir, vamos a abrir un pouco, vamos a permitir que non sexa unha simple comisión dentro deste organismo a que faga posible materializar o seguimento e cumprimento da lei de memoria histórica; se queremos facer algo que, de verdade, abonde na excelencia desta Deputación Provincial. Polo

tanto, démoslle participación, fagámolo aberto á sociedade e ademais recursos. En ningún sitio se fala de recursos e, como vostedes saben, sen recursos as palabras quedan só niso, en palabras. Eu quero, simplemente, ante estas tres posicións das que se falan nesta moción, que nós non asumimos, nós insistimos en que se debe levar a diante o que se expón, o que se formula na propia moción que é algo moito máis interesante, dende o noso punto de vista, porque realmente ten a posibilidade de materializar a norma. Por unha parte fálase, é así de claro, de instar aos grupos municipais (aquí na substitución que vostedes formulan din: *instarlle ao goberno provincial a, respectando o principio de autonomía municipal...* é exactamente o mesmo) para que promovan a posta en valor daquelas zonas e edificacións dos seus municipios nos que houbo presos e mortes a causa da represión franquista, como lugares da memoria histórica; mediante a colocación de placas conmemorativas que informen e lembre respecto do alí acontecido, instalando, asemade, placas cos nomes das persoas executadas co obxecto de homenaxealas e deixar testemuño da súa defensa e loita pola liberdade (agora vén aquí a palabra) e a democracia durante a II República de España. Na súa emenda de substitución di: (...) *lugares da memoria histórica mediante a colocación de placas conmemorativas que informen e lembren respecto do alí acontecido, instalando, asemade, placas cos nomes das persoas executadas, co obxecto de homenaxealas e deixar testemuño da súa defensa e loita pola liberdade durante a II República de España.* Onde está a democracia? Se é un corta e pega, polo menos cortalo e pegalo enteiro. Por que democracia non? No segundo punto, que é o punto interesante, o punto amplo, e que ao mellor se pode modificar algunha cousa, porque ao mellor non ten porqué saír todo; pero o de crear unha comisión técnico-política provincial da memoria histórica de Ourense na que, ademais de especialista da Universidade de Vigo do Campus de Ourense, sen descartar outras procedencias de ámbitos de estudo especializados na materia, estean tamén representados colectivos da memoria provinciais, así como as forzas políticas presentes no Pleno (provinciais ou máis alá de provinciais, claro que si). Sería obxecto desta comisión elaborar un censo de vítimas de represión, cuxa misión será profundar en materia de recuperar a memoria da represión provincial, aínda incompleta e a piques de perdese en moitos casos. Fai falta un arquivo de memoria oral, non só como o que hai, por exemplo, en Ribadavia que xa hai moitos documentos de memoria oral, pero tamén visual; hai moita xente que está a piques de falecer. E polo tanto é preciso actualizar e incrementar con achegas de familias e persoal experto de vítimas, tanto perseguidas, como axuizadas, detidas e asasinadas. Neste censo estará tamén a

veciñanza da provincia presa ou morta en campos de concentración nazis, así como aquelas persoas que foron executadas por pertencer á resistencia en Francia. Promover a elaboración de estudos e proxectos centrados na recuperación das vítimas e do seu entorno familiar. Xerar o arquivo ourensán da memoria no que se recolla o nome e datos das vítimas, a súa historia, testemuño dos seus familiares, recordos físicos, etc... Deseñar e desenvolver o servizo de atención a vítimas e familiares, dende o que se lle prestaría a estas toda a atención e axuda que precisen: legal, acceso a fontes documentais, etc... Elaborar, xunto coas consellerías de educación dos concellos ourensáns, unidades didácticas sobre a historia da represión en Ourense dirixidas a escolares. Realizar un catálogo de vestixios do franquismo nos diferentes municipios, incluíndo no mesmo os nomes das rúas a cambiar; así como as direccións e os lugares onde se atopen placas con simboloxía fascista, de falanxe, tal e como aparece en rúas e fontes pública, igrexas, edificios públicos e privados, aguias pre - constitucionais, cruces dos caídos, etc.... do que hai en moitos concellos; a min, na miña etapa de alcalde, tocoume lidar con este asunto e retiráronse as aguias, pero noutros lugares optouse por varias iniciativas, unha delas foi colocar placas sinalizadoras de simboloxía fascista para que a xente soubera, efectivamente, porqué estaban aí, e noutros definitivamente por eliminar os símbolos, cando o vandalismo da xente impedía que fora posible desenvolver un labor pedagóxico; non ten máis sentido que iso, porque en ningún caso había lendas e proclamas contra ninguén que se puidera sentir ofendido, senón contra aqueles que lles roubaron a vida, os bens e a dignidade a moita xente. Establecer, e este é o punto esencial e final, unha dotación orzamentaria anual da Deputación de Ourense destinada á consecución dos fins sinalados nos puntos anteriores, de xeito que esta administración pública sexa un referente de excelencia (de aí vén o nome, neste caso da moción) na tarefa de recuperar e honrar a memoria da persoas que loitaron, ata coa perda da súa vida, para defender o constitucionalismo, a democracia e o progreso da nosa terra. Como moi ben di, e así remata a moción, di que o fin último desta iniciativa de excelencia é dignificar a memoria esquecida e vituperada das vítimas, contribuíndo a xerar concordia e previr a aparición de autoritarismos que destrúan a democracia e convivencia de persoas con lexítima diversidade de formas de pensar. Frase que vostedes transmiten literalmente e incorporan a outra das súas emendas. Entón, eu penso que é mellor o orixinal que a copia e penso que este orixinal é suficientemente aberto como para modificalo, pero non tallalo. Entendo, en todo caso, que todas as persoas que estamos aquí temos unha obriga e esa obriga non é só nosa, é de toda a cidadanía á que supostamente representamos. Non se trata aquí de favorecer a ninguén, senón de restituír a todo o mundo e

todo o mundo, neste caso, necesita de recursos e necesita de compromiso dos que estamos aquí. Nós non vamos a aceptar a emenda e pregamos para que o plenario acepte a moción tan e como está formulada; porque cando foi o momento e se levou ás comisións, non se dixo nada ao respecto e esta emenda apareceu onte pola tarde. Unha emenda extemporánea e unha emenda que, dende o noso punto de vista, liquida todos os fins que perseguimos con esta moción. Penso que é hora de que todo o mundo reflexionemos, se é posible facer unha pequena modificación, tampouco estamos pechados a nada; pero o que non estamos dispostos a que se liquide o espírito dunha moción como esta. De momento nesta intervención nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Eu creo que hoxe é un día importante porque o PSOE está recoñecendo o enorme labor que o Partido Popular nesta institución co tema da memoria histórica. Polo tanto, eu entendo que hoxe estanse apartando a un lado as cores políticas, porque nos interesa a todos os políticos que estamos aquí sentados chegar a un consenso común con este tema. Vendo as discrepancias e vendo as diferenzas, eu pediría, non sei se é posible, que retiremos a moción e fagamos unha xunta de portavoces, onde poidamos saír deste plenario cunha moción aprobada por unanimidade. Creo que sería importantísimo, sobre todo de cara ao reflexo da nosa sociedade, de cara aos nosos veciños que vexan que somos capaces de consensuar, aínda que sexa durante dez horas; pero que cheguemos a un consenso común e sobre todo e dun plenario (senón é diste, do seguinte) onde poidamos celebrar a unanimidade deste tema tan importante que sufriron moitísimos familiares dos que estamos aquí presentes. Polo tanto, préggolle que considere esta petición da deputada de Ciudadanos. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: por moito que algúns teimen en negalo, as demandas das vítimas, as esixencias democráticas e éticas relacionadas cos crimes e cos abusos do franquismo, son cuestións vivas (do presente e do futuro) que están sen resolver. No contexto galego, as iniciativas ao redor de Meirás e de todo o patrimonio espoliado polo clan Franco, co indubidable protagonismo do nacionalismo, supuxeron unha mudanza da percepción social na axenda política da memoria histórica galega con pasos adiante que hai que culminar. Debe ser, polo tanto, unha prioridade de política darlle continuidade ás iniciativas ao respecto impulsadas dende o ámbito tanto institucional, como social. Recordamos aquí as demandas xudiciais interpostas polos Franco contra militantes e

dirixentes do BNG. No contexto estatal, houbo movementos nos últimos anos que están a modificar o marco do debate, principalmente pola intervención do relator especial das Nacións Unidas sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación, e as garantías de non repetición (Informe de Greiff de 2014, con próxima revisión); intervención baseada no que é o documento fundamental para analizar a cuestión das graves violacións dos dereitos humanos e os dereitos das vítimas, os principios e directrices das Nacións Unidas sobre os dereitos das vítimas de violacións manifestas, das normas internacionais de dereitos humanos e de violacións graves do dereito internacional humanitario e poñer recursos e de obter reparacións. Doutrina que consagra o dereito á xustiza e a obriga dos estados a xulgar e extraditar ás persoas responsables de crimes contra á humanidade. Esta é a vía aberta pola querela arxentina, iniciativa de ámbito estatal, na están presente entidades e persoas galegas, que denuncia anomalías e carencias do réxime xurdido do pacto da transición; especialmente a chamada Lei de amnistía. Solicitaríamos, se así o considerara o Grupo Socialista, a inclusión dos seguintes puntos:

1. Apoio á campaña de denuncia contra a Lei de amnistía, contraria ao Dereito internacional e Tratados sobre Dereitos Humanos ratificados polo o Estado español.

2. Apoio á querela arxentina.

3. Instar a unha elaboración dunha lexislación propia de Galiza e a aprobación dun novo marco legal estatal que resolva ás seguintes cuestións:

a) anulación de xuízos, sentenzas ou resolucións ditadas por tribunais franquistas por razóns ideolóxicas, de crenzas ou de orientación sexual.

b) investigación dos crimes e fin da impiedade e derogación da Lei de amnistía

c) exhumación, identificación e enterramento digno ás vítimas.

d) exercicio do dereito a coñecer a verdade e acceso aos arquivos, reparación das vítimas da ditadura.

Non valen os lavados de cara e simples papeis, pedimos dende o BNG medidas legais que, por exemplo, declaren a nulidade de sentenzas como a que condena a Alexandre Bóveda; figura que esta institución vén de homenaxear no día a Galiza Mártir e cuxo xuízo o máximo que recoñece a Lei de memoria histórica é que foi inxusto, pero non chega a anulalo. Creemos que así debería de ser. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana: antes de entrar no tema da moción, unha cuestión de orde. Debo unha desculpa ao señor Ignacio

Gómez e pregaría que o señor secretario, eliminase da acta dúas expresións desafortunadas pola miña parte neste Pleno. Dende logo, o de *Ignorancia Gómez* está fóra de lugar, igual que está fóra de lugar o da *chapa*. Dígoo por dous motivos, un porque evidentemente rebaixa o nivel que debe ter o debate e segundo porque, independentemente das diferenzas que teñamos de criterios e de opinións, a min gustárame seguirille chamando Nacho. Entre outras cousas, a culpa é que un é de sangue quente e vostede ten unha linguaxe corporal e verbal que, para un de sangue quente, quenta. Dito isto, entro na cuestión. Fai uns días, o meu compañeiro de partido Armando Ojea e máis eu coincidimos co voceiro do PSdG, Rodríguez Villarino, na presentación do Ateneo do derradeiro libro de José Cabañas, *Diario del soldado republicano Jaume Cusidó Llobet* (por certo, prologado por Preston); supoño que tanto o meu compañeiro como o señor Villarino e eu xa entramos na lectura deste durísimo relato, como durísimo tamén é entrar a coñecer o pensamento fascista de xente como Ramiro Ledesma. Todo isto é memoria histórica, coñecer o que pasou neste país no século XX. Este acervo non o podemos esquecer, non só polas vítimas, pola reconciliación; senón tamén para construír unha sociedade pacífica a que tales relatos e tales pensamentos realmente lle repugnen. Concordo, basicamente, coa exposición de motivos da moción; por non dicir en todos. Agrádame ver e descubrir na moción como se glosan algunhas actuacións e iniciativas que xa no seu día foron levadas a cabo en relación coa memoria histórica dende este ente provincial. Paréceme moi notorio o traballo de recollida das identidades dos case 700 fusilados polo franquismo, dos 3.600 apresados, dos 1.400 xulgados entre 1936 e 1940; así como a difusión cultural, a biblioteca do exilio, sen esquecermos tamén do día da Galicia Mártir. Sen afondar en máis consideracións, débolle recoñecer, señor Villarino, o valor da moción e nun momento realmente importante; pero tamén debo dicir que da lectura desta moción, certamente extensa en canto ao que se pide na parte expositiva, poderíanse ir tratando cun debate máis pausado algún dos puntos que aquí se formulan. Despois da lectura da emenda, que a min tamén me chegou onte, entendo que ao mellor dende unha perspectiva máis práctica, igual é máis doado poñer en marcha unha serie de iniciativas a través do que se solicita a través desta moción de substitución, porque a través dese punto de partida da Comisión de Cultura pódese conseguir algún dos obxectivos que se formulan na moción principal presentada por vostedes. Si, podemos discutir en certa maneira que, segundo os puntos de vista, podería haber algún tipo de distorsión entre a moción e a emenda; pero, sinceramente, sen querer entrar nese debate e sen querer estragar un ton que debe ser importante nunha materia como esta, na que temos

que estar todos unidos, posiblemente eu entendo (a risco de equivocarme) que igual é moito máis doado continuar adiante e levar a cabo o que vostedes piden dende a perspectiva que se está solicitando na emenda, a través desa comisión de cultura que pode ampliar tamén o seu ámbito de actuación. Tamén é certo que a emenda vén a defender o principio de autonomía municipal; entón unha cousa é a recomendación aos concello e instar é outra. Penso que este é un tema que, a aparte do compromiso político, tamén hai unha certa carga ética, ou ideolóxica que temos que defender todos, evidentemente, que vai nun só carreiro; pero en calquera caso a autonomía municipal é unha realidade que nós temos que tratar de respectar. Por iso insisto, aínda a risco de equivocarme, vexo máis viable a efectividade práctica do que aquí se propón, a través das propostas que presenta a emenda de substitución que na moción principal. Nada máis.

D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular: moitas grazas, señor presidente. moi bo días señoras e señores deputados. Eu quero iniciar a miña intervención recuperando o que recalcaba o portavoz de Democracia Ourensana, o señor Caride, que é importante manter un ton sosegado neste tipo de debates porque creo que iso nos enriquece a todos e nos permite chegar a acordos. Fíxose unha análise do contido da emenda, simplemente quero matizar unha cuestión, que se falaba dun corta e pega e se se suprimía a palabra democracia. Recoñezo o erro, porque eu fixen a redacción, e non foi un corta e pega, foi unha transcripción manual e colóuseme a palabra democracia; pero non temos ningún problema en incluír a palabra democracia no texto. Si hai unha cuestión importante na redacción deste punto que se mencionaba antes e que si que creo que hai que ter en conta, ás veces cando estamos en institución e estamos adoptando acordos que pretenden ter unha validez xurídica, temos que ter presente; cando se fala neste punto 2 de *instarlle ao goberno provincial a, respectando o principio de autonomía municipal*, hai dúas cuestións importantes. Primeiro, o que se sinalaba dese respecto ao principio de autonomía municipal, que para nós é fundamental, e despois o de *instar ao goberno provincial a*, os acordos que se acordan na Deputación só poden comprometer ao goberno provincial. Dende aquí non podemos aprobar acordos que comprometan a outras administracións que teñen a súa lexitimidade e a súa autonomía, por iso ese matiz na redacción; por unha cuestión puramente técnica e que, eu creo, dá resposta ao que é a realidade institucional. Nós aquí adoptamos un acordo para instar ao goberno provincial a que recomende aos gobernos municipais, dentro da súa autonomía, que se leven a cabo esta serie de cuestións. Nós, que estamos facendo?

Recoñecendo o valor do que propón o Partido Socialista, porque por iso se transcribe literalmente, pero introducindo estes dous matices que para nós son moi importantes. Despois, no primeiro punto da emenda falamos...vostede falaba de brinde ao sol, pois non, eu creo que é importante tamén, se estamos nesta institución, e vostede fano na exposición de motivos da súa moción, é bo recoñecer e valorar o traballo que se ten feito dende esta institución para o recoñecemento, para a concordia e para o restablecemento e a reparación do dano causado ás vítimas e do esforzo de recuperar a memoria colectiva de todos os represaliados; en definitiva, coincido co seu argumento, da memoria colectiva do país. Non é nin de represaliados, nin non represaliados; senón que esta é unha cuestión de país, témolo todos perfectamente claro. Dende esta institución se teñen feito moitas cousas e se teñen dado moitos pasos e a nós parécenos importante destacar que a Deputación Provincial de Ourense está liderando, incluso no ámbito institucional e en Galicia, o compromiso coa defensa da memoria histórica. Vemos nas actuacións que se teñen levado a cabo, como ese buscador de represaliados é unha ferramenta que foi pioneira no seu día e coas melloras que se lle foron implementando ao longo do tempo, foi incorporando uns elementos de valoración que non contemplan outras ferramentas deste tipo, como por exemplo no ano 2017 a posibilidade de introducir unha nova visión do concepto de represaliado para incluír a todas aquelas persoas que non só recibían un castigo, unha represalia física ou de perda da liberdade; senón incluso económica. A presión e as represalias teñen moitas vertentes e moitas formas de expresarse, a económica, a institucional de concelleiros, alcaldes que exercían un labor democrático nas súas corporacións. Todo iso está recollido nestas achegas que se fixeron no ano 2017 e no ano 2018. No 2019 implementanse novos ítems neste buscador de represaliados. Despois, hai actuacións previstas para o ano 2020 que é incluír todo o relacionado coa represión acontecida en outubro de 1934, durante os cales (aproveitando xa a declaración de guerra) había unha serie de autoridades militares que xa puxeron en marcha unha serie de procedementos regresivos e represivos que presentan evidentes liñas de continuidade co que acontecerá despois, a partires do ano 36. Neste caso, a provincia de Ourense e a Deputación de Ourense volverá a ser a primeira das galegas en contar cunha investigación destas características. Nós entendemos que estas son cuestións para poñer en valor e para defender porque o compromiso non se demostra falando, o compromiso demostrase actuando e traballando. Nese sentido nós cremos que é importante poñer en valor todo o traballo que se ten feito dende esta institución a prol da memoria e prol da defensa dos valores da democracia. Neste sentido, temos agora o

terceiro punto da moción, porque se fixo unha deconstrución exhaustiva da moción. No terceiro punto, se se me permite, traería aquí a colación a un filósofo da Alta Idade Media que é Guillermo de Occam, enunciaba o principio de economía, e dicía que non de deben multiplicar os entes sen necesidade, *entia non sunt multiplicanda praeter necessitatem*, dicía. Pois ben, nós o que estamos facendo é precisamente iso. Nós cremos que a excelencia nunca debe perde de vista a súa raíz no posible e no realizable, porque senón a excelencia tórnase en utopía e vostede sabe que a utopía, etimoloxicamente, é o non lugar. Nós para defender esa excelencia, temos que intentar simplificar as canles que nos permitan levar a cabo as medidas que, entendemos, teñen que ser proveitosas para desenvolver a recuperación da memoria, a concordia a cordialidade e a reconciliación nacional. Nese sentido, nós entendemos que é moito máis operativo aproveitar o ámbito da Comisión de Cultura, Deportes e Mocidade da Deputación para establecer, dentro dese ámbito, un grupo de traballo que, precisamente o feito de establecer un grupo de traballo dentro desta comisión nos permitirá tamén, como non, recoller achegas da sociedade civil e, incluso, nalgún momento, a comparecencia dalgunha persoa dentro do ámbito do propio grupo de traballo da comisión para levar a cabo as medidas que, dentro dese grupo de traballo, se entendan como oportunas; probablemente, porqué non, algunha delas as que veñen referenciadas na propia moción, pero que sexa produto dese traballo e dese consenso emanado dentro dese grupo de traballo da propias comisión. Nós entendemos que esta é unha emenda –vostede sinalábao- que está respectando practicamente na súa esencia, na súa literalidade o contido da súa moción; o único que introducimos é unha serie de matices que nós entendemos que poden melloralas, por unha simple razón porque nós somos defensores do pragmatismo que supón moverse na realidade do realizable. Nese sentido entendemos que é moito máis operativo, máis pragmático, a creación deste grupo de traballo dentro do ámbito dunha comisión xa existente que crear, con todo o que iso suporía, unha comisión técnico-política a nivel provincial para poñerse a tratar estes temas e intentar levar a cabo medidas relacionadas con todo o que ten que ver coa memoria histórica. Como se di na proposta da emenda, e con isto remato, este grupo de traballo tería capacidade para elabora informes e facer propostas, precisamente, encamiñadas a (e nisto retomamos outra vez a redacción do seu texto) *dignificar a memoria esquecida e vituperada das vítimas, contribuíndo a xerar concordia e a previr a reaparición de autoritarismos que destrúan a democracia e a convivencia de persoas con lexítima diversidade de xeitos de pensar*. Nós

entendemos que é perfectamente asumible e que para nada deturpa o contido da súa moción e que si o fai realizable, posible e de execución inmediata. Máis nada. Moitas grazas.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas a todos polas achegas que están a realizar con respecto á moción e a emenda. Quería dicir, en primeiro lugar empezando pola compañeira de Ciudadanos, que nós reunímonos aquí, nunha sala, cun obxecto que se supón que ten que ser resolutivo. Podemos ter todas as reunións previas que queiramos, incluso cunha moción como puido ser a de igualdade, pero non podemos facer unha mecánica de funcionamento desta natureza porque eu entendo que non imos avanzar. Aquí, eu penso que as distancias non están tan afastadas como para ser imposible chegar a acordos; ese é o meu punto de vista. Con relación ao que propón o compañeiro do BNG, podo dicir que todo o que propón nas súas medidas é perfectamente asumible na propia formulación da moción; entra de cheo, non hai ningunha exclusión posible. O que si se deixa é que sexa unha comisión técnico-política provincial quen tome as decisións respecto a uns puntos nos que, eu persoalmente, estou de acordo; pero máis que a miña opinión, fará falta que persoas especializadas de todos os ámbitos podan dicir cales son realmente os mecanismos polos que hai que intentar avanzar. No fondo trátase de facer algo plural, pero que teña contido. Para ter contido, eu sinto discrepar no aspecto de que aquí teñamos cunha comisión interna na que, máis ou menos, se vai chamando a xentes doutros lugares, a avanzar moito; dubídoo sinceramente porque non me considero, nin considero, que teñamos aquí a capacidade para facelo, cando hai técnicos fantásticos na Universidade de Vigo, por exemplo, Julio Prada leva moito tempo traballando neste ámbito, unha persoa que non é sospeitosa de ter ningún tipo de afán partidista; senón que penso que traballa dende a obxectividade, como el moitas máis persoas. Eu penso que unha simple comisión deprecia isto, con total franqueza; isto non penso que nos dea ningún tipo de solución. En canto á redacción esa de instar concello, non instar concellos, o que é a competencia deste plenario, o que é a competencia doutros lugares. Vamos a ver, aos concellos hai que facerlle algo máis que recomendarlle, os concellos teñen que cumprir a lei e hai concellos que non a están cumprindo. Entón, se hai un rueiro que non pode manter unha serie de nomes, se hai unha simboloxía que non debe estar... en tantísimos sitios, que isto é común; por exemplo o tema da simboloxía eu penso que é universal e non só nesta provincia, hai unha deixamento que alguén terá que instar para que iso acabe. Recomendar? Claro que hai autonomía municipal, pero a autonomía municipal no está por riba das leis, en ningún caso; nin a municipal, nin a provincial como moi ben sabe, neste caso, o representante de Democracia Ourensana. É cumprir a lei e a

Lei de memoria histórica non se leva cumprido neste país por dous motivos, un económico, que tamén volve a estar aquí nas emendas que se formulan; vamos a ver, eu non creo que se teña ningún problema en eliminar, no segundo punto, dende o a) ata o d) se temos unha comisión político-técnica, se engadimos o último punto cunha dotación orzamentaria...vamos a falar de materializar as cousas de verdade. Por suposto, cando falaba do principio de parsimonia, que está moi ben e que se aplica a todas as ciencias; é dicir, avanzamos moitísimo máis na medida que sexa máis sinxela a formulación dos nosos postulados. Pois mire máis sinxelo que isto imposible: punto 1, punto 2 e orzamento, máis sinxelo que iso non hai; é bastante máis operativo que o que se formula aquí, sen intentar desprezar a ninguén. Entón, demos un paso, propoñamos unha cantidade económica, falemos dun compromiso dunha dotación económica. Neste país, se non saíu a Lei de memoria histórica para adiante, foi porque non houbo orzamentos; por iso digo que é vergoñento que teña que vir un sindicato da metalurxia norueguesa a facer cousas que teríamos que estar facendo neste país. Persoalmente, no concellos que estiven rexendo nós, con fondos propios, intentamos atopar, sen sorte, os restos do alcalde que foi asasinado e do seu compañeiro, en Beade, e non foi posible atopalos porque a testemuña oral, que foi a que nos guiou ata o lugar, fraqueou cos anos. Despois diso, non se pode e non hai recursos para continuar coa busca. Sen recursos non sae, sen vontade menos. A nosa vontade, e trasládolla a todos os membros desta sesión plenaria, é que nós eliminariamos do punto 2, sen ningún problema, dende o a) ata o f); deixamos a última parte: dotación orzamentaria, e o punto primeiro no que coincidimos ao 100%, porque é o noso, e non teríamos ningún problema en aprobar isto. Non necesitamos, de verdade, reunións de 10h, nin maratóns de discusións, para algo que é ben sinxelo de arranxar e que esta Deputación non é allea a elo. Hai concellos como o do Barco, Verín, como o mesmo Amoeiro, onde eu estiven, moi implicados con isto dende fai moito tempo; pero non chega. A labor desta Deputación é importante e por iso traemos esta moción aquí, que é o lugar de onde pode saír un acordo; sen necesidade de moitas máis reunións. Tres puntos moi sinxelos, non pedimos máis.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. O primeiro que vou a dicir é que que é pedise a todos os grupos retirar a moción da orde do día e debatela máis profundamente e pormenorizadamente, xa que tivemos onte acceso a esta emenda de substitución, é pola importancia en si da moción. Dende logo non se pode crear un precedente para facer isto, pero vendo a situación, vostede agora propón un acordo co grupo de goberno e Democracia Ourenzana; entendo que primeiro terían que falar entre eles e

non que o portavoz, neste caso César, tome unha decisión de 13 persoas que entendo non lle corresponden a el só. Polo tanto, eu quería explicar porque eu pedía a todos os grupo a retirada da moción da orde do día e traémola o vindeiro Pleno por unanimidade. Xa lle vou a dicir ao Grupo Socialista que eu vou a respectar a decisión que tome o seu grupo con respecto a este asunto porque me parece que esta moción non está fóra de lugar. Si me parece que achegaría moitísimos coñecementos a inclusión de especialistas na materia; vostedes inclínanse máis por un grupo de traballo pechado da propia comisión de cultura; aínda que non está reflectido nos acordos, si que é verdade que o voceiro do Grupo Popular xa dixo que se invitarían a estudos expertos na materia para que achegasen o seu gran de area. Eu entendo que esa comisión debería crearse, unha comisión especializada.... os políticos son o de menos, tamén o digo, somos importantes, pero máis importantes aínda son aquelas persoas que coñecen en profundidade a materia, falando de temas tan serios e podendo recuperar os corpos dos nosos bisavós ou avós que non sabemos onde están. Tamén recoñezo que me parece importantísimo a dotación orzamentaria, sen diñeiro non vamos a ningures. Polo tanto, eu quedo a expensas do que decida o grupo propoñente da moción. Nada máis e moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: neste caso quero agradecer que se tomen en conta as consideracións que se facían dende o BNG. Polo demais, tamén entendo que cando se presenta unha emenda de substitución (nós, de feito no concello non temos esa posibilidade, preséntanse emendas para engadir, para modificar), pero cando se presenta unha emenda de substitución dá a impresión que lle emendas totalmente a plana ao grupo propoñente e acaba por desvirtuarse o asunto de fondo. Polo tanto, respectamos tamén a decisión que tome o Partido Socialista como propoñente neste caso.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourenzana: efectivamente, o voceiro do Partido Socialista presenta, agora, neste acto unha serie de cuestións que poden supoñer unha modificación; evidentemente estas cuestións entendo que témolas que falar, é importante que se consensúen. En calquera caso, isto implicaría, non sei se dende o punto de vista regulamentario, a necesidade da retirada da moción, o que levaría implícita a retirada da emenda, ou buscar por riba da mesa o asunto e buscar un punto de encontro en común. En calquera caso, nós tamén, como non pode ser doutra maneira, temos que respectar o que faga propoñente, que é o seu dereito de manter a moción ou de retirala. De mantela, eu xa na miña primeira intervención entendía, aínda a risco de equivocarme, que o vehículo válido para levar a cabo estas proposta é o que se mantén na emenda. En calquera

caso, non me desagradaría que se puidera retirar a moción para traela, a través dun consenso, entre todos os grupos; absolutamente desexable en todo, pero especialmente neste tipo de materias tan sensible para a nosa comunidade e para a nosa sociedade.

D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular: moitas grazas, señor presidente. Eu creo que as posicións están claras. En primeiro lugar hai que sinalar que cando se opta polo vehículo dunha emenda de substitución, é un vehículo regulamentario e non significa unha emenda á totalidade, ou unha retirada de cal era a posición inicial, porque no propio debate se falou, hai transcripción literal de fragmentos da parte dispositiva da moción presentada polo Grupo Socialista. Se realmente se quixera facer unha retirada e substitución desta iniciativa por outra, non se farían esas transcripcións literais, por que? Porque entendemos que coincidimos en moitas cuestións, pero tampouco vamos a estar aquí debatendo eternamente sobre o punto de vista de cada un de como materializar este acordo. Estamos de acordo na esencia, nós entendemos que é por unha cuestión de lóxica, de pragmatismo e de viabilidade para poñernos a traballar xa de inmediato e empregar as ferramentas e os vehículos que xa temos creados. Cales son estas ferramentas e estes vehículos? Neste caso a Comisión de Cultura, Deportes e Mocidade, que é unha comisión xa creada, dentro da cal se pode establecer este grupo de traballo, no cal perfectamente pode haber comparecencia de persoas alleas á comisión que veñan achegar o seu punto de vista sobre esta cuestión para, posteriormente, elaborar informes e preparar propostas e ditames que sexan trasladados posteriormente ao pleno provincial e sexan aprobados para establecer na medida ou na visión xurídica que se vexa oportuno. Unha cuestión, a linguaxe é importante e, ás veces, os matices cando falamos destas cuestións estas cousas tamén son importantes; falábase de que claro que os concellos teñen que cumprir a lei, todos, todos os concellos e todas as administracións públicas e despois, evidentemente, hai unha administración que é a administración de xustiza encargada de velar polo cumprimento desa lei. Non ten capacidade ou potestade para velar polo cumprimento das leis, a cámara lexislativa, ou, neste caso un goberno provincial; senón que é a propia administración de xustiza. Pero evidentemente todas, todas as administracións públicas están baixo o mandato do principio de legalidade, esa é unha cuestión evidente e que nós temos totalmente clara. Xa digo, as posicións eu creo que están perfectamente definidas. Nós temos moi claro que a nosa postura e o que nós entendemos que é operativo é o texto que se recolle na emenda presentada –para iso se

presenta- e tendo iso presente non sei o grupo propoñente que decidirá facer con esta cuestión. Nada máis e moitas grazas.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas aos grupos, neste caso nomeadamente á representante de Ciudadanos e ao do BNG que, de verdade, a súa postura é unha satisfacción para o Grupo Socialista porque penso que, aínda que nun principio non coincidamos, as cousas son posibles mudalas e chegar a acordos. Con este mesmo espírito quero trasladarlle ao Grupo Popular que hai moitas maneiras de facelo; unha delas é, como di o representante de Democracia Ourensana, apartando a moción, levándoa e traéndoa outro día, pero penso que non é necesario. Non é necesario por varios motivos, primeiro, non nos separa gran cousa, só nos separa unha cousa fundamental de todas as que hai aquí, que é a dotación orzamentaria, que tampouco se di de canto, non estamos falando de poñer unha cantidade definida. Coincidindo practicamente no primeiro punto, porque basicamente é idéntico, e no segundo, substituíndo unha comisión interna por unha externa, eliminando todos os demais puntos; penso que no sería complexo chegar a un acordo hoxe mesmo. Non sei se existe como mecanismo nesta Deputación Provincial facer un receso, porque tampouco é tan complexo que falen entre si os representantes do goberno, neste caso Democracia Ourensana e o Partido Popular que se poñan de acordo entre eles e retomámolo nun momento, porque a decisión non é moito máis aló diso. Entón, cumprir a lei, pois claro que si (neste caso dígollo ao representante do Partido Popular), pero moitas veces cumprir a lei esixe recursos. Mire, nós, no noso concello, cando puxemos as placas sinalizadoras de simboloxía fascista; nós deseñamos esas placas, fixemos esas placas nun material que for abarato e despois desenvolvemos un *crowdfunding*, sacámolo polas redes sociais e cubrímolos a custe cero. Iso dá para unha vez, pero non dá para moito máis. E cando houbo que sufragar os gastos para buscar a persoas que foron enterradas de modo alleo ás familias e só por unha cousa, porque estorbaban a un réxime que quería acabar cos II República, noutros casos houbo delitos de odio, pero houbo outros que pola posición institucional que ocupaban era inmediatamente vítimas. Esas dúas persoas, o alcalde e un dos seus mellores amigos, ao seu mellor amigo, cando se dirixiron a el, díxéronlle que fora visitar unha casa de triste lembranza nese concello, el dixo: pois vou alá que eu non fixen nada; díxéronlle que non fora. Daba igual que non fixera nada, o que importaba era a posición que ocupaba. Como era a posición que ocupaba o alcalde e como moitas outras persoas que, simplemente pola posición que ocupaban, eran foco dunha liña de xenocidio perfectamente pensada cun único obxectivo: cambiar a estrutura de poder para acabar, nese caso, cunha

República que era co que non estaba de acordo ese réxime ditatorial que se imporía durante 40 anos neste país. Non é nada complexo chegar a un acordo. Non sei se existe ese mecanismo, señor secretario, de facer un receso e deixar ao Partido Popular e a Democracia Ourenzana que debatan durante un ratiño.

Sr. Presidente: o receso e a suspensión do Pleno pode facerse en calquera momento, depende da Presidencia. O que se propuxo durante o debate era se vostedes retiraban a súa moción. Entón, iso é o que está por ver na súa intervención. Se retiran a súa moción, entendo que a emenda do Partido Popular mantense, sempre e cando a moción do Grupo Socialista estea vixente.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: nós, alternativamente, o que estamos proponendo é que haxa un receso e que nese receso o Partido Popular diga se está disposto ou non, e Democracia Ourenzana, a aceptar unha modificación desta moción, na que se eliminan os puntos dende o a) ao f) que se din unha serie de aspectos concretos do apartado 2; deixando o g) que di: establecer unha dotación orzamentaria anual da Deputación, non di nada máis, non di de canto. E desa maneira que habería? O primeiro punto quedaría exactamente igual, nós asumimos perfectamente o de instar o goberno provincial aos municipios, sen ningún problema, nós asumímolo; home, o de democracia nós asumímolo, polo tanto iso modifícase sen problema. No punto 2 déixase o encabezado e o punto g). Se están de acordo?

O presidente decide suspender Pleno uns minutos para que os voceiros poidan tomar unha decisión ao respecto da proposta do deputado Rafael Rodríguez Villarino. Dá inicio de novo a sesión e sen ter acadado ningún acordo, sométese a votación a moción tal cal foi presentada polo Partido Socialista coa emenda *in voce* do BNG, e a emenda de substitución formulada polo Grupo Popular.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#).

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenzana (2), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista (coa emenda in voce que presentou o BNG), que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenseana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno da Deputación a seguir liderando, no ámbito institucional en Galicia, o compromiso coa defensa da Memoria Histórica e coa dignidade das vítimas da represión franquista e das súas familias. Un compromiso que a institución executa por convicción propia e que se ten manifestado a través de iniciativas como o buscador de represaliados, actividades como a exposición sobre a Literatura do Exilio en 2005 ou, máis recentemente, a exposición do cadro de Castelao “A Derradeira Leición do Mestre” ou o acordo plenario promovendo a institucionalización do Día da Galicia Mártir.

2º.- Instarlle ao goberno provincial a, respectando o principio de autonomía municipal, recomendarlles aos concellos da provincia que promovan a posta en valor daquelas zonas e edificacións dos seus municipios nas que houbo presos e/ou mortes a causa da represión franquista como lugares da memoria histórica mediante a colocación de placas conmemorativas que informen e lembren respecto do alí acontecido, instalando, asemade, placas cos nomes das persoas executadas, co obxecto de homenaxealas e deixar testemuño da súa defensa e loita pola liberdade durante a II República de España.

3º.- Crear, dentro do ámbito específico da Comisión de Cultura, Deportes e Mocidade da Deputación Provincial de Ourense, un grupo de traballo que permita levar a cabo un seguimento exhaustivo do cumprimento na provincia de Ourense da Lei 57/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura. Asemade, este grupo de traballo elaborará informes e fará propostas encamiñadas a dignificar a memoria esquecida e vituperada das vítimas, contribuíndo a xerar concordia e a previr a reaparición de autoritarismos que destrúan a democracia e a convivencia de persoas con lexítima diversidade de xeitos de pensar.

13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

14º .- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do

28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de setembro de 2019, e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2019.

Os membros da Corporación quedan informados.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Dª. Susana Rodríguez Estévez, do PSOE: bos días a todas e a todos, vou a repetir unha pregunta que xa se fixo con anterioridade, o 22 de xuño e o 26 de setembro, pero que aínda non obtivemos resposta. En calidade de que asiste ás reunións institucionais do concello de Ourense, en Madrid, Zaida María Alejos Garrido sendo asesora de proxectos estratéxicos e a canto ascende o custo de dita viaxe por quen foi sufragado dito custo?

Sr. Presidente: esa é unha pregunta que xa se respondeu por escrito en dúas ou tres ocasións.

Dª. Susana Rodríguez Estévez, do PSOE: pero na contestación non di nada.

Sr. Presidente: a contestación igual non satisfai ás súas formulacións, pero está respondida en dúas ocasións. A persoa que vostede nomea era daquela asesora de proxectos estratéxicos da Deputación de Ourense; vostedes deben saber que a presidencia do Padroado da UNED en Ourense corresponde a esta Deputación e foi unha reunión que tiña que ver coa UNED en Madrid, esa foi pola razón pola que foi. Con respecto ás outras cuestións, xa lle remitimos por parte de intervención a relación de gastos e de facturas dese desprazamento.

Dª. Susana Rodríguez Estévez, do PSOE: segue sen contestar.

Sr. Presidente: dígame que quere que lle conteste.

Dª. Susana Rodríguez Estévez, do PSOE: en calidade de que asiste ás reunións institucionais do Concello de Ourense e cal foi o custo.

Sr. Presidente: vólvolle a repetir, era asesora da Deputación de Ourense, era unha reunión en Madrid da UNED; a presidencia do Padroado da UNED é do presidente da Deputación de Ourense e o persoal eventual está para asistir a aquelas reunións que lle sinale, neste caso, a autoridade que a nomeou que neste caso é a Presidencia da Deputación.

Dª. Margarita Pérez Fernández, do PSOE: como sabemos todas e todos da importancia que ten a transparencia para esta Deputación en canto ao seu funcionamento, a nosa pregunta é por que hoxe non se trouxo a este plenario o informe sobre a execución da

sentenza 151/2017, do 2 de outubro, do Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense con relación ao proceso selectivo dos postos de traballo realizados no 2016.

Sr. Presidente: creo que porque non estaba na relación de asuntos para estar incluídos na orde do día desta sesión e que tivemos ocasión de repasar na Xunta de Portavoces. O señor secretario se quere facer algunha intervención relativa con este tema.

Sr. Secretario: foi na comisión. Non temos por costume dar conta en Pleno, senón na Comisión correspondente para non entorpecer o desenvolvemento dos Plenos.

D. Aurentino Alonso Araújo, do PSOE: nas vésperas das eleccións municipais de maio de 2019 e tamén hai uns días nunha xuntanza co presidente da Ruta do Viño de Valdeorras, o señor presidente prometeu unha sede comarcal da Deputación Provincial de Ourense na comarca de Valdeorras; a cuestión é a seguinte, en que localidade da comarca se vai instalar esa sede provincial? Que dotación de persoal vai a ter? E cales van a ser as súas funcións?

Sr. Presidente: como sabe, iso forma parte dunha das medidas do Plan 79-73 que establece hora, día, mes e ano de implantación de cada unha delas; non toca neste momento, estamos na fase de avaliación da localidade e das cuestións que leva aparellada a dotación de persoal, medios económicos, etc... Esta semana, como ben recorda, tiven ocasión de reunirme co presidente da Ruta do Viño de Valdeorras e falamos deste tema.

D. Rafael Rodríguez Villarino, do PSOE: non sei se é coñecedor vostede deste *tweet* que lle vou a ler e é para ver se vostede está de acordo con el ou non. Di: *esta ultraizquierdista millonaria Ana Pardo de Vera que insulta a nuestra policía en la televisión del 3% no fue colocada como presidenta de RTVE porque su hermana Isabel* (refírese a Isabel Pardo de Vera, a presidenta de ADIF) *ya estaba trincando en ADIF*. Este é un *tweet* de VOX que o *retweetea* o señor Pablo Pérez; entón eu lle pregunto se vostede comparte a idea de que a presidenta de Adif *trinca* fondos públicos desa mesma entidade estatal.

Sr. Presidente: eu teño por norma responder a preguntas serias. É seria? Entón a resposta é igual de seria e é dicir que non respondo a esa pregunta.

D. Rafael Rodríguez Villarino, do PSOE: está ben sabelo. A pregunta mire se é seria que voulle dicir algo. Que se lle chame a unha presidenta dunha institución pública algo como *trincar*, non sei se sabe cal é o significado, pero ten dous...

Sr. Presidente: isto son rogos e preguntas ao señor presidente, non do que se publique non sei onde.

D. Rafael Rodríguez Villarino, do PSOE: a pregunta era se *trincar*, que é roubar, dito por un representante desta institución, do seu mesmo partido político.

Sr. Presidente: o único que pronunciou a palabra *trincar* aquí foi vostede.

D. Rafael Rodríguez Villarino, do PSOE: non, *trincar* pono aquí, non me atribúa a min as palabras doutro. A pregunta é se vostede comparte esta posición ou non a comparte.

Sr. Presidente: eu dígolle que só respondo a preguntas serias e que teñen que ver co funcionamento desta institución. O debate non é ese. O debate e se vostede considera serio facer a pregunta que acaba de facer.

D. Rafael Rodríguez Villarino, do PSOE: si, moi serio porque unha persoa con esta resposta non debería estar sentado nesta cadeira, nesta cadeira de aquí⁴ e na súa ao mellor tampouco porque se vostede o ampara, tampouco. Entón, non é posible que unha persoa que sostén publicamente opcións de VOX onde lle chama ladroa e estafadora a unha representante dun goberno, que esa representante foi nomeada no seu día por Ana Pastor (membro do seu mesmo grupo político) e despois o Partido Socialista mantívoo no seu posto; se iso non lle parece grave, que lle chame alguén que está aquí sentado (sinala ao deputado Pablo Pérez), que diga que iso non ten para vostede ningunha relevancia, pois mire...

Sr. Presidente: eu non dixen nada diso, señor Villarino. escoite que, ao mellor, sentoulle mal o receso do Pleno. Digo que non é unha pregunta seria porque as preguntas e rogos ao presidente da Deputación son sobre o funcionamento da institución.

D. Rafael Rodríguez Villarino, do PSOE: mire, vostede decide o que é serio e eu tamén e se para vostede isto non é serio, de verdade, temos puntos de vista ben diferentes sobre o que é a política.

Sr. Presidente: iso sábeo todo o mundo. Algunha pregunta ou algún rogo máis?

D. José Ignacio Gómez Pérez, do PSOE: un rogo porque estamos falando da seriedade que o señor presidente atribúe aos demais por facer preguntas ou facer rogos. Eu si que quero facer un rogo porque si que ten que ver con esta casa, aínda que sexa de forma indirecta. Hai aquí un grupo que, falando de *trincar*, si se arrogou antes de que todas esas persoas foran condenadas, estivo todos estes anos falando de trincar e de cousas moito peores; refírome, neste caso, a Democracia Ourense, tamén coa connivencia do Partido Popular. Digo isto porque acaba de saír unha noticia que considero importante e que quero que conste

⁴ Referíndose ao deputado Pablo Pérez do Partido Popular

na propia acta do Pleno: *absueltos el ex alcalde Rodríguez y tres ex ediles de Orense por las asistencias técnicas. Só leo unha última parte para que tamén conste en acta: es otra causa más contra los miembros del gobierno progresista que termina en absolución o archivo.* Isto dígoo para que conste en acta e en favor dos meus compañeiros e dos compañeiros do BNG que foron amplamente denostados por algún grupo que está aquí sentado. Moitas grazas.

E, ás 15.30 horas do citado día 25 de outubro de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.